



CONCEPCIÓN ARENAL

A muller do porvir



A muller do porvir

Título orixinal

La mujer del porvenir por Doña Concepción Arenal

Artículos sobre las conferencias dominicales para la educación de la mujer, celebradas en el Paraninfo de la Universidad de Madrid
Sevilla, Eduardo Perié; Madrid, Félix Perié, 1869

© do limiar

María Dolores Ramos

© da tradución

María Alonso Seisdedos

© desta edición

Consello da Cultura Galega, 2020

Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro

15705 Santiago de Compostela

T 981 957 202 Fax 981 957 205

correo@consellodacultura.gal

www.consellodacultura.gal

Imaxe da cuberta

Do libro de Francisco Mañach Couceiro (1907): *Concepción Arenal. La mujer más grande del siglo XIX*, Bos Aires, s.n.

Proxecto gráfico

Imago Mundi Deseño

Maquetación e impresión

Lugami Artes Gráficas

Depósito legal: C 409-2020

ISBN 978-84-17802-12-7

Esta publicación editouse con motivo da conmemoración do segundo centenario do nacemento de Concepción Arenal

CONCEPCIÓN ARENAL

A muller do porvir



(a t)

autores & textos

Presentación

Non pretendo persuadirte nin convencerte;
toda a miña ambición límitase a que tras concluíres estas páxinas,
dubides e digas, primeiro para ti e despois para os outros:
«Non terá razón esta muller en algo do que di?»

CONCEPCIÓN ARENAL, Ao lector

Poñemos nas vosas mans esta nova edición de *A muller do porvir*, de dona Concepción Arenal Ponte, que vén a lume con ocasión da conmemoración do segundo centenario do seu nacemento (Ferrol, 31 de xaneiro de 1820), enmarcada no ronsel de actos que o Consello da Cultura Galega, e a sociedade galega no seu conxunto, dedicará neste ano a lembrar e honrar a figura extraordinaria desta galega universal.

Volvemos a editala cando se acaba de cumprir o sesquicentenario da primeira edición (Madrid 1869), que é a que seguimos, na convicción de que se trata non só dunha obra de alto valor intrínseco e importancia histórica incuestionable, de coñecemento necesario para comprender e facer xustiza ao pensamento e labor de Concepción Arenal no seu tempo, senón tamén dunha obra plenamente vixente que contribúe a desmontar ese discurso contradictorio, nas leis e nos costumes, que privou e priva as mulleres de viviren en plenitude, desenvolvendo as súas capacidades, aspiracións e responsabilidades en condicións de igualdade coa outra metade da humanidade.

A obra con que nos unimos a esta pública homenaxe ten un valor engadido, porque reúne a crónica das «Conferencias dominicales» celebradas na Universidade de Madrid para a educación da muller —«un traballo de preparación indispensable e como o labor que se fai antes de botar o gran», di ela— e as «Cartas aos delinquentes», destinadas a instruír acerca das nocións máis básicas que fundamentan o dereito, en especial o dereito penal. Sempre o mesmo albo: instrución, educación, cultura. *A muller do porvir* mostra por iso tanto a excelen-

cia do pensamento da intelectual comprometida, que desde a letra impresa é quen de repercutir nas leis, opinións e costumes, dentro e fóra das nosas fronteiras, canto a súa aposta pola intervención social para educar en dereito e dereitos. Porque a instrución e a cultura son a base da verdadeira liberdade, da xustiza social e da muller do porvir.

Ofrecémosvola traducida ao galego, en versión de María Alonso Seisdedos, a quen agradecemos o primoroso coidado con que realizou o seu labor. Vai precedida dun estudo preliminar, a modo de prólogo, debido a María Dolores Ramos, voz autorizada que tanto e tan ben ten contribuído a desvelar a historia das mulleres, historia en feminino e en plural, donas con biografía propia escurcida impunemente, tecedoras de cidadanía.

Rosario Álvarez

Presidenta do Consello da Cultura Galega

autores & textos

Índice

6 PRESENTACIÓN

Rosario Álvarez

12 LIMIAR

Concepción Arenal diseña o futuro: humanismo, reformismo social
e feminismo no século XIX

María Dolores Ramos

33 *A MULLER DO PORVIR*

Concepción Arenal

Limiar

María Dolores Ramos
Universidad de Málaga

CONCEPCIÓN ARENAL DESEÑA O FUTURO: HUMANISMO, REFORMISMO SOCIAL E FEMINISMO NO SÉCULO XIX

«En canto aos privilexios do sexo, renuncio solemnemente a eles, porque notei que custan máis do que valen».

CONCEPCIÓN ARENAL

Mulleres e homes de sucesivas xeracións procuraron no pasado as pegadas das que as precederon. Unha iniciativa necesaria, sobre todo se se quere rescatar, co concurso da historia e os fíos da memoria, a traxectoria vital, intelectual e política das mulleres. A recuperación das súas ideas e experiencias ten un sentido político e intelectual innegable, amosa os elos da cadea xenealóxica establecida entre elas, fai visible as súas tradicións, aprendizaxes e estratexias, ao tempo que convida a recuperar ou refacer as súas biografías. Precisamente un dos trazos máis significativos da traxectoria social, intelectual e moral de Concepción Arenal Posse (Ferrol, 1820-Vigo, 1893), de cuxo nacemento se fan agora dous séculos, foi a súa capacidade para estender ao sexo feminino os significados do «ben social» representado pola masculinidade —referida aos varóns heterosexuais de clase alta, raza branca e pais de familia— e facer visible un «ben social» descoñecido, representado polas ideas, emocións, voces de autoridade e actividades femininas, que permaneceran marxinadas durante séculos da memoria colectiva.

A historia das mulleres construíu numerosos rexistros sobre as pioneiras do feminismo español, orientado no último terzo do século XIX, dende diferentes culturas políticas, á consecución de dereitos sociais e civís. Non foi un feito fortuíto que o liberalismo postulase a autonomía individual, negase as redes de privilexio como cousa do pasado e, porén, desprazase as mulleres cara ás marxes dos espazos públicos. A diferenza sexual tivo implicacións visibles na orde política, social e moral, como se verá máis adiante. A articulación do goberno da cidade e o goberno da familia foi problemática para as mulleres e amedrentou os varóns, que xustificaron a exclusión do sexo feminino da cidadanía por razóns

«naturais». Estas ideas foron recompóndose a medida que avanzaba o século XIX, debido á extensión do ideario democrático-republicano e á difusión das doutrinas obreiras por parte dalgunhas pioneiras que legaron os seus discursos e prácticas socioculturais ás mulleres das seguintes xeracións. Así, certas tradicións ilustradas pasaron de Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán ás librepensadoras Rosario de Acuña, Ángeles López de Ayala, Carmen de Burgos e as irmás Amalia e Ana Carvia Bernal, que, pola súa vez, legaron boa parte das súas ideas, remodeladas, ás republicanas Victoria Kent, Clara Campoamor e Magda Donato, por citar algúns nomes. En ámbitos anarquistas, Soledad Gustavo e Teresa Claramunt inspiraron a Federica Montseny, primeira ministra de Sanidade e Asuntos Sociais do Estado español, e a Lucía Sánchez Saornil, Amparo Poch Gascón e Mercedes Comaposada, fundadoras da organización anarcofeminista Mujeres Libres. Tamén María Cambrils, Margarita Nelken, Dolores Ibárruri e tantas outras mulleres socialistas e comunistas estableceron mediacións entre o presente que lles tocou vivir e o pasado construído polas súas antecesoras: Virginia González, Clara Zetkin, Alexandra Kollontai e Rosa Luxemburgo, entre outras.

Nesta cadea, a traxectoria biográfica de Concepción Arenal caracterízase pola fonda repercusión do seu pensamento e as súas actuacións no mundo ibérico e en varios países europeos, especialmente en Francia e Bélxica. Dende moi nova, puxo a súa tenacidade, sentido do deber e xuízo crítico ao servizo das ideas progresistas, humanistas e igualitarias, feito que ía facilitar a súa colaboración con persoas e colectivos que percibiran, coma ela, a necesidade de prestar atención á cuestión social, ao sistema penitenciario, á educación e á emancipación dos que estaban en situación de escravitude, dependencia ou desigualdade pola súa condición social e sexual, pola súa raza, a súa etnia ou a súa clase.

Nacida en Ferrol pouco antes de que Fernando VII protagonizase a súa efémera viraxe política cara ao constitucionalismo en 1820, foi a primeira filla de Ángel Arenal Cuesta, militar cántabro comprometido coa causa liberal, e Concepción Posse Ferreiro, muller de fondas conviccións relixiosas procedente dunha familia galega fidalga. Axiña o fogar da parella se ampliaría coa chegada doutras dúas nenas que, inmersas nos seus xogos, non imaxinaban que a débil saúde do seu pai, minada polas persecucións políticas, fuxidas, encarceramentos e outras penalidades, pairaba como unha sombra sobre elas. O falecemento de Ángel Arenal, sucedido en 1829, deixará as súas fillas orfas demasiado cedo, e a

súa viúva, sumida nun mar de dúbidas. A solución ás tribulacións familiares chegou, en certa medida, co traslado á casa familiar da avoa paterna na comarca de Liébana. Alí a anciá seguidora da causa liberal foi tecendo, entre faladoiros e confidencias, fortes lazos afectivos coa súa neta maior. Afeccionada á lectura, a nena aprende filosofía, literatura e ciencias en libros —entre os que se contan *El Quijote* e vellos tratados de Leis— rescatados dos cofres domésticos. Quere semellarse ao seu pai, o heroe co que soña acotío, e confésalle á avoa a súa intención de estudar Dereito. Tanto lle ten que as leis lles impidan ás mulleres o acceso á universidade e o exercicio da avogacía. Interésase tamén pola causa da liberdade e a xustiza, amosando durante os cinco anos que permanecerá na montaña algúns nós de resistencia que ían reaparecer en repetidas ocasións ao longo da súa vida. Xa amosara esas capacidades con motivo da morte dunha das súas irmás na aldea de Armaño, onde vivían, cando, sen prestar atención ao seu propio desconsolo, intentou mitigar a dor da súa nai de mil xeitos pero sen obedecer a máis importante das súas indicacións. Por nada do mundo estaba disposta Concepción a abandonar «o veneno das letras de molde», que, a xuízo da súa proxenitora, fora a causa das «descarreiradas» ideas de Ángel Arenal, o pai das súas fillas (Martín 1962).

A amnistía concedida aos liberais en 1832 tras os frustrados intentos dos partidarios de Carlos María Isidro, irmán do rei, de anular a Pragmática Sanción que permitiría reinar a Isabel II, o pasamento de Fernando VII e o regreso de miles de exiliados políticos puxeron fin ao absolutismo e alumearon a Rexencia e a primeira guerra carlista. Con este escenario político de fondo, produciuse o traslado a Madrid de Concepción Posse e as súas fillas, auspiciado polos condes de Vigo, tíos das rapazas. Na capital, as dúas irmás ingresan, en compañía das súas curmáns, nun colexio de señoritas, onde aprenderán normas de cortesía, costura, calceta, historia sagrada, algo de debuxo e inicios de francés. Todo a escala minúscula, raquítica, sen máis pretensión que cazar un bo marido. «Deberíños», «pequeneces», «debuxiños», «cousiñas», comentaría con singular ironía outra galega ilustre, Emilia Pardo Bazán (1851-1921), ao axuizar a finais do século XIX os estragos da educación de adorno (Pardo Bazán 1999). Aínda que Concepción se adapta en pouco tempo ás pautas culturais das rapazas da súa clase, segue as súas modas e peiteados, aprende xogos de salón, recita versos e segue con atención as pezas de música executadas ao piano durante os faladoiros

familiares, a súa mente está noutra parte. Atorda as súas mestras con razoamentos e preguntas, moitas das cales quedarán sen resposta. Non é estraño que acabe presentando á súa nai a decisión de abandonar o colexio por considerar que a formación que recibe non serve para nada, é —coméntalle— unha absoluta perda de tempo.

A súa determinación provoca un serio enfrontamento entre elas, paliado, en parte, por unha circunstancia familiar grave: a avoa paterna, á que Concepción se atopa tan unida, está moi enferma. A súa neta decide acudir ao seu carón. Viaxa soa, en dilixencia, a Potes e dende alí trasládase ao lombo dunha cabalaría ata Armaño. Esta vez a cotiá alegría do reencontro quedará eclipsada pola preocupación da rapaza e a melancolía da anciá. É a cerimonia do adeus. Cando Concepción regrese a Madrid, levará consigo a dor provocada pola perda e gardará na memoria as últimas conversas, as mostras de cariño que intercambiaran e as atencións que lle dera a súa avoa. Atencións propias da «ética do coidado», vinculada ás mulleres e aos bos sentimentos. Aínda non sabe que pasados uns anos trasladará esas «atencións» ao espazo público, á sociedade civil e aos programas reformistas do Estado liberal en construción. Un ámbito masculino por definición ata que algunhas pioneiras, a condesa de Espoz y Mina, Micaela Demasières e ela mesma, entre outras, se abran camiño nese espazo, postulando a necesidade de vincular a «ética do coidado» e a «ética da xustiza»¹.

Concepción Arenal ía experimentar, como toda adolescente, vivencias sentimentais descoñecidas e intensas. Segundo algúns dos seus biógrafos, mantivo unha relación amorosa, a primeira quizais, cun parente seu, o liberal Manuel de la Cuesta y Cossío, reitor da Universidad de Valladolid e político de mediana relevancia, un viúvo maior ca ela. María Campo Alange (1973) e María José Lacalzada (1994a) sosteñen, en troques, que ambos os dous compartiron unha «intensa amizade intelectual» enlazada de confidencias. Neste sentido, a corres-

¹ A relación das mulleres coa esfera pública, a súa exclusión/inclusión na cidadanía e o estudo dos mecanismos que contribúen a construír o Estado-Nación son liñas de traballo sobre as cales hai que continuar a traballar. O pensamento maternal, defendido pola feminista sueca Ellen Key tras a morte de Concepción Arenal, resalta a importancia dos valores implícitos na ética do coidado (xenerosidade, pluriactividade, capacidade de mediación) e a necesidade de proxectalos na esfera pública. Argumentación que Jean Elstain desenvolvería despois redefinindo a política a partir desas calidades e reclamando a súa aplicación no Estado do Benestar (Ramos 2012: 20 e 24).

pondencia cruzada entre eles non só desprende vivos sentimentos, senón que pon de relevo a contención da rapaza, a súa predisposición á réplica, a forza dos seus argumentos e, sobre todo, o seu desexo de ser valorada no terreo das ideas (Lacalzada 1994a: 43). Actitudes pouco frecuentes nunha rapaza do seu tempo. O amor, de existir, acabaría por se diluír. Con decepción sentimental ou sen ela, a elección do académico ía desprazarse noutra dirección. Agardábano os brazos de Antonia Arenal, irmá de Concepción, coa que contraerá matrimonio.

A ruleta da vida deparaba outra sorte á nosa protagonista. En 1841, o inesperado pasamento da súa nai é un suceso lutuoso que, contra todo o prognóstico, lle proporcionará ás —recortadas ás debido aos límites políticos, xurídicos, educativos e de todo o tipo que sufrían as mulleres— para se independizar. O legado recibido da súa avoa, a casa grande e as terras do morgado de Armaño, non só será unha fonte de ingresos para alcanzar o seu obxectivo, senón unha importante baza de lexitimidade ao seu favor. As rendas ou os froitos dun traballo remunerado —mestra, institutriz, puericultora, enfermeira, señorita de compañía, entre outros oficios pensados para as mulleres— eran a condición necesaria, como sinalara Mary Wollstonecraft en *Vindicación dos derechos da mujer* (1792), para que as mulleres se sentisen máis libres e gozasen de certa autonomía persoal². Algo que resaltaría tamén Virginia Woolf século e medio máis tarde, mentres a esfera pública se poboaba de *garçonnes* e novos costumes nos tolos e politizados anos vinte e trinta (Ramos 2014). A lectura das súas obras *Una habitación propia* (1929) e *Tres guineas* (1938), dous textos clásicos do feminismo europeo, reflicte que as realidades históricas e os roles de xénero están construídos, entre outros aspectos, pola linguaxe falada, escrita e xestual, que adquire un carácter mediador, constitutivo das experiencias sociais (Ramos e Ortega 2019a).

Concepción Arenal, liberada de tutelas, oposta a calquera forma de galanteo e vestida de home: pelo curto, levita, capa e sombreiro, transmútase nunha personaxe andróxina, ambigua, misteriosa para uns, solitaria para outros, bastante excéntrica para a maioría. Ela é o mozo que asiste a diario durante o período 1842-1846 ás clases de Dereito impartidas nas aulas da Universidad Central de

² Mary Wollstonecraft insiste na importancia da autonomía feminina, que basea na educación e a independencia económica. A cuestión do voto non alcanzará auxe no feminismo anglosaxón ata ben entrado o século XIX (Wollstonecraft 1994: 66).

Madrid. Co seu disfrace romperá os estereotipos de sexo-xénero e o modelo normativo de feminidade que marxina as mulleres dos espazos públicos e as alianzas sociopolíticas. Presumiblemente foi nas aulas universitarias onde coñeceu a Fernando García Carrasco (1805-1857), quince anos maior ca ela, un liberal de ideas avanzadas, como Ángel Arenal Cuesta, a admirada figura paterna que inspira a estudante de Leis. A parella conxenia deseguida. Conversan, pasean e empréstanse libros. El foxe dos rituais sociais protagonizados polas mozas de clase media e alta, rexeita as súas conversas banais, os seus sorrisos forzados mentres bailan un rigodón ou calquera outra danza —arte en que a raíña Isabel II era unha verdadeira experta—, detesta as súas clases de canto e piano ensaiadas de cara á galería ou a súa capacidade para fiar con éxito algunhas frases en francés. Non quere seducir nin ser seducido con frivolidades. Busca unha igual no marco da complementariedade sexual e séntese atraído pola universitaria. Sabe que baixo as súas roupas masculinas se agocha un corpo feminino novo, admira a branca pel do seu rostro e a mirada intelixente, clara, limpa, azulada, que asoma baixo o sombreiro. Intúe que vai compartir ideas e discrepar sobre innumerables temas con esta muller. A ela ocórrelle outro tanto. Dispón xa do sentido de equidade que desenvolverá en anos vindeiros, séntese libre e non quere renunciar ao que tan custosamente conseguiu opóndose ás convencións sociais divulgadas en textos educativos, catecismos, manuais de conduta, novelas, códigos lexislativos e revistas como *El Hogar y la Moda*. Aínda sendo nova, entendeu que a autoridade, a forza, a coraxe e o heroísmo —valores defendidos polo liberalismo— son categorías abstractas asociadas á orde burguesa. Mantén, así llo fai saber a Fernando, que a liberdade, a igualdade, a fraternidade, a xustiza e o progreso deben formar parte da moral pública nunha sociedade onde as diferenzas se consideran naturais e complementarias: riqueza e pobreza; autonomía e dependencia; liberdade e submisión; razón e sentimento; política e familia; masculinidade e feminidade; esfera pública e privada.

Busca un igual na diferenza. Por isto asiste a cenáculos políticos e intelectuais onde a presenza feminina é practicamente inexistente e frecuente os faladoiros do café Iris sen renunciar ao seu disfrace, feito que provoca o sorriso compracente, e mesmo a mirada orgullosa do seu acompañante, que parece gozar coa provocación. En pouco tempo, a parella pasa da amizade a un noivado baseado no amor, a razón e a camaradaría, trazos moi pouco convencionais no marco dos

roles sexuais e as relacións sociais de xénero da época. Pero non renuncian, posiblemente por un imperativo de clase, á cerimonia de pedida de man, que tivo lugar en 1846 nos salóns dos condes de Vigo durante unha recepción familiar na que a noiva luciría fermosas galas de muller. O matrimonio celébrase en 1848, ano marcado por algúns acontecementos que non serán de todo alleos ás ideas e aos proxectos dos que acaban de casar: os frustrados alzamentos dos sectores progresistas aos que se senten próximos; o estalido revolucionario coñecido como a «Primavera dos Pobos» en Francia e outros países europeos; a Declaración de Sentimentos de Seneca Falls, orixe do feminismo liberal norteamericano, que tan fonda impresión causaría na nosa autora, como se aprecia nas páxinas de *A muller do porvir*; os avances do movemento abolicionista, cos seus matices de clase, raza e xénero; a traxectoria do socialismo utópico, liderado ata 1843 por Flora Tristán, pioneira do feminismo obreiro; a publicación, en fin, do *Manifiesto comunista* de Marx e Engels, «fantasma» que comezaba a percorrer o mundo suscitando fortes controversias en todas as partes.

Axiña a actividade de Concepción Arenal se verá limitada coa chegada de tres fillos, unha nena e dous nenos, nados nun curto período de tempo (1849, 1850 e 1852), feito acorde coas pautas culturais e demográficas da época. Os plurais significados da maternidade déixanse sentir entón na súa vida. Restrinxe as súas saídas á esfera pública, abandona as roupas masculinas e aprende a compaxinar as tarefas do coidado da súa prole coas horas roubadas ao día ou á noite para escribir as súas primeiras obras. Comproba que a complementariedade sexual, a pesar da pregoada igualdade entre os cónxuxes, implica o exercicio de roles e responsabilidades diferentes. Experimenta, en fin, os gozos e as sombras do amor materno mentres elabora as súas teorías sobre a «ética do coidado» e aprecia na propia pel o custo das virtudes «femininas». Entre renuncias e sacrificios redacta as súas *Fábulas en verso*, obra dedicada ao seu pai, e *Dios y libertad*, que permanecerá sen publicar en vida da autora, quizais porque na súas páxinas subxace un cristianismo racionalista, crítico, afastado do canónico³.

³ A relixiosidade de Concepción Arenal está tinguida de humanismo. O seu pensamento inscríbese no marco dunha tendencia racionalista que constrúe pontes entre as correntes laicistas e os principios universais comúns ás diferentes relixións: a perfectibilidade, as relacións harmónicas e a autonomía persoal. Dende esta perspectiva, a escritora mantén que a moral debe estar en consonancia coa natureza e a razón (Lacalzada 1994b: 17-18). Véxase *Dios y libertad* (Arenal 1996, edición de Lacalzada).

A relación de camaradaría entre os esposos, as súas aspiracións reformistas, mesmo os artigos de temática modernizadora (industrialización, inventos científicos, nova maquinaria, exposicións universais) que publican —ela de forma anónima ata 1857⁴— no xornal progresista *La Iberia* lembran a traxectoria vital, política e ideolóxica doutras parellas coetáneas. En concreto, a dos mestres cuáqueros Lucrecia Colfin Mott (1793-1880) e James Mott (1788-1868), cuxo fogar en Filadelfia, animado pola presenza de catro fillas e dous fillos, foi o centro do movemento abolicionista e da loita polos dereitos das mulleres; a do matrimonio constituído pola escritora Elizabeth Cady Stanton (1815-1902) e o avogado Henry Brewster Stanton (1805-1887), implicados en campañas antiescravistas, feministas e de temperanza (eliminación da prostitución, o alcohol, o xogo e outros costumes considerados pouco edificantes), sen que a crianza de cinco fillos e dúas fillas representase un serio obstáculo para o seu activismo; a formada polos filósofos John Stuart Mill (1806-1873) e Harriet Taylor Mill (1807-1858), cuxas ideas sobre a emancipación feminina, vinculadas a proxectos de orde social e moral, se plasmaron no libro *A escravitude da muller*, escrito por ambos os dous e publicado polo pensador tras o falecemento da súa esposa. Algo que truncou a vida emocional de Stuart Mill pero non os seus proxectos intelectuais⁵. Este texto, concluído en 1861 e publicado en 1869, cuestiona, dende as formulacións do liberalismo radical, o sentido que se daba ao doméstico, as características que debían adornar unha «boa muller» e, sobre todo, o modelo ideal de feminidade construído pola orde burguesa, que postulaba a necesaria presenza das «anxas do fogar» na esfera privada. Obviamente, numerosos discursos, entre eles os da propia Arenal, tratarán estas cuestións durante boa parte do século XIX. A cultura política liberal definira o ámbito privado a partir das funcións reprodutivas —biolóxicas, materiais e sociais— das mulleres, constituíndo este feito a condición necesaria para que os homes puidesen acceder á esfera pública e triunfar nela. A figura da esposa quedou ligada ás funcións da ama de

⁴ A Lei de imprenta do 15 de abril de 1857 dispoñía que todos os artigos escritos sobre política, filosofía ou relixión estivesen asinados co nome dos seus autores (Arenal 1993: 10).

⁵ A xuízo de Neus Campillo, a relación de Harriet Taylor e John Stuart Mill pode definirse como unha «paixón correspondida» no terreo dos sentimentos e as ideas. Mill comentou na súa *Autobiografía* que a produción conxunta foi froito da «fusión de dúas mentes» (Stuart Mill, John / Harriet Taylor Mill 2001: 31).

casa, que debía «crear» un fogar acorde co prototipo de muller virtuosa: nai, irmá, compañeira, filla do varón. Este microcosmos sustentábase tamén nunha peza discursiva complementaria: o ideal do cabaleiro, que xustificaba a actitude protectora e galante dos maridos de clase alta e media cara ás súas esposas (Ramos 2004).

A pesar da compenetración sentimental e ideolóxica do matrimonio García-Arenal, a súa vida non foi un camiño de rosas. Axiña compartiron a dor causada pola morte da súa primeira filla e sufriron persecucións polas súas ideas políticas. Os dous sabían que o concepto de orde pública estaba estreitamente unido na década 1844-1854 a «unha moderada forma de vida» baseada na defensa da propiedade, o reforzamento das xerarquías, a reforma da Administración, o entendemento coa Igrexa e o remozamento relixiosa da moral sexual, que se aplicaba cunha dupla vara de medir a mulleres e homes. Estes obxectivos reforzáronse coa creación de institucións de control social como a Garda Civil en 1844 e o Código Penal en 1848, postos ao servizo dun concepto de gobernabilidade e de xustiza rexido polos intereses políticos e económicos das elites. Debido á súa implicación no frustrado movemento progresista desenvolvido en Madrid en plena onda revolucionaria europea, Fernando e Concepción decidiron refuxiarse na casa grande de Armaño, onde, afastados do mundanal ruído, viviron os momentos de maior perigo. Despois, sen abandonaren a clandestinidade, trasladáronse a Oviedo coa pretensión de restableceren os contactos políticos. Alí a saúde de Fernando, cuxa traxectoria vital se asemella cada vez máis á de Ángel Arenal, comeza a resentirse. En 1851, cando as cousas se estabilizan, a parella regresa a Madrid. O xornalista volve publicar os seus artigos en *La Iberia* e Concepción afronta un novo embarazo.

Pero a tregua non será demasiado longa. Fernando García Carrasco padece tuberculose, un dos grandes males do século XIX. Aínda con coidados médicos, coas cariñosas atencións da súa esposa e a fortaleza interior do enfermo, a súa doenza agrávase paulatinamente. Se algunha vez soñara coa idea de envellecer xunto a Concepción, esa aspiración truncouse para sempre o 10 de xaneiro de 1857. A moza viúva, afundida e coa saúde debilitada, trasládase cos seus fillos primeiro a La Isla (Asturias) e despois á comarca santanderina do Pas. Os aldeáns vena como unha muller rara, ataviada con «negras batas de monxa de mundo», meditabunda, recluída no seu fogar —agás cando ía de visita a Armaño—,

pendente dos seus fillos e das tarefas domésticas durante o día e entregada á lectura de noite, segundo o testemuño dos veciños máis próximos, que perciben a luz dunha lámpada acesa ata o amencer. Indiferente aos comentarios que suscitan os seus costumes, a muller de negro confía na forza rexeneradora da natureza, o poder do aire purificador e a enerxía que desprenden os ríos e os cumes para recuperarse. Unha das súas herdeiras intelectuais, a escritora republicana, librepensadora e feminista Rosario de Acuña (1851-1923), seguiría unhas décadas máis tarde os seus pasos por terras santanderinas e asturianas, e acabaría os seus días nunha illada casa fronte ao mar, «La Providencia», próxima a Xixón (Hernández Sandoica 2012: 320-321).

Potes era a mediados do século XIX unha pequena vila con algunhas casas grandes do século XVII presididas por unha construción medieval, a Torre do Infantado. Concepción Arenal aluga neste lugar unha casa presidida por un gran balcón ou solaina ao novo compositor e violinista Jesús de Monasterio, amigo da súa familia, co que inicia un ciclo de novas ideas e experiencias. Xuntos crean cancións ás que el pon música e ela letra, comparten dós familiares⁶ e atopan ou cren atopar «a pegada de Deus no sufrimento humano» (Lacalzada 1994a: 88). Non se trata dunha vía espiritual apegada á ortodoxia, ríxida e timorata, senón dunha opción que denota a necesidade de construír unha nova orde moral e atopar solucións á cuestión social a partir da beneficencia, a filantropía e a caridade, tema sobre o que Concepción Arenal acabou redactando o libro que a faría famosa como escritora. A vida na montaña alonga as horas e permite combinar a lectura e a escritura con outras actividades. Consciente diso, Jesús de Monasterio decidiu fundar a sección masculina da Conferencia de san Vicente de Paúl, orde relixiosa de orixe francesa. A súa boa amiga, disposta a seguir ese exemplo, implícase na organización da Conferencia de Señoras, na mesma orde, e convoca o seu aliado, as afiliadas e futuras afiliadas cun saúdo pouco convencional pero enormemente significativo: «Saúde e Fraternidade». Este xesto, a xuízo dos seus detractores, anunciaba xa a influencia dalgunhas «amizades perigosas» chegadas

⁶ Monasterio acababa de enterrar unha sobriña nacida con escasas probabilidades de sobrevivir (Martín 1994). Estas experiencias individuais relacionadas con persoas e horizontes perdidos potenciáronse a mediados do século XIX no marco da subxectividade romántica, e deixaron pegadas significativas na biografía individual e a memoria colectiva.

ou por chegar: Juana María de Vega —condesa de Espoz y Mina—, Salustiano de Olózaga, Fermín Caballero, Fernando de Castro e Gumersindo de Azcárate, entre outros políticos e pensadores vinculados a círculos racionalistas entrecruzados: librepensadores, krausistas, masóns, agnósticos, deístas de variadas tendencias e socialistas utópicos.

A escritora asómase á década dos anos sesenta. Son tempos de cambios políticos ligados á conxuntura do Sexenio Democrático e tempos de cambios na súa traxectoria persoal. Tras dedicar noites enteiras ao traballo intelectual en Potes, os froitos están a piques de chegar. Abordou a redacción de *El visitador del pobre* coa idea de paliar as dificultades que atopaban as señoras da Conferencia de Paúl —por seren mulleres— á hora de realizar as súas tarefas benfeitoras. O resultado foi sorprendente non só polo modo en que a autora desenvolve a temática escollida, senón pola mirada que dirixe á pobreza. Nada que ver co desdén, a superioridade e a soberbia esgrimidas polas clases dominantes cando se referían ás persoas indixentes. Traducido o texto para o francés, inglés, italiano e polaco, as súas páxinas ían contribuír a que o mundo descubrixe as ideas da reformadora social nos seus inicios. Santiago Masarnau, o editor, sorprendido, coméntalle a Monasterio: «Esa muller sabe infinitamente máis ca min, ten unha lóxica fascinadora... ¡A verdade é que lle teño medo!» (Lacalzada 1994a: 93). Ese medo non era novo na «disputa dos sexos», os debates mantidos sobre a capacidade intelectual das mulleres, o seu acceso ao coñecemento e á esfera pública. A «Querela das Mulleres» arrincara en Europa a finais do século XIV para facer fronte ás correntes misóxinas e prolongarase nas centurias posteriores⁷. Dominados por ese temor, numerosos políticos e intelectuais liberais trataron de manter ocultos os saberes femininos entre os pregues do ideal doméstico.

La beneficencia, la filantropía y la caridad (1860) é un ensaio, escrito tamén en Potes, no que Concepción Arenal analiza estes tres ámbitos: o primeiro, inscrito no sistema de beneficencia que creara, teoricamente polo menos, o Estado liberal; o segundo, relacionado coa preocupación cada vez máis estendida

⁷ A primeira muller que interveu na Querela foi a escritora italiana, afincada en Francia, Christine de Pizan (1364-1430), autora do texto *La ciudad de las damas*, publicado en 1405 (en castelán, reed. Madrid, Siruela, 2010). En vida de Concepción Arenal, a Querela pasou a denominarse *The woman question* nos países anglosaxóns e incorporou numerosos asuntos relacionados coa cidadanía e cos dereitos das mulleres.

nalgúns círculos filosóficos pola dignidade humana; o terceiro, referido a un concepto de compaixón cristiá que pode definirse en poucas palabras: «a que é paciente e benigna...». O texto, dedicado á condesa de Espoz y Mina, presentouse no Certame aberto pola Academia de Ciencias Morais e Políticas, baixo o pseudónimo «Fernando García, de Potes», nome dun dos fillos da autora, un neno de dez anos de idade. Concepción Arenal, coñecedora da desconfianza que as obras escritas por mulleres xeraban nos xurados, tomara precaucións. Axiña obtería un merecido recoñecemento. Era o primeiro galardón que recibía e a primeira vez que a Academia premiaba unha española. A fama chegoulle acompañada, ademais, dunha chamada da condesa de Espoz y Mina para propoñerlle, coa venia de Isabel II, o cargo de Visitadora de Prisións de Galicia. Concepción acepta. Ferrol dos seus primeiros anos infantís, A Coruña, onde fixou a súa residencia, Ourense, Santiago, Vigo, onde acabará os seus días, a terra toda dos seus antepasados amósase ante os seus ollos e réndese baixo os seus pés andadores durante 1863-1865.

Juana María de la Vega e Concepción Arenal trenzan unha boa amizade, comparten ideas e intercambian experiencias⁸. Entenden o progresismo como unha mestura de xustiza, civilidade, felicidade pública, virtude, talento, laboriosidade e decoro; dirixen os faladoiros organizados na biblioteca tapizada por enteiro de verde, a cor do seu credo político, na céntrica casa da condesa na Coruña, e promoven a saída á luz de publicacións como *La Voz de la Caridad*, fundada á imaxe e semellanza dos *Annales de la Charité* de Ramón de la Sagra (Lacalzada 1994a: 166). O afán por instruír as mulleres, mellorar a vida nos cárceres, endereitar moralidades ambiguas e suprimir sexualidades perigosas converterá as dúas benfeitoras no rostro amable, cívico, do Estado liberal. Decididas a formaren con outras filántropas unha «irmandade feminina», convidan a sumarse ás súas filas as escritoras románticas Cecilia Böhl de Faber, Gertrudis Gómez de Avellaneda e Carolina Coronado, que participarán nas reunións e decisións dende perspectivas inconformistas e aparentemente menos politizadas. Eses anos o xogo de espellos invertidos amosaba tamén as imaxes dalgunhas

⁸ Algunhas moi dolorosas. En plena mocidade, as dúas perderan os seus esposos, vítimas da causa liberal, e, tras un longo período de dó, dedicáronse ás causas filantrópicas. Na casa da condesa na Coruña e na súa quinta de recreo tiveron ocasión de falar destas e doutras moitas cousas. (Espoz y Mina, 1977).

contrafiguras «isabelinas»: obreiras, mulleres rebeldes, «líderes da fame» e socialistas utópicas. Entre estas últimas, cómpre destacar a Margarita Pérez de Celis e María Josefa Zapata, impulsoras da serie xornalística «Los Pensiles» en Cádiz, cidade que dobraba a mediados do século XIX, coas súas propostas igualitarias e emancipadoras, os afastados principios liberais de 1812 (Ramos 2004: 153 e 155).

Nestes escenarios, Concepción Arenal expón que a caridade non abonda. Defende a reforma do sistema penitenciario, a modernización dos cárceres e a renovación dos regulamentos. Quere substituír o Código Penal, que segundo o seu punto de vista é un aburrido compendio de textos anteriores, presenta a supresión da pena de morte e traballa pola reinserción social das persoas presas. Son reivindicacións que necesitan para materializarse un amplo programa de reformas políticas e sociais. Así o fai saber en *Cartas aos delincuentes* (1865), obra que lle custa o cargo de Visitadora de Prisións. A súa herdanza chegará a mans de Victoria Kent (1892-1987) nos comezos da Segunda República. A flamante directora xeral de Prisións, cargo que desempeñaba por primeira vez unha muller, deseñou, seguindo os pasos de Arenal, unha reforma penitenciaria valente e moderna que naufragaría e provocaría a súa dimisión (Telo 1995; Ramos 1998).

O interese de Concepción Arenal polas persoas desherdadas, analfabetas, prostituídas e presas intensificouse coas súas visitas a cárceres, hospicios, asilos e escolas, onde puido comprobar as grandes secuelas da marxinação e a pobreza. Seguindo a liña argumental das pensadoras ilustradas, nos seus escritos reflexiona sobre as relacións entre razón e emoción, entre o público e o privado, e ocúpase do estatuto das mulleres en xeral. Estas ideas están moi presentes no ciclo de obras que dedica á cuestión feminina: *La mujer del porvenir* (1869), *La mujer de su casa* (1881), *Estado actual de la mujer en España* (1884), ensaio incorporado ao volume colectivo *The women question in Europe*, e *La educación de la mujer* (1892), preparado con motivo do Segundo Congreso Pedagógico Hispano-Luso-Americano, de cuxa mesa de honra formou parte⁹.

⁹ O Congreso inaugurouse en Madrid o 13 de setembro de 1892 e contou con 2292 participantes (77 por cento de homes e 23 por cento de mulleres). Ademais de Concepción Arenal, formaron parte da mesa de honra outras dúas mulleres: a historiadora venezolana Soledad Acosta de Samper e a escritora portuguesa Amalia Vas de Carvalho (Fernández Poza 2007: 84).

O libro que chega agora a mans do público, editado con ocasión do bicentenario do nacemento de Concepción Arenal, é un texto clásico da literatura feminista española. Escrito en 1861, foi publicado pasados uns anos, en 1869, probablemente grazas aos aires renovadores da conxuntura política, na Oficina Tipográfica del Hospicio de Madrid, cando a escritora, cumpridos os 49 anos, deixara atrás as turbulencias sentimentais causadas pola morte do seu esposo e se atopaba nun período de madurez persoal e intelectual incuestionable. A esa idade acumulara viaxes, traslados, persecucións, resistencias, rupturas, amizades e inimidades. Era a primeira vez que trataba o tema da emancipación feminina nun ensaio, aínda que previamente —dende que fundou as Conferencias de Señoras en Potes— dedicara ás mulleres moitas das súas observacións, reflexións e intervencións sociais. Concepción Arenal decidiu escribir un «libriño» —150 páxinas— dedicado «á memoria do malogrado don Celestino de Olózaga», fillo do seu amigo o político progresista, para derribar prexuízos e espertar as consciencias. Obra «breve —aclara na presentación, buscando a complicidade do público— porque o asunto é extenso, e asegúroche que me custou moito non dicir máis sobre el»¹⁰. Sabe por propia experiencia, dende os seus anos adolescentes, que o percorrido está cheo de obstáculos. Por este motivo, pretende desvelar os límites políticos, sociais, ideolóxicos e culturais que permitían a gobernantes e lexisladores, á sociedade en xeral, usurpar os dereitos femininos.

A muller do porvir consta dunha breve presentación, doce capítulos e as conclusións. É unha obra redactada de forma clara e persuasiva, coa pretensión de converterse nunha «Pedagogía da Emancipación», fiel ás formulacións krausistas, racionalistas e humanistas da autora. Unha das súas principais reivindicacións é a petición de dereitos civís e sociais para as mulleres, proposta que abrirá un importante espazo discursivo na construción da cidadanía feminina. Porén, este obxectivo, sinala a escritora, non poderá materializarse sen o acceso das

¹⁰ Véxase Arenal 2008: 7. A edición facsimilar de *La Mujer del Porvenir* realizada pola Biblioteca Económica de Andalucía na Imprenta, Librería e Litografía do *Diario de Córdoba* (1870), complétase cos artigos escritos por Arenal sobre as Conferencias Dominicais para a Educación da Muller, impartidas no Paraninfo da Universidade de Madrid por Fernando de Castro, Francisco Canalejas, Segismundo Moret, José Echegaray, Francisco Pi y Margall e Emilio Castelar, entre outros políticos e académicos. Reproduce tamén as Cartas III, IV, V, XXIV, XXII e XXXV, nesta orde, do libro *Cartas a los delincuentes*. Este conxunto de textos foi reproducido hai uns anos pola editorial Extramuros Facsímiles, Sevilla, 2008.

mulleres a unha educación integral ligada á causa da liberdade. Concepción Arenal defende as capacidades laborais e profesionais femininas, sempre que se axusten á forza física e á sensibilidade das traballadoras, «exercicio do que elas e as súas familias serían as principais beneficiarias» (Arenal 1993: 145-147). Neste sentido, valora o traballo e o rol social das mulleres solteiras nun escenario dominado polo matrimonio, a maternidade biolóxica e a ideoloxía da domesticidade. Especial relevo adquiren tamén as páxinas que dedica a calibrar o peso das achegas femininas á orde moral, que, ao seu xuízo, son máis elevadas e valiosas ca as masculinas (Lacalzada 1994b: 27). A muller é máis paciente, prudente, sensible e pacífica, sempre que a educación non contrariase os seus bos sentimentos, nin eliminase as súas «disposicións maternais para os desvalidos que padecen» (p. 100). Estes aspectos predispoñen, segundo a autora, á harmonía e amosan que as mulleres, tachadas de débiles, son ou poden chegar a ser moi fortes, como sucede na vida cotiá. Aínda que diso non se derive unha loita de poder entre os sexos no ámbito familiar. En palabras da propia escritora: «Mandar de forma despótica non debe mandar ninguén; ter foro de privilexio non o debe ter ninguén; nin tampouco debe ninguén facer concesións de graza e andar en tratos coa xustiza, porque a xustiza non se suple por ningunha cousa, nin hai nada por riba dela» (p. 90).

Concepción Arenal denuncia as explicacións históricas e científicas utilizadas para xustificar a suposta inferioridade feminina: «O que se chama historia na vida intelectual da muller é un embuste, porque non se pode facer a historia do que non existe. As mulleres non tiveron ata o de agora vida intelectual. Algunhas, vencendo todo xénero de obstáculos, eleváronse moi altas nas rexións do pensamento [...]. Pero estes raios de luz consideráronse unha rara excepción» (p. 55). Seguindo esta liña argumental, desbota as interpretacións «científicas» de Gall: «Nin o estudo da fisioloxía do cerebro nin a observación do que acontece no mundo autorizan a afirmar que a inferioridade intelectual da muller é orgánica, pois esta non existe onde os dous sexos están igualmente sen educar nin empeza nas clases educadas, senón onde empeza a diferenza na educación» (p. 50). A refutación destas ideas contribuíu a consolidar o pensamento feminista e as mobilizacións de mulleres na segunda metade do século XIX.

Transcorreran 151 anos dende a saída á luz do primeiro exemplar de *A muller do porvir*, un longo período no que o libro percorreu conxunturas políticas de

diferente signo, algunhas moi adversas, e sobreviviu a tempos convulsos. Á primeira edición impresa en Madrid (1869), Sevilla (1869) e Córdoba (1870), que obtivo unha ampla repercusión, sumouse a segunda, corrixida e aumentada (Madrid, 1884), incluída no Tomo IV das *Obras completas* de Concepción Arenal (1916) e reproducida nos anos trinta (Barcelona, 1934). Hai que recoñecer que a obra, e toda a produción de Arenal, se revalorizou cos anos e difundíuse nas efemérides máis significativas da súa traxectoria vital. Así, o primeiro centenario do seu nacemento conmemorouse coas achegas biográficas e os ensaios de Juana Salas (1920), Rafael Salillas (1920), Narciso Correal (1923), R. J. Salgado, (1925) e René Vaillant (1926). Outros estudos viron a luz grazas a Manuel Casas Fernández (1936), que seguiría afondando nos aspectos pedagóxicos e sociais do seu pensamento nos anos cincuenta. Clara Campoamor, xa no exilio (1939), Juan Antonio Cabezas (1942) e Elvira Martín (1962 e 1993) contribuíron dende diferentes enfoques a recuperar a figura da pioneira feminista e reformadora social na Ditadura. Pola súa parte, María Laffite refixo a súa biografía a partir dunha ampla recompilación documental pouco antes de que comezase a Transición (1973 e 1975).

Con ocasión do primeiro centenario do falecemento de Concepción Arenal, publicáronse varias edicións de *A muller do porvir*, entre elas as de Vicente de Santiago Mulas e María José Lacalzada, autora dunha interesante tese de doutoramento sobre a escritora e da edición de *Dios y libertad* (1996), obra que permanecera na sombra demasiados anos. Nesta cadea de recoñecementos, as fundadoras de *Arenal. Revista de Historia de las Mujeres*¹¹, editada na Universidad de Granada a partir de 1994, decidiron homenaxear a pioneira feminista dando o seu nome á publicación. Indubidablemente, o bicentenario do nacemento de Concepción Arenal será motivo de celebracións e homenaxes. Á excelente biografía de Anna Caballé (2018), galardoada co Premio Nacional de Historia, súmanse xa, ou sumaranse, outros retratos, estudos e edicións, como a que hoxe

¹¹ Cándida Martínez (Universidad de Granada), Mary Nash (Universitat de Barcelona), Reyna Pastor (CSIC), Pilar Ballarín (Universidad de Granada), Teresa González Calvet (Universidad Autónoma de Madrid), Ana Aguado (Universitat de València), Rosa Capel (Universidad Complutense de Madrid), Gloria Nielfa (Universidad Complutense de Madrid), Margarita Ortega (Universidad Autónoma de Madrid), María Dolores Ramos (Universidad de Málaga), María José Rodríguez Galdo (Universidade de Santiago de Compostela), Susana Tavera (Universitat de Barcelona) e Mercedes Ugalde (Euskal Herriko Unibertsitatea).

nos ocupa. Estas iniciativas non se asentaron nin se asentaron no baleiro. Militantes republicanas, laicas, reformistas católicas, sufraxistas e obreiras ligadas a diferentes culturas políticas xa recoñeceran, antes que a escritora falecese, o interese da súa «experiencia de vida», a importancia das súas ideas e a repercusión dos seus escritos. Os selos emitidos coa súa efixie, as estatuas e placas conmemorativas, as rúas, prazas e entidades co seu nome sucedéronse dende que as irmás Amalia e Ana Carvia Bernal fundaron a Sociedad Concepción Arenal en Valencia, cara a 1915, escribindo, con outras mulleres, unha das primeiras páxinas do sufraxismo español (Almisas 2019: 195 e ss.).

A lectura de *A muller do porvir* nas primeiras décadas do século XXI non só é un antídoto para facer fronte aos relatos que aletargan o corazón das mozas coa chegada de «príncipes azuis» e finais felices, senón que achega o coñecemento necesario para seguir os camiños percorridos polas mulleres españolas á busca da súa emancipación. É un revulsivo tamén para transformar as consciencias e combater as leis, costumes e formas de vida discriminatorias, abusivas e intolerables aínda vixentes. O feito de reunir as pegadas do pasado e as marcas do tempo presente fai visible as formas de opresión das mulleres, as súas resistencias, rebelións e rupturas; desvela o interese de reelaborar unha xenealoxía que contemple as súas voces, escritos e experiencias de vida. Dende este enfoque, o libro de Arenal non é alleo a outros que o precederon, entre eles o ensaio de Josefa Amar y Borbón: *Discurso sobre la educación física y moral de las mujeres* (1790) ou o de Inés Joyes: *Apología de las mujeres* (1798), por citar dous exemplos. É tamén un importante elo para situar textos posteriores como o da propia Arenal: *La mujer de su casa* (1881), o de Margarita Nelken: *La condición social de la mujer en España* (1919), ou o de María Cambrils: *Feminismo socialista* (1925), entre outros. Libros que poden semellarse, amosarse á vez con contidos análogos e diferentes, conversar entre si, e seren recibidos, tratados e comprendidos de distinta maneira por quen se aproximan a eles cun enfoque político, social, cultural, xeracional, sexual e territorial diferente (Calvino 1993: 17).

Quen lea ou lese *A muller do porvir*, obra valente e rica en ideas pioneiras —e polo tanto molestas para certos sectores políticos, sociais e culturais— saberá recoñecer o lugar que ocupa na cadea literaria e na xenealoxía feminista. Poderá reflexionar sobre a paulatina radicalización das ideas ilustradas, as tensións producidas entre a esfera pública e a privada, as relacións entre igualdade e

diferenza, os vínculos entre feminismo e culturas políticas. Saberá detectar as experiencias de vida da autora, a súa procura dunha orde moral baseada en prácticas solidarias, a súa loita contra a ignorancia e a discriminación, a súa defensa da paz, o seu empeño por lograr os dereitos civís e sociais das mulleres, o seu papel de Mestra e Nai Cívica, o seu intenso labor, en suma, como Tecedora de Cidadanía.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALMISAS ALBÉNDIZ, Manuel (2019): ¡Paso a la mujer! Biografía de Amalia Carvia, El Puerto de Santa María (Cádiz), Ediciones Suroeste.
- AMAR Y BORBÓN, Josefa (reed. 1994): *Discurso sobre la educación física y moral de las mujeres*. [Edición, introducción e notas de María Victoria López Cordón]. Madrid, Cátedra.
- ARENAL, Concepción (1996): *Dios y libertad*. [Edición de María José Lacalzada]. Pontevedra, Museo de Pontevedra.
- ARENAL, Concepción (reed. 1993): *La mujer del porvenir*. [Edición, introducción e notas de Vicente de Santiago Mulas]. Madrid, Castalia.
- ARENAL, Concepción (2008): *La mujer del porvenir*, Extramuros, Sevilla.
- CABALLÉ, Anna (2018): *Concepción Arenal: la caminante y su sombra*, Madrid, Taurus.
- CALVINO, Italo (1993): *Por qué leer a los clásicos*, Barcelona, Tusquets.
- CAMBRILS, María (reed. 2015): «Feminismo socialista», en Rosa Solbes / Ana Aguado / Joan Miquel Almeida, *María Cambrils. El despertar del feminismo socialista (biografías, textos y contextos)*, Valencia, Universitat de València.
- CAMPO ALANGE, María (1975): *Concepción Arenal en el origen de unos cambios sociales*, Madrid, FUE, 1975.
- CAMPO ALANGE, María (1973): *Concepción Arenal (1820-1893). Estudio biográfico documental*, Madrid, Revista de Occidente.
- ESPOZ Y MINA, Condesa de (1977): *Memorias*. [Introducción de María Campo Alange]. Madrid, Tebas.
- FERNÁNDEZ POZA, Milagros (2007): «El debate educativo de finales del ochocientos y el Congreso Pedagógico Hispano-Portugués-Americano», *Cuadernos de Historia Contemporánea*, Vol. extraordinario, 71-82.
- HERNÁNDEZ SANDOICA, Elena (2012): «Rosario de Acuña: la escritura y la vida», en *Política y escritura de mujeres*, Madrid, Abada, 171-322.
- JOYES, Inés (reed. 2008): «Apología de las mujeres», en Mónica Bolufer Peruga, *La vida y la escritura en el siglo XVIII: Inés Joyes. Apología de las mujeres*, Valencia, Universitat de València.
- LACALZADA DE MATEO, María José (1994a): *Mentalidad y proyección social de Concepción Arenal*, Ferrol, Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación Ferrol / Concello de Ferrol.
- LACALZADA DE MATEO, María José (1994b): *La otra mitad del género humano: la panorámica vista por Concepción Arenal (1820-1893)*, Málaga, Universidad de Málaga. (Colección Atenea-Estudios sobre la Mujer).
- LACALZADA DE MATEO, María José (1994c): «Concepción Arenal: Un perfil olvidado de mujer y humanista», *Arenal. Revista de Historia de las Mujeres*, 1:1, 71-102.
- MARTÍN, Elvira (1994): *Concepción Arenal*, Madrid, Confederación Española de Gremios y Asociaciones de Libreros.
- MARTÍN, Elvira (1962): *Tres mujeres gallegas del siglo XIX: Concepción Arenal-Rosalía* de Castro-Emilia Pardo Bazán, Barcelona, Aedos.

- NELKEN, Margarita (reed. 2013): *La condición social de la mujer en España*, Madrid, Horas y Horas.
- PARDO BAZÁN, Emilia (1999): *La educación de la mujer y otros escritos*, Madrid, Cátedra.
- RAMOS, María Dolores (2014): «La construcción cultural de la feminidad en España. Desde el fin del siglo XIX a los locos y politizados años veinte y treinta», en Mary Nash (ed.), *Feminidades y masculinidades. Arquetipos y prácticas de género*, Madrid, Alianza Editorial, 21-45.
- RAMOS, María Dolores (2012): «¿Estado Minotauro o Estado Providencia? Sobre ciudadanía, género y feminismos», *Alcores. Revista de Historia Contemporánea*, 13, 17-40.
- RAMOS, María Dolores (2004): «Isabel II y las mujeres isabelinas en el juego de poderes del liberalismo», en Juan Sisinio Pérez Garzón (ed.): *Isabel II. Los espejos de la reina*, Madrid, Marcial Pons, 141-156.
- RAMOS, María Dolores (1998): *Victoria Kent. Vida y obra (1892-1987)*, Madrid, Ediciones del Orto.
- RAMOS, María Dolores / Víctor J. ORTEGA (2019a): «Para empezar: las mujeres tienen memoria, hechos y biografías», en María Dolores Ramos / Víctor J. Ortega (coords.), *Biografías, identidades y representaciones femeninas. Una cita con la historia*, Zaragoza, Libros Pórtico, 11-38.
- RAMOS, María Dolores / Víctor J. ORTEGA (2019b): «Reflexiones sobre genealogías, memoria y escritura de mujeres: experiencias y palabras al descubierto», *La Aljaba. Revista de Estudios de la Mujer*, Universidades de La Pampa, Luján e Comahue, Segunda época, XXIII, 149-167.
- SANTALLA, Manuela (1994): «La condición femenina en Concepción Arenal», *Arenal. Revista de Historia de las Mujeres*, 1:1, 103-115.
- STUART MILL, John / Harriet TAYLOR MILL (2001): *Ensayos sobre la igualdad sexual*. [Edición e introducción de Neus Campillo]. Madrid, Cátedra.
- TELO, María (1995): *Concepción Arenal y Victoria Kent. Las prisiones, vida y obra*, Madrid, Instituto de la Mujer.
- WOOLF, Virginia (reed. 2013): *Un cuarto propio*, Barcelona, Lumen.
- WOOLF, Virginia (reed. 1980): *Tres guineas*, Barcelona, Lumen.
- WOLLSTONECRAFT, Mary (1994): *Vindicación de los derechos de la mujer*. [Edición e introducción de Isabel Burdiel]. Madrid, Cátedra.

A MULLER DO PORVIR

Por Concepción Arenal

Título original

La mujer del porvenir por Doña Concepción Arenal
Artículos sobre las conferencias dominicales para la educación de la mujer,
celebradas en el Paraninfo de la Universidad de Madrid
Sevilla, Eduardo Perié; Madrid, Félix Perié, 1869

Traducción de María Alonso Seisdedos, 2020

A MULLER DO PORVIR

ÍNDICE

A muller do porvir

Capítulo I. Contradicións

Capítulo II. Inferioridade da muller

Capítulo III. Inferioridade moral da muller

Capítulo IV. A historia

Capítulo V. Consecuencias para a muller da súa falta de educación

Capítulo VI. Consecuencias para o home da suposta inferioridade da muller

Capítulo VII. Consecuencias para a sociedade da suposta inferioridade intelectual da muller

Capítulo VIII. Que oficios e profesións poden exercer as mulleres?

Capítulo IX. Como se modificará o carácter da muller educada?

Capítulo X. Hai incompatibilidade entre o cultivo da intelixencia e os quefaceres domésticos?

Capítulo XI. Que será dos fillos cando a nai poida exercer unha profesión ou oficio lucrativo?

Capítulo XII. A muller solteira

Conclusión

Artigos sobre as *Conferencias dominicais* para a educación da muller, celebradas no Paraninfo da Universidade de Madrid

Primeira conferencia

Segunda e terceira conferencias

Cuarta conferencia

Quinta conferencia

Sexta conferencia

Sétima conferencia

Oitava conferencia

Novena conferencia

Décima conferencia

Undécima conferencia

Duodécima conferencia

Décimo terceira conferencia

Décimo cuarta conferencia

Décimo quinta conferencia

Escolma de cartas aos delincuentes

Carta III

Carta IV

Carta V

Carta XXIV

Carta XXII

Carta XXXV

Á MEMORIA DO MALGRADO DON CELESTINO DE OLÓZAGA

Caíches coma unha árbore en flor que tronza o furacán. Ao saber da túa fin, un aí! doloroso saíu de todos os corazóns amigos e inimigos. Inimigos! Ti, tan mozo, tan tenro, tan intelixente, non tiñas. O primeiro que te aborreceu sacrificoute: un deses homes que veñen ao mundo para merecer e recibir maldicións.

As derradeiras horas da túa breve existencia son un misterio cuxo veo non podes descorrer, pobre vítima! Como habemos de saber a verdade polos que necesitan desfigurala? Eu xúlgote pola túa vida, non pola túa morte: creo que así te xulgaría Deus.

Se dende onde estás se oen as voces da terra, escoita a miña dorida, que che envía unha lembranza envolta en bágoas. Quen non chora ao ver apagarse, cando apenas empezaba a brillar, a túa privilexiada intelixencia? Quen non chora ao pensar no teu desventurado pai? Como eses corpos, todos unha chaga, aos que non se pode tocar sen lles producir acerbas dores, así imaxino a súa malpocada alma. Por iso, non me atrevín a dirixirlle nin unha palabra de consolo: dores como a súa a el só o poden achar na morte, que non adoita acudir a quen por ela chama. Espéraa, sen buscala. Non quixo que o defendamos, senón que o admiremos, nin terminar cun acto de egoísmo unha vida de abnegación. A súa agonía é unha gran lección, un alto exemplo e unha proba de que a existencia do home bo non é nunca en balde. Quen se ha de crer autorizado para buscar a morte, cando vive don José de Olózaga?

Adeus, Celestino. Descansa coa inesquecible Elisa. Os dous mercedades vivir moito e morrestes no abrente dunha vida chea de esperanzas, mentres quedan os que nada esperan xa. Orfandade horrible a deses dous anciáns que vos choran na tumba!

CONCEPCIÓN ARENAL

AO LECTOR

Máis te prevexo hostil que te espero benévolo, lector, a quen, por tanto, non me atrevo a chamar amigo.

Presento este libriño, e se te propós lelo, débesme agradecer que sexa tan breve, porque o asunto é extenso, e asegúroche que me custou moito non dicir máis sobre el.

Procurei agrupar os argumentos e concentrar as razóns para que teñan máis forza, porque xa comprendo que non ha ser pouca a resistencia que necesitan vencer.

Cantos se dirixen a ti adoitan ter o propósito de te atraeren á súa crenza, á súa opinión; as miñas pretensións son máis modestas: non pretendo persuadirte nin convencerte; toda a miña ambición límitase a que, tras concluíres estas páxinas, dubides e digas, primeiro para ti e despois para os outros: «Non terá razón esta muller en algo do que di?».

CAPÍTULO I

CONTRADICIÓN

O erro, antes ou despois, acaba por limitarse a si mesmo, e a primeira forma da súa impotencia é a contradición: se quixese ser lóxico, faríase imposible. A humanidade, que pode ser cega abondo como para deixarlle sentar premisas, non é nunca perversa nin desasisada abondo como para permitirlle que saque todas as súas consecuencias: oponlle a súa razón, os seus afectos ou os seus instintos, e o erro transixe; podemos ter a certeza de que onde hai contradición hai erro ou impotencia.

Aplicando esta regra ao papel que a muller representa na sociedade, pola falta de lóxica do home, acabaremos por convencernos da súa falta de razón primeiro, e de xustiza despois.

Unha muller pode chegar á máis alta dignidade que se concibe, pode ser nai de Deus: descendendo moito, mais aínda moi alta, pode ser mártir e santa. Mais o home que a venera sobre o altar e a interpela considéraa indigna de cumprir as funcións do sacerdocio. Quen dixo sacerdocio?! Atrevemento impío sería que no templo ousase aspirar sequer á categoría do último sancristán. A lóxica aquí sería escándalo, impiedade.

Se da orde relixiosa pasamos á civil, as contradicións non son de menor vulto. Como vai ser empregada na Alfándega ou na Débeda unha muller? Como vai desempeñar un destino en Fomento ou en Gobernación? Só pensalo provoca risa. Pero unha muller pode ser xefa do Estado. No mundo oficial recoñéceselle aptitude para raíña e para estanqueira; porén, que pretendese ocupar os postos intermedios consideraríase absurdo. Non paga a pena subliñar o ben parada que de aquí sae a lóxica.

Nas relacións de familia, no trato do mundo, que lugar ocupa a muller? Moral e socialmente considerada, cal é o seu valor? Cal é o seu posto? Ninguén é capaz de dicilo. Aquí é mirada con respecto, e con desprezo alá. Unhas veces sofre escrava, outras tiraniza; ora non pode facer valer a súa razón, ora impón o seu capricho. Buscade unha regra, unha lei moral; é imposible que a atopedes no caos que resulta do choque continuo entre as preocupacións e a ilustración, o erro e a verdade, a inxustiza e a conciencia. O libertino que escarnece a virtude cre, en troques, na da súa nai; o cínico arrisca a vida nun desafío por defender a honra da súa irmá; o que fixo moitas vítimas e trepou nas máis santas leis consente como tal un capricho da muller que ama; o que ten teorías e hábitos de tirano ao cabo é escravo da filla ou da neta. O corazón, os instintos, a conciencia opóñense decontino na práctica a esas teorías que lle conceden ao home superioridade moral sobre a muller. Vese, pois, arrastrado a ceder do que chama o seu dereito cando non abusa del, e ao conceder esta graza, xa non establece regras de xustiza, porque non é fácil poñer límites á xenerosidade do que dá por afecto nin á esixencia do que recibe sen reflexión. Por tanto, nas relacións domésticas e sociais do home e a muller, non sendo xustiza o que así se chama, nin podendo así converterse en regra permanente e respectada, todo queda á mercé dos afectos e das paixóns, todo está tan exposto a mudanzas coma as propias relacións e, por norma xeral, ás mulleres dáselles máis ou menos do que merecen e lles é debido: son ou o neno oprimido a quen se fai sempre gardar silencio ou o neno consentido que impón a súa vontade. Con só observar o que acontece á nosa volta, veremos tantas contradicións como individuos observemos.

Se deixando os costumes pasamos ás leis, que é o que ven os nosos ollos? Ai! Un espectáculo ben triste, porque a lei non ten a flexibilidade dos afectos, e se o pai e o esposo e mais o irmán son inconsecuentes para seren xustos, a lei inflexible non se compadece da dor nin se detén ante a inxustiza. As contradicións da lei pesan sen lenitivo ningún sobre a muller desventurada. Agás na lei de gananciais —tributo pagado non sabemos como á xustiza, raio de luz que penetrou en escuridade tan profunda—, as leis civís consideran a muller como menor se é casada, e aínda non o sendo néganlle moitos dos dereitos que lle conceden ao home.

Se a lei civil mira a muller como un ser inferior ao home, dende o punto de vista moral e intelectual, por que a lei criminal lle impón iguais penas cando

delinque? Por que para o dereito se considera a muller inferior ao home e ante o deber se ten por igual a el? Por que non se considera a muller como ao neno que obra sen discernimento ou cando menos como ao menor? Porque a conciencia alza a súa voz poderosa e sublévase ante a idea de que o sexo sexa motivo de impunidade; porque o absurdo da inferioridade moral da muller toma aquí tales proporcións que todos o ven; porque o erro chega a un deses casos en que necesariamente se ten que limitar a si mesmo, ten que transixir coa verdade e optar pola contradición. É monstruosa a que resulta da lei civil e a lei criminal; unha dino: «Es un ser imperfecto, non che podo conceder dereitos». A outra: «Considérote igual ao home e impóñoche os mesmos deberes; se faltas a eles, has incorrer en idéntica pena».

A lei considera ata a muller máis virtuosa e ilustrada inferior ao home máis vicioso e ignorante, e nin o amor de nai, nin sequera o santo amor de nai cando queda viúva, lle inspira ao lexislador a confianza de que ha facer polos fillos tanto coma o home. Absurdo inconcibible!

É tal a forza do costume que saudamos estas inxustizas todas co nome de *dereito*.

Se recorrésemos toda a órbita moral e legal da muller, atoparíamos en toda ela erros, contradicións e inxustizas. Á metade do xénero humano, á que máis debera contribuír á harmonía, converteuna o home nun elemento de desorde, nun auxiliar do caos, de onde saen antagonismos e loitas sen fin.

As cuestións das mulleres nas súas relacións co home e coa sociedade están sempre máis ou menos fóra da lei lóxica. É isto razoable? É racional sequera? Non hai máis ca unha razón, unha lóxica, unha verdade. O que queira introducir a pluralidade onde a unidade é necesaria introduce a inxustiza e con ela a desventura.

Se soubese o home que nunca se equivoca impunemente, buscaría o acerto con maior dilixencia. Nós, que temos esta íntima persuasión, imos procurar desfacer os erros que existen con respecto á muller. Tal é o obxecto do presente escrito.

CAPÍTULO II

INFERIORIDADE DA MULLER

CUESTIÓN FISIOLÓXICA

Tras manifestar que as contradicións nas leis e nos costumes con respecto á muller proban os erros que verbo dela existen, parécenos lóxico pescudar se a súa inferioridade social é consecuencia da súa inferioridade orgánica; se así como o seu sistema muscular é máis débil, o seu sistema nervioso é tamén máis imperfecto; se hai nela unha desigualdade conxénita que a rebaixa; se o seu cerebro, en fin, é un instrumento da alma, menos apropiado que o do home para as fondas meditacións e os elevados pensamentos.

Nos tempos en que a forza material o era todo, compréndese que a muller non fose nada. A inferioridade dos seus músculos debía facer imposible a sanción dos seus dereitos, e en sociedades formadas polos combates e para os combates, que consideración había merecer na paz a que era inútil na guerra? As sociedades modernas non se deron limpado da lepra da súas ideas preconcebidas. Fillas da conquista, non renunciaron de todo á malfadada herdanza da súa nai, e aínda hai leis que parecen escritas con lanza, costumes formados no campamento romano e opinións saídas do castelo feudal. Non obstante, o progreso é visible, a forza é cada vez menos forte, e en case todas as súas manifestacións paga tributo á intelixencia. Aflixe, é certo, ver a profanación da ciencia aplicada á guerra e convertida en elemento de destrución. Pero a gran lei providencial non se infrinxe: a sociedade, como o home, mellórase ilustrándose; na súa cólera, é menos feroz, e canta máis ciencia se emprega na guerra, menos crueldade hai nela. Aínda no campo da forza, a vitoria ha corresponder de aquí en diante aos que máis saben.

Se moito no presente depende da intelixencia, se todo no porvir, ha ser preciso discutir se a da muller é realmente inferior á do home, e se esta inferioridade é orgánica, ou o que é o mesmo, se é obra de Deus. Consultemos para esta discusión o gran mestre da anatomía e da fisioloxía do cerebro, Gall, e dado que a súa opinión está conforme coa opinión dos máis, vexamos se se funda en feitos e razóns ou se o grande home, tan observador e circunspecto case sempre, resolveu esta cuestión sen meditala abondo.

Só pola diferente organización dos dous sexos —di o doutor Gall¹— pode explicarse que certas facultades sexan máis enérxicas no home e outras na muller. O cerebro da muller está en xeral menos desenvolvido na parte anterior-superior e por iso, polo común, as mulleres teñen a fronte máis estreita e menos elevada ca os homes. As mulleres, en canto ás súas facultades intelectuais, son en xeral inferiores aos homes. Se tales debilidades (a superstición e a fe en oráculos, soños, presaxios etc.) son máis ben propios das mulleres, aínda que sexan moi instruídas e de talento, a razón é que en xeral a parte cerebral anterior-superior adquire un desenvolvemento moito menor nas mulleres que nos homes e, por conseguinte, o que lles sucede é que non pode haber ningún suceso, ningún efecto, sen causa.

Xa polo que deixamos copiado e por outras citas que poderíamos tomar da mesma obra, vese que, en opinión de Gall, a inferioridade intelectual da muller é orgánica. Vexamos agora se ao afirmalo así, apoiándose no menor volume da parte anterior-superior da cabeza da muller, non entra en contradición consigo mesmo e cos feitos.

A enerxía das funcións [do cerebro] non depende unicamente do tamaño dos órganos, senón tamén da súa irritabilidade. [...] As mulleres están dotadas dunha irritabilidade máis pronta e dunha sensibilidade máis exquisita. A perfección coa cal os sistemas nerviosos diferentes do encéfalo cumpren as súas funcións non depende de modo ningún da masa maior ou menor do cerebro, senón da súa propia organización máis ou menos perfecta. Acaso non vemos certos insectos dotados dun tacto, dun oído, dun gusto suma-

¹ *Physiologie du cerveaux*. (N. da A.).

mente delicados, mesmo sendo o seu cerebro moi simple e moi pequeno? Vemos, ademais, que criaturas cunha masa cerebral extraordinariamente pequena chegan a producir os efectos máis admirables. Quen non recorda aquí a formiga, a abella etc.? Por máis que o home estea organizado da maneira máis perfecta, o exercicio é indispensable para aprender a combinar moitas ideas con relación a certos obxectos².

Resulta, logo, que o mesmo autor que dá como cousa certa a inferioridade intelectual da muller, apoiándose no volume menor da súa fronte, afirma que a enerxía das funcións do cerebro non depende unicamente do seu tamaño; que con masas cerebrais moi pequenas a natureza produce os efectos máis admirables; que a IRRITABILIDADE dos órganos inflúe na enerxía das funcións, con todo o outro que acabamos de ver. Fixémonos ben nesta última circunstancia: a irritabilidade: Gall di, e todo o mundo sabe, que o sistema nervioso da muller é máis irritable; o vulgo di que é máis nerviosa, e está fóra de dúbida que o seu sistema nervioso ten máis actividade. Sendo, pois, máis activo, non será capaz de facer o mesmo traballo intelectual con menor volume? Non vemos isto mesmo en moitos homes máis intelixentes que outros, cuxa fronte é moito maior? Calquera que observase cabezas e comparase intelixencias, pode dubidar de que en moitos casos a calidade da masa cerebral suple a cantidade? Ademais, segundo a experiencia o aconsella, e o autor que imos refutando así o fai, non se han de apreciar as masas cerebrais tendo en conta o seu volume absoluto, senón o relativo; doutro xeito, o elefante e moitos cetáceos serían máis intelixentes que o home. Daquela, apreciando como se debe o volume da cabeza da muller, non dunha maneira absoluta, senón relativa, resultará menor que o do home? Se o seu corpo é menor, non habería de selo a súa masa cerebral?

Non sendo o diámetro do occipital ao frontal, que é maior na muller (o que Gall atribúe ao maior desenvolvemento do órgano do amor aos fillos), non sendo este diámetro —dicíamos—, todos os outros da cabeza da muller son menores que os do home, ou o que é o mesmo, a cabeza da muller é máis pequena. Se fose necesario igualdade de volume para que a enerxía nas funcións fose a mesma, a inferioridade da muller sería tal para todo, os seus sentidos serían máis

² *Physiologie du cerveaux*. (N. da A.).

torpes e, seguindo a Gall na súa clasificación de facultades, sería menor a súa circunspección, o seu instinto de localidade, o seu amor á propiedade, o seu sentimento da xustiza, a súa disposición para as artes etc. Nada disto sucede: na maior parte das facultades a muller é igual ao home; a diferenza intelectual só empeza onde empeza a da educación. Os mestres de primeiras letras non atopan distinción nas facultades de nenos e nenas, e se a hai, é en favor destas, máis dóciles polo común e máis precoces.

Na xente do pobo, entre los labregos rudos e sempre que os dous sexos estean igualmente sen educar, que observador competente pode dicir con verdade que percibe superioridade intelectual no home? Nos matrimonios desta clase, a autoridade do marido apóiase na forza muscular del, de ningún modo na súa intelixencia.

Di o doutor Gall que o órgano do cálculo está en xeral menos desenvolvido nas mulleres que nos homes, pero nunca vimos que os nenos contasen mellor que as nenas antes de aprenderen aritmética, nin que os homes do pobo que non a saben manifesten maiores disposicións para o cálculo que as mulleres.

Ben podería suceder tamén que, como a forma do cranio depende da do cerebro e todo órgano aumenta co exercicio e diminúe na inacción, ben podería suceder, dicíamos, que non cultivando as mulleres certas facultades, os órganos do cerebro correspondentes minguasen por falta de exercicio e que isto contribuíse algo ao seu menor volume, sendo efecto o que se considerou causa.

Xa dixemos que, segundo o doutor Gall, «Por máis que o home estea organizado de maneira *máis perfecta, o exercicio é indispensable* para aprender a combinar moitas ideas con relación a certos obxectos». Teñen as mulleres este exercicio indispensable? Pódeno ter? E se non o teñen nin por regra xeral é posible que o teñan, como van combinar moitas ideas con relación a certos obxectos, tarefa que en efecto necesita unha gran ximnasia intelectual?

O traballo da intelixencia está lonxe de ser unha cousa espontánea no home. O temor, a necesidade, o cálculo, o amor á gloria vencen a natural repugnancia que inspiran as fatigas do entendemento. O profesor e o discípulo necesitan un esforzo, grande polo xeral, para se habituaren aos estudos graves e ás meditacións profundas. Como van vencer as mulleres esta resistencia natural, cando non teñen obxectivo ningún para vencela, cando se lles di que non a poden nin a deben vencer e cando teñen para isto incluso imposibilidade material? Se certas

facultades só se revelan co exercicio continuado, se este exercicio falta, debe concluírse que non existen de que non se manifesten? Estraña lóxica! Tanto valería como afirmar que un home carece de brazos, porque tras telos toda a vida atados e na inacción, non é quen de levantar un gran peso. E dicimos grande, porque a muller non aparece privada de ningunha das facultades do home: coma el, reflexiona, compara, calcula, medita, prevé, recorda, observa etc. A diferenza está na intensidade destas funcións da alma e nos obxectos a que se aplican. A súa esfera de acción é máis limitada, pero non vemos que nela revele inferioridade. A inferioridade, disque, aparecería se a esfera se ampliase. Isto é o que non vimos demostrado con razóns; isto é o que ninguén pode probar con feitos; isto é o que importa moito que se descubra; e isto é o que co tempo se ha de descubrir. Palabras sonoras, pero ocas; autoridades, costumes, leis, rutinas e o ridículo e o tempo; isto é o que se adoita traer ao debate en vez de razóns. En tratándose das mulleres, os maiores absurdos séntanse como axiomas que non necesitasen demostración.

Nin o estudo da fisioloxía do cerebro nin a observación do que acontece no mundo autorizan a afirmar que a inferioridade intelectual da muller é orgánica, pois esta non existe onde os dous sexos están igualmente sen educar nin empeza nas clases educadas, senón onde empeza a diferenza na educación.

CAPÍTULO III

INFERIORIDADE MORAL DA MULLER

Hai algúns autores (farémoslles o favor de non os citarmos) que dan por certa a inferioridade moral da muller; hai algunhas leis que non se comprenden se non son consecuencia da mesma opinión, e dana por suposta tamén algúns costumes, ben que poucos e próximos a desaparecer. Nos costumes, este error pódese dicir que esmorece, que agoniza.

Que é a superioridade moral? Comparando dous seres libres e responsables, é moralmente superior ao outro aquel que teña máis bondade e máis virtude, aquel que sinta menos impulsos malos e os refree con maior enerxía, aquel que lles faga máis ben e menos mal aos semellantes e, para dicilo brevemente, aquel que sexa mellor. O home é mellor que a muller? Investiguémolo.

A bondade é sensibilidade, compaixón e paciencia. É o home tan sensible, tan compasivo e tan paciente como a muller? Supoñemos que non ha de haber ningún tan obcecado como para responder de modo afirmativo; mais se o houber, que ao cabo existen no mundo seres inverosímiles, imos expoñer algúns feitos de tanto vulto que quen non os vexa ha ser capaz de apalpalos.

A paciencia da muller, facultade que ten ben exercitada, déixase ver en todas as situacións da vida. Nena, empeza a auxiliar a nai, a coidar dos irmáns pequerechos, a ocuparse en faenas minuciosas e en angueiras prolixas, que acepta sen retrucar, e ás que sería difícil, senón imposible, suxeitar a ningún neno. Nai, ten cos fillos unha paciencia en verdade infinita, de que nin de lonxe é capaz o home. Sen que creamos que todos os mandos son uns tiranos, sabendo, pola contra, que hai moitos, moitísimos, moi bos, e que case todos son mellores do que se debiera esperar dadas as leis, as opinións e o estado de inferioridade intelectual da muller, non obstante, non nos parece dubidoso que, falando en xeral,

a paz dos matrimonios esixe maior paciencia da esposa, que con poucas excepcións é a máis paciente.

Tendo menos forza, é providencial que a muller teña máis paciencia; se non, había sucumbir nunha loita fácil de provocar e imposible de soste.

Que a sensibilidade da muller é maior vese con asaz claridade, aínda sen observala. Todo a conmove, todo a impresiona máis que ao home. Asístase, exáltase, entusiásmase, adiviña antes ca el. O seu *ai!* é o primeiro que se escoita; a súa bágoa, a primeira que brilla; as dores dóenlle máis; e cando o home se estremece, ela ten unha convulsión. O fisiólogo di que é máis *irritable*, o vulgo que é máis *débil*; pero todos coinciden —porque é evidente para todos— en que é máis sensible.

Quen coida do neno abandonado, do enfermo desvalido e do ancián decrepito? Quen encontra desculpa para todos os extravíos do triste? Quen ten bágoas para todos os aflixidos? Quen non pode ver pranto sen chorar? Quen padece *cos* que sofren e é *compasiva*, senón a muller? Cando o home se doe coma ela das alleas dores procúralles consolo co mesmo afán? Na praza pública e no lar doméstico, no hospital e no orfanato, onde queira que haxa unha dor, a muller aparece máis compasiva que o home.

Sendo máis paciente, máis sensible e máis compasiva, non poderemos concluir que é *máis boa*?

E se a muller se presenta a primeira cando se trata de consolar os tristes, é a primeira tamén para facer desgraciados, para causar mal? Infrinxe os preceptos de Deus e as leis humanas? Ataca a honra, a vida e a propiedade con tanta frecuencia como o home? Aquí responden os números.

A muller, máis impresionable, menos educada, posta ás veces pola opinión en circunstancias terribles, oprimida outras pola forza brutal, reducida moitas á miseria pola sociedade que lle pecha a maior parte dos camiños para gañar a subsistencia, escoitando o grito horrible dos fillos famentos cando non ten pan que darlles, recibindo a labazada ignominiosa do desprezo público se foi débil, exposta ao tedio por falta de ocupación racional e útil, a muller deberíase abandonar á desesperación con máis frecuencia que o home e recorrer máis veces ao suicidio. E, con todo, non é así. O ser débil soporta con maior fortaleza unha vida de dores; loita ata caer ferida pola man de Deus omnipotente, e non pola

súa culpable. A proporción varía duns países a outros; pero en todos é escaso o número de mulleres que se suicidan comparado ao dos homes.

Non falta quen diga que isto é covardía... Como se o suicidio fose un acto de afouteza e como se as mulleres non soubesen arrostrar a morte cando o deber ou a caridade o mandan, como se retrocedesen ante o perigo nos cataclismos e nas epidemias!

As mesmas causas que deberan impulsar ao suicidio máis mulleres que homes debían levar un número maior aos cárceres. Máis pobres, máis desprezadas e con peor educación, están nas circunstancias máis propicias para ceder ás tentacións do crime e pagar maior tributo á prisión e ao patíbulo. Non sucede así. En ningún pobo do mundo pode compararse a criminalidade da muller coa do home, nin polo número nin pola gravidade dos delitos. Nos Estados Unidos, onde están mellor educadas e teñen maior facilidade para gañar o sustento de forma honrada, a cantidade de mulleres criminais é tan baixa que, ao instituíren o sistema penal, creron os reformadores que ían poder prescindir delas. En España a proporción de criminalidade entre os dous sexos é de sete homes por cada muller, e mentres nos homes a cuarta parte dos delitos son contra as persoas, entre as mulleres, é un de trece.

Se a muller, nas malas condicións en que está, atopando tantas dificultades para se prover a subsistencia, carecendo de educación e sendo pouco considerada, en xeral, se ve máis nas casas de beneficencia e menos nas prisións que o home (é dicir, que fai á sociedade máis ben e menos mal), non poderemos afirmar que é mellor?

Observando con atención e imparcialidade, non é posible ignorar a superioridade moral da muller. As súas paixóns son menos violentas e son menos fortes nela os instintos cuxa preponderancia conduce ao crime. O desexo de agradar, que desbaratado por unha educación absurda a leva con frecuencia a ridículas frivolidades, faina moi sensible á reprobación, e en moitos casos sérvelle de freo. Teñen as súas paixóns outro freo de maior eficacia, o sentimento relixioso, moito máis forte nela que no home. O temor de Deus contena, o seu amor elévaa e purifícaa, e a esperanza n'El dálle fortaleza e resignación; o sexo piadoso ten na piedade un elemento máis para marchar con firmeza polo camiño da virtude e para se erguer despois de caer.

Pais amantes que acolledes con tristura o nacemento dunha filla porque prevedes para ela máis penalidades que se fose varón, acougade, pois esta criatura, fisicamente débil e suxeita a tantas dores, ha ter a fortaleza da resignación e o consolo da esperanza. A súa maior sensibilidade, orixe de moitas mágoas, ha selo tamén de moitas alegrías; as malas paixóns arrastrarana menos veces, e no medio da loita rexa co mundo, halle ser máis doado atopar a paz da alma. Nin sempre que apareza como vítima o vai ser de feito, porque goza máis na abnegación que no egoísmo. Se enfila máis veces polos camiños da tristura, non ha frecuentar tanto os da culpa. Os seus ollos han derramar bágoas, pero case nunca han verter sangue as súas mans. Non recibades a pobre meniña que acaba de nacer con desdén ou con temor; dádelle o ósculo de benvida, dicindo: Miña filla da alma, se acaso es menos afortunada por ser muller, tamén serás mellor e máis virtuosa!

CAPÍTULO IV

A HISTORIA

O que se chama historia na vida intelectual da muller é un embuste, porque non se pode facer a historia do que non existe. As mulleres non tiveron ata o de agora vida intelectual. Algunhas, vencendo todo xénero de obstáculos, eleváronse moi altas nas rexións do pensamento, como outras tantas protestas que lle dicían ao home: «Calumnias a metade do xénero humano». Pero estes raios de luz consideráronse unha rara excepción, sen dubidar nin un momento que poida haber erro nin dano en pensar así. Cabe notar que os homes se cren infalibles en todos os seus xuízos sobre as mulleres: a súa opinión é unha especie de dogma, as súas ideas, artigos de fe. Mesmo os que están dispostos a discutilo todo, admiten mal a discusión neste eido; parece que nel non se pode prender unha luz sen incorrer na cualificación de incendiario; que todo chamamento é algeirada e que a orde se ha de establecer necesariamente en silencio e ás apalpadelas. Esta observación, de cuxa precisión se pode asegurar calquera, debera dar a todos que pensar.

Nos pobos salvaxes, a muller, instrumento pasaxeiro de praceres brutais, é horriblemente desgraciada. O seu feroz tirano sacríficaa e sobrecárgaa de angueiras e de dor. Sen máis lei que a forza nin máis necesidades que groseiros apetitos, asoballa a pobre escrava, que non atopa misericordia, porque o seu verdugo non sabe o que é amor, compaixón nin xustiza, nin sabe tampouco o que é felicidade.

A vida do bárbaro xa non é tan dura nin é tan rudo o seu entendemento. Comeza a pensar, a sentir, a se gozecer da intemperie; a súa muller parécelle fermosa, e mesmo cun amor groseiro, ámaa.

O home civilízase, faise máis sensible, máis humano, máis xusto; mellórase. Daquela, mesmo as súas necesidades materiais se deben satisfacer dun modo menos material; quere adornar a súa casa e a súa persoa, quere que a muller sexa

bela, e para iso necesita ocuparse de que polo menos materialmente non sufra, e coida en efecto de que os seus sufrimentos non mingüen os seus atractivos. Este egoísmo está xa moi lonxe do egoísmo salvaxe, e proba ben que o home é mellor a medida que é menos groseiro. Cando dá un paso máis, cando o seu corazón empeza a ter necesidades, cando se decata de que naquel ser en que ao primeiro non viu senón beleza material hai tesouros de amor que a el lle poden procurar ledicia, o instinto faise sentimento, purifícase, espiritualízase e o pracer convértese en felicidade. Pero voluble, busca o ben en unións pasaxeiras; ou groseiro aínda, déixase arrastrar moitas veces polos instintos brutais. Aparece así unha relixión que diviniza a castidade, santifica o amor, bendí a unión dos dous sexos e fai do matrimonio un sacramento. A muller pódese considerar dobremente redimida polo que morreu na cruz.

Elevada a compañeira do home, quedou moralmente rehabilitada. O guerreiro do norte rompeu lanzas pola súa beleza e pola súa virtude; o seu amor formou o cabaleiro, fermosa creación que puxo freo á forza, deu amparo á debilidade, e apoio, á xustiza. A virtude da muller foi unha necesidade para a familia, e coa súa honra identificouse o honor do esposo e do pai.

Así viviu moito tempo elevada ata o home polo corazón, considerada inferior a el por ser fisicamente máis débil, cando a forza era todo na sociedade. Pero a maneira de ser dos pobos muda. Comezan a cultivarse as artes e as ciencias, ao exercicio dos músculos sucede o das facultades intelectuais, e o mundo recibe leis, non do que manexa con máis bríos unha lanza, senón do que discorre mellor. O home estuda, medita, sabe, e así como ao principio da civilización quixo adornar materialmente a muller para se deleitar máis na súa fermosura física, agora empeza a sentir un baleiro, ao ver que non a pode asociar aos altos deleites da intelixencia, e pregúntase: «Poderá ser en verdade a muller a miña compañeira? Serán as súas facultades intelectuais cultivadas capaces de elevarse ata as altas rexións do pensamento? Dará a súa razón comprendido a miña para auxiliála?». A estas preguntas o home non respondeu aínda, pero o problema formulouse e o tempo ha despezar a incógnita.

En todas as cuestións de sentimento, de honra, de delicadeza e de conciencia, a muller mostrou que chega a onde se pode chegar apenas a sacaron do envilecemento en que se encontraba. Con relación ás facultades intelectuais, esta demostración non a puido facer pois estalle vedado o ámbito en que se cultivan.

Algunha vez deu entrada nel con gran traballo e non pequeno perigo, recollendo óptimos froitos e sendo cualificada, como xa dixemos, de excepción rara, de modo que non se admite como argumento a prol da súa intelixencia. Hai algúns feitos, porén, que falan moi alto en favor dela.

O home, pai agarimoso, non quixo privar a filla, só por non ser varón, da herdanza paternal, e cando as nacións se consideraban patrimonio dos reis, á falta de varón, as mulleres subiron ao trono. Deron nesa altura mostras de incapacidade intelectual? Cóntese o número de reis e de raíñas nos países en que as femias poden cinguir a coroa e véxase se non están en maior proporción as raíñas notables polos seus talentos e aptitude para o mundo. Isabel I, dona María de Molina, Isabel de Inglaterra, Cristina de Suecia e as Catalinas de Rusia forman un grupo de mulleres intelixentes que, se se compara ao baixo número das que reinaron, debe levar a recapacitar ao máis resolto defensor da inferioridade intelectual da muller.

Nas artes distínguense as mulleres malia a desvantaxe con que as cultivan. Aínda que, por norma xeral, con menos instrución que o home, non se mostran inferiores na escena, e son cómicas, tráxicas e cantantes eminentes. Acaso non se necesita para isto intelixencia, e moita intelixencia? No trono e no teatro, que é onde puideron brillar os talentos da muller, non brillan, cando menos, ao par dos do home? Qué razón hai para soste, para sospeitar sequera que noutros eidos, se non se lle vedasen, non sería capaz de manifestar igual aptitude? E se dos feitos públicos que se poden constatar na historia pasamos aos privados e observamos no lar doméstico, quen non recorda oír dicir moitas veces na casa propia ou nas alleas, comparando os irmáns de diferente sexo: «Aquí están cambiados; a rapariga debía ser home, porque aprende incomparablemente mellor que o seu irmán etc.»? Ao cabo dalgúns anos, porén, as avantaxadas facultades da nena, pola falta de exercicio, estarán atrofiadas na muller, que será vulgar, e o irmán recibiu xa un título académico, e será moi superior a ela, e a súa superioridade será un feito e un argumento poderoso a prol da superioridade do sexo masculino.

Nos adultos non educados non se advirte diferenza nas facultades intelectuais dun e outro sexo. Tampouco se nota entre os nenos e nenas das clases educadas. Problema: *Para as persoas que reciben educación, A QUE IDADE COMEZA a superioridade intelectual do home?* Pódese ofrecer un bo premio a quen o resolva, na

certeza de que non o ha resolver ninguén. A cuestión así formulada, non parece ridícula? Seguramente, porque a lóxica do absurdo leva á dor ou ao ridículo.

A historia, é dicir, a experiencia, ou cala ou di: *A intelixencia da muller non é inferior á do home.*

Terminando este escrito, chega ás nosas mans un en que se informa sobre a instrución superior das mulleres nos Estados Unidos. Por este vese que a cuestión de se a intelixencia é igual nos dous sexos está de feito resolta afirmativamente. Copiaremos algúns parágrafos de M. Trippeau, que é o autor desta interesante nova. Di así:

Non foron os pobres mestres de escola os que menor tributo pagaron á morte nesta guerra [a dos estados do norte cos do sur]. Só do estado de Connecticut alistáronse 2500 no exército do norte e foron contados os que volveron á terra. Foi necesario, pois, que as mestras se multiplicasen para os substituíren, e así se fixo; de modo que de cada cen escolas dos Estados Unidos, setenta están dirixidas por mulleres.

As consecuencias da guerra someteron o talento das mulleres a unha nova proba. O triunfo do norte sobre o sur rescatou unha poboación de negros calculada en catro millóns de almas que xemían suxeitas á ominosa escravitude. A relixión e a humanidade, por conseguinte, ocupáronse de aliviar a sorte dos infelices, que ao día seguinte de seren manumitidos se vían expulsados polos seus señores e obrigados a buscar o sustento e o dos fillos no traballo. Pero nos Estados Unidos non podían faltar numerosas asociacións para a fundación de escolas e, así foi, nos do norte fundáronse máis de seis mil para os nenos negros de ambos os sexos. Con este motivo fíxose un chamamento entusiasta ás persoas ben acomodadas, desas que alí se asocian sempre e xa como por costume a todos os actos de beneficencia, e dende o ano de 1863 creáronse catro mil escolas para a mocidade de cor nos estados do sur.

O ensino nestes novos centros de caridade e de instrución encomendóuselles ás mulleres, a estas xenerosas misioneiras da ciencia, que non vacilaron en abandonar os pais e a familia para se consagraren a un traballo penoso de seu e máis aínda pola acollida pouco benévola que polo xeral atopaban nas poboacións en que se establecían. Eu tiven ocasión de velas no exercicio das súas funcións, e non sei o que admirar máis, se o seu celo e intelixencia ou os sorprendentes resultados do seu quefacer. Así se explica que nas memorias anuais dos inspectores das escolas públicas, estes funcionarios consignent

sempre que as mulleres demostran no maxisterio unha intelixencia, unha habilidade e un tacto que dificilmente se encontraría nos homes, ata o punto de que se de algo as poden tachar é do excesivo ardor con que se entregan ao traballo, ás veces con prexuízo da súa saúde.

O ensino nas escolas públicas dos Estados Unidos dista moito de estar preso nos límites do que nós chamamos instrución primaria, dado que comprende tanto as materias da escola elemental como as dos colexios de ensino especial e a maior parte das que son propias dos liceos [institutos en España], mais mesmo así dispénsase de forma grauíta aos alumnos de ambos os sexos, dende os cinco ata os dezaioito anos. Latín, grego, alemán, francés, historia (en particular, a dos Estados Unidos), xeografía, literatura, aritmética, álgebra, xeometría, astronomía, física, química, historia natural, anatomía; todas estas linguas e ciencias ensínanse tanto ás nenas como aos nenos, reunidos nas mesmas escolas, nas mesmas aulas e, polo xeral, sentados nos mesmos pupitres.

Ora ben, como, hai moitos estados que para o ensino prefiren decididamente as mestras, calcúlense os coñecementos que deberán atesourar para obteren o título de capacidade. Ata tal punto é así que nada asombraría tanto un habitante de Nova York, de Boston ou de Filadelfia como que alguén tratase de convencelo de que entre as diferentes ramas dos coñecementos humanos hai algunhas que se deben reservar aos homes con enteira exclusión das mulleres.

[...]

O señor Vassar, enriquecido polo comercio, concibiui a idea de consagrar a súa pingüe fortuna á creación dunha grande institución de ensino onde as mozas o puidesen recibir tan vasto como o que se lles dá aos varóns nos mellores colexios dos Estados Unidos. Para realizar semellante proxecto contactou cos homes máis entendidos dos que en diferentes países se dedicaban a elevar por medio do ensino o nivel intelectual das mulleres e en 1861 puxo en práctica o seu plan, que moito meditara, e fundou o colexio que leva o seu nome: Vassar.

O día en que na Asemblea de Nova York, aceptando o ofrecemento feito polo señor Vassar, se decretou a incorporación deste colexio á universidade é unha data importante na historia da instrución pública dos Estados Unidos, porque nela quedou recoñecido de forma solemne o dereito da muller a recibir o ensino superior, ata daquela reservado aos homes, proclamándose con non menos solemnidade o principio de igualdade e intelixencia en ambos os sexos.

[...]

A idade de catorce anos é a fixada para que as alumnas sexan admitidas no colexio, onde os estudos duran catro anos. Para cursar o primeiro destes requírese que as aspirantas saiban traducir e comentar de César (4 libros), de Cicerón (4 discursos), de Virxilio (6 libros), e que estudasen álgebra ata as ecuacións de segundo grao, retórica e un compendio de historia universal.

O ensino dos catro cursos comprende: o das linguas latina, grega, francesa, alemá e italiana; o das matemáticas, física, química, xeoloxía, botánica, zooloxía, anatomía, fisioloxía, retórica, literatura inglesa, literatura estranxeira, lóxica e economía política.

[...]

A consideración máis importante que nos inspira o colexio Vassar é que as alumnas non resultan inferiores, baixo ningún concepto e sexan cales sexan os estudos a que se dediquen, aos mozos da mesma idade e circunstancias dos outros colexios. Púídenme convencer disto por completo, asistindo tal como fixen a todas as clases e vendo as alumnas sempre dispostas a contestar co maior lucimento a cantas preguntas lles dirixían. Iguais resultados tiven ocasión de observar nas outras institucións de ensino superior destinadas ás mulleres.

Non son acaso estes feitos de bastante vulto como para facer dubidar aos que temen máis comprometer a súa infalibilidade que a súa xustiza e chaman bo ao camiño trillado, soño a todo o que non se realizou, perigo a calquera innovación, trastorno ao movemento, e cren atentatorio á dignidade do xénero humano que se eleve o nivel intelectual da metade deste?

Aínda queda por algún tempo o recurso de negar feitos que non son moi coñecidos; pero ha chegar o día en que serán evidentes e incontestables para os que miran con desdén as teorías. Ha chegar o día en que os homes eminentes que hoxe sosteñen a inferioridade intelectual da muller serán citados como proba do tributo que ás veces pagan á súa época as grandes intelixencias, e leranse os seus escritos co asombro e o desconsolo que causa ver nos de Platón e Aristóteles a defensa da escravitude.

CAPÍTULO V

CONSECUENCIAS PARA A MULLER DA SÚA FALTA DE EDUCACIÓN

O erro de que as facultades intelectuais da muller son inferiores ás do home, e moi inferiores, ten fatais consecuencias, como todos os erros e máis que moitos. Hai erros que se poderían chamar simples, mentres que outros son compostos. O erro que tratamos de combater hoxe é dos últimos, e os seus resultados esténdense e ramifican ata o infinito. Aínda que a inxustiza e o erro son malos para todos, aínda que todo o que prexudica a muller vai tamén en prexuízo do home e non pode haber cousa mala para entrambos que sexa boa para a sociedade, co fin de precisar mellor, imos ver as consecuencias da suposta inferioridade da muller.

Primeiro: para ela.

Segundo: para o home.

Terceiro: para a sociedade.

Na orde moral, a muller encóntrase degradada, pois non se pode separar a moralidade da intelixencia. De aquí que a lexislación a trate como menor en moitos casos, lle dea pouco valor ao seu testemuño e só polas necesidades da xustiza, a impulsos da conciencia e incorrendo en grave contradición, a iguale ao home. Esta desigualdade ante a lei prexudícaa, non só polos dereitos de que a priva, senón polo moito que diminúe así o seu prestixio. A muller, degradada no concepto de todos e no seu propio, non reclama, non pode reclamar nin sequera os dereitos que ten. Todo o ignora, todo o teme. Todos se atreven a aldraxar unha muller soa e a letra da lei cando a favorece é letra morta se non hai unha persoa

do outro sexo que faga valer a súa xustiza. Estes valedores son rara vez desinteresados e, por norma xeral, engánana e explótana, sen que ela o poida evitar, sen que o intente sequera, porque é a primeira convencida da súa inferioridade.

As desventuras que isto lle ocasiona son incontables: solteira, ve diminuír e talvez desaparecer o froito dos esforzos do pai; viúva, ve acaso sumidos na miseria os fillos, que poderían vivir con largueza se non fose pola súa incapacidade para os negocios. Solteira, casada ou viúva, considéranla e considérase incapaz de ningunha profesión que esixa intelixencia, e iso é o máis grave de todo.

A lei prohibelle á muller o exercicio de todas as profesións: só nestes últimos tempos considerouse apta para ensinarlles ás nenas as primeiras letras.

A opinión sacou as últimas consecuencias destas premisas e foi alén da lei. En canto un traballo, aínda que mecánico, esixe algunha intelixencia, nin se lle permite á muller que nel tome parte nin ela o intenta. Cousa ben material é escribir, pero como é preciso ou polo menos conveniente ter ortografía, non hai escribentas. Ben propios para as delicadas mans dunha muller son os traballos de relaxaría, pero como cómpre saber algo de mecánica, nin que sexa básica, non hai reloxeiras. Así poderíamos continuar cunha longa listaxe de oficios lucrativos a que, aínda non esixindo forza muscular, non se poden dedicar as mulleres. Porén, cargan con grandes pesos, sobre todo nalgúns países: son lavandeiras etc. Hai moitos oficios que non esixen maior intelixencia que outros a que se dedican as mulleres, monopolizados, non obstante, polos homes, só porque ese é o costume. Isto é consecuencia de que a vida toda da muller esta encadeada á rutina; de que o uso, bo ou malo, é para ela lei; e de que o ridículo a ameaza apenas pretende saír do carril que lle trazaron. Como, daquela, coa súa falta de iniciativa, coa súa debilidade e a idea que ten da súa incompetencia vai poder superar tantos obstáculos? Nin o intenta. O seu traballo queda reducido a ocupacións cada día peor retribuídas, porque as máquinas lle fan unha competencia imposible de soste, e se resta algunha tarefa a que se poida dedicar, acoden tantas operarias que o que lles dea traballo obrígaas a cumprir a súa vontade e con dureza.

Agás algunha artista, algunha mestra e algunha estanqueira, en ningunha clase da sociedade pode a muller prover a súa subsistencia e a da súa familia. Filla, non pode auxiliar os pais anciáns; esposa, non pode axudar o marido; nai, vese no maior desamparo se a morte a deixa viúva ou o seu esposo por perversi-

dade a abandona. De aquí vén a miseria e a desventura baixo moitas formas: a prostitución e os matrimonios prematuros ou os fillos do miserable cálculo e a triste necesidade, pois casar é a única carreira da muller.

O concienciado autor que estudou a prostitución en París observa que ás máis das mulleres que figuran nos oprobiosos rexistros foi a miseria a que as lanzou ao abismo da prostitución. Cantas vítimas non se lle arrancarían se se lle deixasen á muller expeditos todos os camiños para gañar de modo honrado a subsistencia, se a lei e a opinión non lle creasen obstáculos por todas as partes, se non tivese que sostener unha loita en que é ás veces tan difícil que triunfe a súa virtude!

A prostitución é para a muller o máis horrible dos males e repetiremos por este motivo o que dicíamos hai anos nun libro impreso, pero non lido³.

Nunca se conmove tan tristemente o meu corazón como ao entrar nun hospital de mulleres onde se curan as doenzas consecuencia da prostitución. Alí as enfermas non adoitan queixarse. Saben que a ninguén inspiran compaixón e procuran aliviar a dor física igual que a dor moral con chufas obscenas, con blasfemias e gargalladas que, como as dun tolo, fan chorar. Quérense embriagar co vicio, non lles queda outro recurso; queren cuspir parte do desprezo que inspiran sobre as cousas santas; queren negar o que a elas lles está vedado; quérense rir do mundo para se vingaren da dor que lles causa. Coitadas mulleres! Son e séntense desgraciadas e confésano cando se achega ao seu carón algunha desas almas que teñen bágoas de dó abondo para abafar o lume sinistro que brilla na pupila da prostituta. Quen pode mirar, sen sentir unha profunda conmiseración, para ese ser tan infeliz e tan degradado, que leva o seu extravío ata o extremo de gabarse do que a debera avergoñar? Quen non se aflixe ao ver esa muller que foi inocente e foi pura, que puido ser respectada, querida, mais que hoxe para gañar o pan arrebo-la o corpo pola esterqueira do vicio que a envelena, véndelle por uns reais a un home repugnante o dereito de transmitirlle unha enfermidade noxenta e pasa seguido dos brazos da luxuria á cama do hospital, onde a ninguén inspira compaixón, onde a todos causa desprezo e noxo, onde a curan para que volva servir como un animal que enfermou e unha vez curado pode ser útil? Digo mal: esta comparación non dá idea certa do que

³ *Cartas a los delincuentes.* (N. da A.).

inspira no hospital a muller deshonestas, cando as súas mesmas compañeiras se burlan das súas dores e cando o practicante, ao cortar ou queimarlle as carnes, lle dirixe, a modo de consolo, algunha chanza obscena. Se non morre nova, que hai máis digno de compaixón que a súa vellez anticipada e unha morte que ninguén vai chorar?

A muller criminal é sen dúbida máis odiosa, pero non hai nada tan desprezable como a muller deshonestas; non hai home tan vil que non se xulgue superior a ela e a desdeñe. Como a primeira necesidade do seu ser moral é inspirar amor e sentilo, como por máis que faga a muller non pode ser feliz senón querendo e sendo querida, a muller deshonestas é profundamente desgraciada; cando di outra cousa, mente, e mentira é o seu gozo cando parece alegre, o seu contento cando canta e a súa satisfacción cando ri. Se se puidese ver o corazón das mulleres impúdicas que por un tempo parecen felices, veríase a súa desgraza como unha lastra incurable cuberta con pano luxoso: e digo por un tempo, pois se a felicidade fose posible, non lle duraría máis que a súa beleza, que ben pouco dura.

A este inmenso infortunio da muller contribúe de xeito eficaz a falta de educación e a imposibilidade en que moitas veces se atopa de gañar de forma honrada a subsistencia, por non poder exercer ningunha profesión nin oficio lucrativo.

É preciso ver como viven as mulleres que non teñen máis recursos que o seu traballo; é preciso seguilas paso a paso por ese *via crucis* tan longo, loitando noite e día coa miseria, dando un adeus eterno a todo pracer, a toda satisfacción; encerrándose co seu fado como cunha fera que quere a súa vida e que a ten á fin, porque a doenza acode e a morte prematura chega. Como non ha chegar, chamada pola atmosfera viciada do reducido cuarto, pola humidade e o frío intenso e a excesiva calor, e mais a mala e escasa comida, e o traballo continuo que non abonda para liberar da miseria os seres queridos, e tantas penas da alma e tantas bágoas dos tristes ollos aos que non trae alegría o sol ao saír nin promete descanso a campá que toca á oración da tarde? Quen ve estas existencias e as comprende e as sente admírase de que non sexa maior o número de prostitutas, de suicidas, de criminais, e cre en Deus e en conciencia que debe pedir educación para a muller, que debe reclamar para ela o *dereito ao traballo*, non no sentido absurdo de que o Estado estea obrigado a darllo, senón partindo do principio equitativo de que a sociedade non pode en xustiza prohibir o exercicio honrado das súas facultades á metade do xénero humano.

E mesmo que non se laien loitando cos horrores da laceira, e mesmo que non se vexan unidas a un home que non aman ou que lles é antipático, e mesmo que non se asoballe o seu dereito nin se menoscabe a súa facenda, cantas penurias e canto tedio lle amargan a vida á muller pola súa mala educación!

Sen autoridade ningunha nas cousas que non son da súa competencia, é dicir, en todo o que non se refire aos coidados domésticos, ve extraviarse o esposo ou o fillo, sénteo co seu instinto ou percíbeo coa súa natural razón, e esfórzase por apartalos do mal camiño; pero esfórzase en van, porque lle impoñen silencio cun «Que entendedes as mulleres diso?». E vese obrigada a calar ata o momento en que chore os males que previu e que pola súa falta de prestixio non puido evitar. Asaz frecuente é ver que os homes cometen os desacertos e as mulleres sofren as consecuencias; que a que o día do consello non foi escoitada, o día da desventura teña a primeira voz para a resignación e o consolo e o sacrificio.

E o tedio é outra consecuencia da falta de educación nas mulleres; moitas *temen os días de festa*. E non se crea que o tedio é un mal de pouca importancia e que non pode influír poderosamente na felicidade doméstica e poñer en risco a virtude: talvez sexa un inimigo máis terrible que a dor. A dor é activa, gástase co tempo, alíviase; o tedio é unha cousa pasiva, é un baleiro que se sente sempre igual, se non máis. A dor ocupa, non deixa á imaxinación que se extravíe máis que nunha dirección: se algunha vez dá oídos á tentación do crime, rexeita as suxestións do vicio; o tedio, en troques, pode escoitar todas as voces tentadoras, ten camiños para todos os extravíos e non hai aberración que nun momento dado non lle poida servir de espectáculo. A dor é motivada, impón respecto; o fastío vago, sen causa determinada, acha pouca tolerancia; a dor fere, o fastío corroe.

Na vida íntima, unha muller moi enfasiada é difícil que non cause moito fastío, a menos que teña grandes tesouros de cariño e de bondade; e é máis difícil aínda que o home tolere paciente un malestar ao seu parecer inmotivado. A súa esposa ten para comer e para vestir, e a casa ben amoblada; nin os fillos lle dan desgustos nin el tampouco; todos gozan de saúde; que lle falta a esa criatura e por que se lle ha de aturar o mal humor a ela que tan bo carácter tiña de máis nova? Non llo tolera e impaciéntase, a paz túrbase, ao home élle desagradable a súa casa e talvez busque noutra satisfaccións culpables.

O home que non atopa razón para tolerar o mal humor da súa compañeira non repara en que o seu amor se converteu en amizade, acaso morna; en que os fillos xa non a ocupan sen tregua como na infancia; que marchan da casa ás súas ocupacións e a distraerse coma el, mentres ela pasa a vida case soa. As tarefas domésticas ocúpana, pero non dabondo; non logran satisfacer as necesidades do seu ser moral e intelectual. E canto máis activa sexa e máis intelixente, peor estará.

Se é devota, corre o risco de facerse beata; se non é, axéxa o perigo de caer na disipación, arruinando o marido con luxo e diversións, e iso se non o deshonra con excesos. Cando non lle suceden ningunha desas dúas cousas, aborrécese no lar, e chega a ser desgraciada de verdade. O tedio é unha enfermidade do entendemento que non ataca senón os ociosos. Os quefaceres da muller non lle ocupan máis que as mans; chega un momento en que a poder de abusar da vista en labores minuciosos, case microscópicos, esta lle falta, e ata a ocupación manual queda reducida a moi pouca cousa.

Se as mulleres non tivesen facultades intelectuais, deberían estar satisfeitas cando non senten grandes penas no corazón nin lles falta o necesario para a vida material; mais non é así. Talvez alguén sinale que incorremos nun erro de feito, que as mulleres ás que aludimos, cando non se queixan é proba de que se encontran ben, que a súa desventura é obra da nosa imaxinación ou do desexo de encontrarmos argumentos que confirmen as nosas opinións.

Non son os feitos algo tan fácil de ver como se cre. Cantos homes non coñecen por experiencia os desventurados efectos do tedio da súa muller sen sospeitaren a causa! Cantas mulleres non se encontran mal ou talvez son infelices sen saberen por qué e consideran inevitable o seu desacougo, atribuíndolles aos nervios, á infelicidade ou á culpa o que é consecuencia da inacción das súas facultades máis nobres!

O tedio da muller fai grandes estragos na paz doméstica. Inimigo invisible e poderoso, é como se se identificase coas existencias que envelena, e preséntase co poder da fatalidade. É probable, é case seguro, que moitos lectores crean que esaxeramos as súas consecuencias, pero todo aquel que observe con atención hase convencer dos danos que provoca, de que produce un malestar na muller que se lle transmite á familia, e é como certas doenzas que se revisten de mil formas pero teñen a mesma orixe. Fóra dos casos excepcionais de virtude heroica ou

bondade sublime, certo grao de malestar é un obstáculo insuperable para espaxer arredor o ben; e cando se dá espaxerado, hai nel sempre un pouso de acritude ou de melancolía que revelan a súa triste orixe.

Todos estes inconvenientes e outros moitos habíanse remediar se as mulleres tivesen ocupacións útiles e racionais, ocupacións que as *ocupasen* e en que entrasen en maior ou menor medida o exercicio das facultades máis nobres. As persoas que empregan todas as que recibiron da natureza quizais sexan desgraciadas cando Deus lles mande algunha terrible proba, pero non se aburren nunca: o tedio é fillo da ociosidade.

Outro inconveniente de non levantar o espírito da muller ás cousas grandes é que se fai escrava das pequenas. As minuciosidades inútiles e exasperantes, os caprichos, a idolatría pola moda, a vaidade pueril, todo isto vén de que a súa actividade, o seu amor propio, se ten que colocar *onde pode*, e ao atopar pechados os camiños que conducen a altos fins, descende por sendeiros tortuosos ata perderse nun intricado labirinto. As necesidades verdadeiras, consonte a clase de cadaquén, teñen límites; non os teñen as do capricho e a imaxinación, que lle pide ao luxo gozos acaso incompatibles coa honra. A muller faise escrava do figurino e da modista, cifrando o seu benestar na elegancia e na riqueza da súa vestimenta, e en que a casa estea amoblada con luxo. Hai poucas disposicións do noso espírito con tendencias tan invasoras como a vaidade: reborda se non se lle poñen límites. E como a vai poder coutar o entendemento da muller mediante sólidos diques sen educación e sen exercicio? A vaidade, lonxe de atopar grandes obstáculos, encontra poderosos auxiliares nas ocupacións, nos hábitos, nas divagacións intelectuais da muller, e así fai nela tantos estragos. Daquela, ás monstruosidades xeradas polo erro chámanlles inclinacións innatas, e imperfeccións naturais, á ignorancia da natureza ou á impiedade de querer desfigurar con man sacrílega a obra de Deus.

É un inmenso infortunio para a muller dar moita importancia ao que ten pouca, someténdose ao xugo das cousas pequenas. Como son tantas, a desgraza pódelle vir de moitas partes, e ás veces sen vontade ou sen remorsos de quen a envía. Nestas penas desproporcionadas ao mal que as causa, substitúese o ridículo pola gravidade; a proba non proporciona triunfos á virtude nin dá a resignación exemplo nin a dor purifica. A existencia da muller vese moitas veces como aseteada por un enxame de insectos que chegan un a un, fáciles de aniquilar

illados, invencibles reunidos, e non os pisa, non os aniquila, porque aprendeu en mala hora que para ela é imposible. Cantas veces se asemella o seu desazo ao daquel tolo, inmóbil no seu asiento porque cría que era unha grosa cadea o fío co que estaba preso!

Hai para a muller máis infortunios creados ou agravados pola inactividade das súas facultades intelectuais? Hai. Hai outro mal que estremece: a paixón; fero inimigo ante o cal se acha sen defensa... Que dicimos sen defensa?! Préstalle auxilio poderoso todo o seu modo de ser, tal como a sociedade llo forxou na zafra terrible da súa vontade cega.

A muller non é xa a femia do bárbaro ou do salvaxe, embrutecida e mártir, que non ten nin forza nin tempo máis que para resistir a dor e a opresión. Non é tampouco a muller do Oriente cuxa beleza física se valora mentres se escarnece a fermosura da súa alma. O home comprendeu que o seu corazón é un tesouro, e a muller do mundo civilizado e cristián, moralmente rescatada do seu longo cativerio, é amada, pode amar, ama: recoñecéronse as súas facultades afectivas antes que as súas facultades intelectuais, e o seu corazón non está dentro dun círculo de ferro como a súa intelixencia. Así era necesario; o home sente antes que pensa. O cariño, se non é mutuo, non pode ser venturoso, e o home non lle podía prohibir á muller o sentimento sen vedarse a si mesmo a felicidade. No mundo dos afectos, a muller ten xa personalidade, ninguén lle nega a súa competencia e o seu dereito.

Tal é a situación da muller: abertos todos os camiños do sentimento, cerrados todos os da intelixencia. Impresionable e amante por natureza, toda a súa actividade se encarreira polo único camiño que non lle está vedado.

Amar para ela é a vida, toda a vida; o amor é á vez un recurso, unha ocupación, un sentimento, e ama sen medida, cegamente, con loucura, con delirio, porque sen o amor, sen algún amor, a súa existencia é a negación, é o nada. Vese así como percorre apaixonada a escala de todos os amores, tanto os sublimes como os ridículos, dende o santo amor de Deus ao que lle inspira o seu can ou o seu gato. Máis impresionable, máis amante que o home, para non se ver arrasada pola paixón, necesitaría maior contrapeso ca el, mais non ten ningún. O home cultiva as súas facultades intelectuais, preparando así o equilibrio, xa pola actividade que se reparte, xa polo adversario que no día da loita han encontrar os afectos na razón ilustrada. O home ten unha vida activa e necesidade de

prestar atención ás cousas exteriores e de concentrala nos traballos do espírito; así pode prestar menos ao sentimento, dispoñendo de armas poderosas coas que se defender dos extravíos. A súa existencia é complexa, o ben e o mal teñen moitos camiños, pero dotouse de medios variados para buscar o primeiro e fuxir do segundo.

A vida da muller é sedentaria e monótona: non ten nin actividade nin variedade. Se é vulgar, admite o amor, calquera amor, como pasatempo; se non é, ama con vehemencia, con paixón. Toda a febril actividade da súa alma concéntrase nun só punto, ningunha cousa a distrae da súa perigosa éxtase, e cando se extravía, nada a contén, e o día que se aflixe nada a consola, porque un ser era a luz dos seus ollos, e cando perden esa luz, quedan na escuridade e ven estrañas visións. O mundo coas súas angueiras, cos seus ruídos, cos seus feitos non turbou os seus soños de felicidade nin consolará as realidades da súa desgraza. Ela non acha en si recursos para combater a paixón, que é a única forma en que concibe a vida. A súa felicidade non ten senón un molde; roto este, deixa de existir. Prestará oídos ao laio da muller piadosa ou a gargallada da prostituta e consonte o camiño que escolla, será digna de desprezo ou de respecto, pero nunca será feliz. A paixón para o home é un torrente, para a muller un abismo.

Tal é a situación da muller no mundo civilizado e cristián, en que ten grande actividade a parte afectiva da súa alma, mentres permanece aletargada a súa intelixencia. Máis impresionable e máis amante por natureza, todos os amores da muller serán sempre máis vehementes, pero con outra educación, máis e mellor ocupada, centrando unha parte da súa actividade nas súas facultades intelectuais —que puidesen no día da loita facer de contrapeso, servirle de facho e encher un baleiro—, a muller non se vería indefensa contra a paixón que lle crava as garras e lle rebenta as entrañas. De todos os seus grandes infortunios, este é acaso o maior. Para a muller vehemente e apaixonada, as borrascas da vida son inevitables, sabémolo, pero se se ha de lanzar ao mar tempestuoso, cando menos non a privemos de compás e de temón.

A intelixencia que máis afondou no estudo das paixóns, *madame* Staël, di así:

... as leis mesmas da moralidade, segundo a opinión dun mundo inxusto, parecen suspendidas nas relacións entre as mulleres e os homes; estes poden ser bos e causarlles a elas a dor máis terrible que lle é dado a un mortal producir na alma doutro; pódenas

enganar a elas e pasar por veraces. Poden, en fin, recibir dunha muller servizos, probas de abnegación que unirían a dous amigos, a dous compañeiros de armas, deshonrando o que fose capaz de esqueceras; pero se estas mesmas probas as recibiu o home dunha muller, a nada queda obrigado, atribúese todo ao amor, como se un sentimento, un don máis, diminuíse o prezo dos outros.

Isto é evidente. Non cabe dúbida de que hai unha moral para as relacións dos homes entre eles, e outra, para o trato destes coas mulleres; que os compromisos adquiridos con elas, a palabra empeñada, o honor, a gratitude teñen unha significación distinta. Un home pode ser mil veces infame, mais con tal que o sexa só con mulleres, pasará por cabaleiro; pode ser vil, e gozar fama de digno; pode ser cruel, sen que o teñan por malvado.

Cal será a causa deste increíble absurdo en que apenas se repara, tal é a desventurada facilidade con que nos habituamos a respirar a atmosfera do erro? Como é que hai dous criterios, un aplicable ao mal que lles fan ás mulleres e outro ao que se poidan facer os homes entre eles? A razón disto é a suposta inferioridade da muller; nada pode ser mutuo entre os que non se cren iguais. A que se xulga obrigado, dende o punto de vista moral, un fachendoso aristócrata co último dos seus criados? A moi pouca cousa. E se lle fala e o ten en consideración e se compadece del e non lle falta en nada, mesmo que non o diga, cre que lle fai un favor, e chámalle caridade ao que é deber. A medida que os seus inferiores se aproximan a el, concédelles máis dereitos; é dicir, cre que ten máis deberes con eles, e non lle parecería *decente* ter na mesma consideración o seu mordomo ou o seu contable que o seu palafrenero.

Se percorremos a escala das relacións que os homes teñen entre eles, veremos que cara ao escravo, ser inferior, vil e desprezado, apenas hai máis que dereitos; a medida que o home se eleva na lei e na opinión e o consideramos máis *semellante*, o número dos nosos deberes vaise aproximando ao dos nosos dereitos, ata a perfecta igualdade, onde non hai dereito que non impoña un deber.

Se o home non se cre obrigado cara á muller como cara a outro home é porque a xulga inferior. E tan certo é isto que a opinión permítelle prexudicar unha criada moito máis que a unha señora, e a medida que a súa vítima descende na escala social, pode subir el na da maldade, sen que lle chamen malvado.

Hai mulleres que se queixan do matrimonio, atribuíndo á institución que máis as favorece os males que veñen doutra parte. Non hai contrato que estableza igualdade nin deberes mutuos entre dous seres se un deles se cre máis perfecto que o outro. O mal non está, xa que logo, no matrimonio, que favorece moito a muller dadas as súas condicións, senón na desvantaxe con que ela vai a el, sendo inferior na opinión e na realidade, porque inferior é a súa intelixencia non cultivada.

Baixo calquera aspecto que se considere a vida da muller, vese a necesidade de educala e as tristes consecuencias de que non se eduque. Fisicamente máis débil, necesita suplir coa intelixencia a falta de forza muscular. Máis impresionable, máis vehemente, cómprelle educar as facultades intelectuais para que lles sirvan de contrapeso aos extravíos da imaxinación e aos ímpetos da vehemencia. O home, non obstante, cérralle os libros do saber e, cousa increíble!, permítelle que abra os que lle poden facer un dano incalculable, e non leva a mal que se envelene con novelas inmorais e que vicie o seu entendemento con lecturas frívolas. Máis lóxico e máis racional sería non lle ensinar a ler. Combate o tedio coas novelas, e as novelas, con que as ha de combater? Hai bebidas que aumentan a sede, e distraccións que, buscadas para encher un baleiro, fano maior.

A falta de educación, tan fatal para a muller, é vantaxosa para o home? Investiguémolo.

CAPÍTULO VI

CONSECUENCIAS PARA O HOME DA SUPOSTA INFERIORIDADE DA MULLER

Con dicir que a muller é a compañeira do home, que filla, nai, esposa, irmá marcha con el polo camiño da vida, que unidos arrostran as súas borrascas e atravesan os seus desertos, parece que se dixo que o home está interesado en que esa criatura que ha de ir con el, da que non se pode separar, sexa todo o forte, todo o perfecta, todo o parecida a el que fose posible, para que o axude máis, para que o comprenda mellor e, en fin, para que a súa compañía en moitos casos non o deixe a soas por completo. Esta verdade é tan clara que non debiera necesitar explicación ningunha. Mais como o home parte para formular as súas opinións e as súas leis dos erros opostos, cómpre combatelos polo seu propio ben, que descoñece.

Hai casos en que o home empeza a sentir xa antes de nacer as fatais consecuencias da inferioridade da muller.

A coitada nai que o amante ou o marido abandonou, ou que, véndoos enfermos, necesita dedicarse a un traballo superior ás súas forzas, non ten pan, sofre amarguras e dores punxentes, que inflúen na criatura que leva no seo. Quen sabe se a deixará no torno dun hospicio, se a sacrificará talvez! Se a muller mellor educada fose menos crédula, se a súa imaxinación e os seus instintos tivesen o contrapeso dunha razón máis cultivada e dunha ocupación máis racional, nin sería débil tantas veces nin abandonaría tantas o froito dunha unión ilexítima pola imposibilidade de mantelo ela soa.

Nas clases elevadas, o tedio, a excitabilidade, as esixencias caprichosas que producen tempestades domésticas, a falta de hixiene, a presión do ventre e tantas outras cousas análogas que ocasiona ou esaxera a educación frívola da muller,

acaso non inflúen no fillo que leva no seo? Nace este, e aínda favorecido pola fortuna, difícil será que non o prexudique a falta de coñecementos hixiánicos da nai. Se é pobre, logo ha comezar a sentir as consecuencias da pobreza, contra a que loita en balde unha coitada muller cuxo traballo, se acaso o encontra, é tan mal retribuído que, mesmo abandonando os fillos o día enteiro, non gaña para pan. Mesmo que teña marido e este non estea enfermo, e traballe e non distraia para vicios unha parte do xornal, cousas que non sempre son así, un braceiro non pode atender todas as necesidades dunha numerosa familia, e a muller axúdao pouco ou nada, porque está considerada inútil para os oficios máis lucrativos.

Coa falta do necesario vén a infancia enfermiza e a xuventude débil, e a doenza e a morte prematura. Coa falta do necesario irrítase o carácter, endurecese o corazón, afróuxanse os lazos de familia, a educación é imposible e é fácil pagar tributo ao vicio, mesmo ao crime talvez. Todo o que tende a facer miserables tende a facer degradados, e a inferioridade da muller, a súa *inutilidade* en moitos casos, é un elemento de miseria.

Aínda nas clases mellor acomodadas, dado o desequilibrio entre as aspiracións que se consideran necesidades e os medios para satisfacelas, é raro que haxa na casa folgura e benestar, que non haxa apuros e privacións que turben máis ou menos a paz doméstica. O neno, o mozo empeza a sentir os efectos dese malestar, dese desequilibrio que se nota entre as aspiracións e os medios, un desequilibrio que sería menor se a nai tivese unha ocupación racional e lucrativa que lle permitise aumentar un pouco os ingresos e diminuír algún tanto o orzamento de gastos no capítulo de luxos.

Cando o adolescente trata de seguir unha carreira, a nai é quen mellor o podería orientar, pois é quen mellor o coñece e quen máis lle quere. Pero sabe a nai a conexión que existe entre certas aptitudes e certas profesións? Coñece ela se as disposicións que nota no fillo o deben facer sobranceiro en tal carreira, se tales carencias o fan inútil para tal outra? A nai non adoita influír no camiño que ha de seguir o fillo ou inflúe con pouco acerto. Se talvez o seu bo instinto a leva a adiviñar o mellor, o seu voto carece de autoridade, e cun «As mulleres non entendedes destas cousas», o mozo obedece o pai ou toma consello da súa vaidade ou da súa preguiza, e recorda con tristeza o da nai cando xa é tarde. Quen o ama e o coñece mellor, carece de competencia para orientalo, e o seu entendemento atópase nunha especie de orfandade que talvez lamente a vida enteira.

O neno ten o instinto de Deus, a nai convérteo en sentimento e apréndelle a orar. A relixión é un consolo e un freo; o freo estórballe ao mozo e rómpeo, pois polo momento ten a ledicia da xuventude e non necesita consolarse. Ademais, en certos países, para parecer home, non abonda con fumar; convén tamén non ir á igrexa. A coitada da nai ve como se lle extravía, veo xa no camiño do vicio que envelena a alma e o corpo, quérelle falar de Deus e dos mandamentos en que trepa, pero a súa palabra non ten prestixio nin ten autoridade a súa voz; a relixión é *cousa de mulleres*, e el debe facer alarde dos seus bríos virís non crendo en nada, máxime cando esa crenza lle impón deberes que non está disposto a cumprir e lle estorba nas súas vas distraccións ou nos seus vicios. A nai, pouco ilustrada, acaso fanática ou supersticiosa, dálle pretexto ou motivo para que non a escoite dócil; talvez atribúe máis importancia a unha práctica indiferente que a unha lei santa; talvez compromete o prestixio das cousas graves con esaxeracións ridículas; talvez dá máis valor á forma que á esencia; talvez non sabe cando còmpre ceder un pouco para non o comprometer todo; talvez quere combater un ofuscamento con outro, e irrítase ante o choque inevitable. A muller é a que conserva no lar o lume sagrado dos sentimentos relixiosos; se a ignorancia a fai fanática e supersticiosa, se considera a razón un monstro e a quere combater sempre sen concederlle nada nunca, queda soa: os fillos vanse co pai polo camiño da dúbida, da indiferenza ou do erro, tan doado ao principio, tan penoso despois. Cantas amarguras non depara ao home e ao ancián o mozo que rompe con toda crenza relixiosa e perde por enteiro a fe, que se cadra puido conservar se a nai fose máis respectada e máis razoable! Hai moitas persoas que ven na educación intelectual das mulleres un gran perigo para a relixión; a nós parécenos evidente que a rexeneración relixiosa só pode vir a través delas; que só cando non se presten a ser instrumento de esaxeracións absurdas ou de cálculos interesados, só cando aparten do santuario o que desfigura a súa maxestade, só cando non convertan moitas das súas accións en argumento contra as súas crenzas, só, en fin, cando as saiban razoar, han poder inocular a súa fe nun mundo comesto pola dúbida, gangrenado pola indiferenza.

O mozo ama e atopa na súa amada as consecuencias dunha educación absurda. A coquetería ten na muller unha parte natural e inocente; a maior e a peor parte é obra da sociedade. A muller ociosa, pueril e superficial, talvez acolle as declaracións de amor, talvez responde a elas, non porque ame, senón por vaidade.

de e pasatempo. Os afectos do corazón, unha cousa tan seria, tan grave, veñen ser se cadra un medio de distracción para unha persoa desocupada. Hai moitos homes, e adoitan ser os que máis valen, que na mellor época da súa vida, se non en toda ela, son escravos do corazón, é dicir, dunha muller que talvez non lles corresponde, porque non hai nela nada grave nin formal, porque a súa vida é unha vaidade de vaidades, e porque sendo o xoguete de tantas cousas, conclúe por tomalo todo a xogo. Imposible parece que os homes non traten de ilustrar a razón e fortificar a conciencia dunha criatura que pode chegar a ser o seu tirano. Porén, así sucede.

As comedias, as novelas, os sainetes, os refráns, todas as expresións do sentido común están repletas dos caprichos, das veleidades, da inconstancia da muller. Nisto hai un pouso de verdade. A alma da muller ten que aparecer en moitas ocasións cos defectos propios da escravitude e da ociosidade. Se ama, se ama de veras, hase salvar a súa virtude, a súa moralidade. Filla, esposa, nai amante, é boa, nobre, sincera; o lume santo que arde no seu corazón purifícalle o ser todo, ocúpallo, échello. Está en risco, en grave risco de ser moi desgraciada, pero ten a certeza de que non é infame nin vil.

Todo cariño verdadeiro, vehemente, puro, é nobre, é moral. A muller que o sente ten nel un guía e un escudo, se non contra a dor, si contra a maldade. Pero se o seu corazón non é capaz de amar bastante ou se non viu ningunha criatura digna do seu amor; se a inxustiza e o desdén con que se ve tratada a irritan e volven inxusta; se na ociosidade en que vive a súa alma e no fastío que ás veces a abafa se quere distraer e lle toma gusto a un pasatempo polo gozo dunha paixón, daquela é fácil que enganándose a si mesma ou non tendo reparos en enganar os outros, xure un amor que é mentira, e sexa, consonte o seu carácter e a súa intelixencia, a coqueta vulgar ou a muller perigosa, en verdade infernal, como moitas veces lle chaman.

A muller sen ocupación nin educación para as súas facultades superiores, vai polo mar da vida sen temón e sen compás. O sentimento que a pode salvar, se non é moi puro, tamén a pode extraviar, e cando se precipita fai vítimas, pois que non vai soa.

Esta muller de agora de que tanto se queixa o home non é ás veces moi apropiada para o conter; é, permítasenos a frase, unha *muller de transición*, con todos os defectos e as desventuras de quen vive no medio da loita do pasado e do

porvir, marchando polo caos á luz dos lóstregos e querendo comprender en van as harmonías da tempestade.

O amante non só ten que temer as veleidades e caprichos puerís da que pretende facer esposa súa e que o escoite por pasatempo e que o engane, enganándose ela mesma; nesa unión a que el non leva máis que amor talvez ela non leve nada máis que cálculo. Talvez non o ame nin se sinta con vocación para o matrimonio e, mesmo así, casa, porque as mulleres *non teñen outra carreira*. A moza contempla o seu porvir: morto o pai, casados os irmáns, espérea a pobreza, talvez a miseria ou o amargo pan que lle dea unha cuñada; a soidade material e moral de quen percorre a triste escala de non ser *necesaria*, ser *inútil* e ser *estorbo*; ve o seu destino de *vestir santos* e o seu alcume de *solteirona*, e por iso casa sen amor, quizais sentindo aversión polo home que ha ser o seu compañeiro ata a morte. Desgraciado el se a ama! Desventurados os dous se ela ama outro algún día!

Acontecería isto se a muller tivese medios para gañar a subsistencia, consonte a súa clase, como o home? Se tivese personalidade verdadeira e non esa aparente que se perde cando conclúen os atractivos da beleza e as simpatías do sexo? Se adquirise instrución proporcionada á súa categoría, ocupación racional e lucrativa e adornase a alma cos encantos que non envellecen, encontraríase ao quedar soa coa pobreza, co abandono e co ridículo? Terían os homes que temer tan a miúdo que a muller que queren facer esposa súa por amor se una a eles por... —custa moito, pero cómpre dicilo—... por comer?

A muller necesita neste caso, como noutros moitos, unha especie de heroísmo para non mentir, para non enganar. E a muller mente e engana. Con que dereito esixe dela fortaleza o que fai canto pode para que sexa débil?

Unha vez casado, o home sofre as consecuencias da falta de educación intelectual da súa muller. En nada relativo á súa profesión o pode axudar, segue talvez o consello do amigo pérfido e non consulta coa compañeira que o ama e se identifica con el. A ela, o bo sentido e o afecto fana adiviñar os perigos dunha empresa arriscada, o disparatado dun proxecto, pero impónselle silencio coa frase sacramental: «Que entendedes as mulleres destas cousas?».

O sentido común fíxose cargo do que vale o consello da muller, malia a súa incompetencia, e se ben para non comprometer a supremacía masculina di que *vale pouco*, engade que *o que non o toma é louco*. Contradición notable que como

outras moitas é o resultado do absurdo das ideas, e acaba por estrelarse contra a evidencia dos feitos. A natureza, que fixo a muller máis débil, deulle máis sagacidade; o seu consello ilustrado debera valer moito, mais o home prívase del ou desdéniao.

Enfermo ou atafegado polo traballo, en nada o pode auxiliar a esposa que tanto sofre, vendo que el compromete a súa saúde e talvez a vida por non ter un descanso que ela lle daría á custa dos maiores sacrificios mais que na súa ignorancia non lle pode proporcionar.

Acaban por comprometer a paz doméstica ou polo menos facer menos grato o lar:

O tedio, cuxos efectos son tristes, aínda que a causa pase desapercibida.

As vaidades puerís e os dispendios que son a súa consecuencia.

As xenialidades indómitas, non refreadas polas facultades máis nobres, que se debilitan na inacción.

O ocio intelectual, que exalta a imaxinación, querendo dar corpo a pantasma soñadas e forxa amantes quiméricos que non fan realidade os maridos.

A loita, en fin, de dúas persoas que ven as cousas de moi distinta maneira.

A natureza fixo o home e a muller diferentes, mais harmónicos. A sociedade desfigúraos, de modo que veñen ser en moitos casos opostos.

O home recolle tamén nos fillos as consecuencias da degradación intelectual da muller. Sobre eles reflíctese todo malestar ou loita doméstica, a falta de hixiene e o mal humor que o fastío produce, e mais os efectos da ignorancia da súa primeira mestra, que algunha vez os extravía en vez de guialos, que non ten prestixio para os encarrear ben. Todos os defectos, todos os extravíos dos fillos son penas para o pai. Se ten fillas, ha recoller nelas todo o froito dos erros que sementou respecto ao seu sexo. Talvez as vexa desgraciadas no matrimonio ou teña o desconsolo de deixalas na soidade e na pobreza. Talvez ancián, enfermo e pobre, sofre na miseria porque a súa filla se esforza en balde para proporcionarlle recursos co seu traballo. E por moito que a fortuna o favoreza, será difícil que non lle cheguen dalgún xeito os efectos de tantas desvantaxes como ten a muller, de tantas dores que son a súa consecuencia.

Irmán, ve sufrir as doces amigas da infancia e... cantas veces se ten que impoñer sacrificios para auxilialas!

Dende o berce ata o sepulcro, en todo o camiño da vida, vai recollendo o home as tristes consecuencias da inferioridade intelectual da muller. É preciso que así sexa. Aínda que non a considerase máis que como instrumento de pracer, claro está que lle ha de dar máis canto máis perfecto sexa. O día en que se illustre dabondo como para aprender a ser razoablemente egoísta, a educación intelectual da muller non terá impugnadores.

O home civilizado e cristián que ama a súa esposa e venera a súa nai está ben lonxe do salvaxe que oprime a femia. O mundo antigo consagrou o abuso da forza; o mundo moderno escarnéceo. Maltratar unha muller parece hoxe cousa tan vil que é raro que ningún home o faga se non está embriagado polo viño ou pola cólera. E cando volve en si e algún lle di: «Non che dá vergoña bater nunha muller?», ben seguro que se non lle dá vergoña é que non a ten.

A medida que o home se ilustra, se civiliza, se fai mellor, mellora a condición da muller: dálle dereitos, recoñécelle máis semellanza. Isto é necesario. O home non pode progresar deixando a muller estacionaria, nin ter os gozos sublimes do corazón e da intelixencia cun ser groseiro. Aínda que nisto non obrase por cálculo, pode notar que cada concesión que lle fai á súa compañeira é para el como un manancial de bens, e que el se eleva a medida que a levanta. Concíbese dignidade nun home cuxa esposa, cuxa nai e cuxa filla sexan viles? Concíbese liberdade nun home cuxa esposa, cuxa nai, cuxa filla sexan escravas? Concíbese idea de dereitos nun home que non se recoñeza deberes cara á esposa, á nai e á filla? Concíbese felicidade nun home que faga infelices a esposa, a nai e a filla? A ventura é mutua, o ben é harmonía, e pola xustiza dos homes mídese a súa ledicia.

CAPÍTULO VII

CONSECUENCIAS PARA A SOCIEDADE DA SUPOSTA INFERIORIDADE INTELECTUAL DA MULLER

Todo o que altera os compoñentes altera, por forza, o composto. Nos dous capítulos anteriores temos os sumandos; neste, non hai máis que verificar a suma.

Se pola falta de educación da muller, ela e o home son peores e máis desgraciados, peor e máis desgraciada será a sociedade. A prostitución aumentará cunha miseria e a ignorancia das mulleres, e na mesma proporción, as doenzas vergoñentas que degradan as razas e mais os delitos que enchen os cárceres, porque é moi raro que unha muller pura sexa criminal e que nas grandes maldades dun home non entre polo que sexa algunha muller mala.

A relixión, esa poderosa panca social que a muller debera fortalecer, resulta moitas veces debilitada por ela: ao desfigurala, desacredítala. Como quer que carece de coñecementos para razoar as súas crenzas, rebatido os argumentos dos impíos pechando os ollos, co que a ligazón entre a ciencia e a fe non pode ser como debera⁴. A educación é imposible coa ignorancia e a falta de prestixio da muller. O catedrático educa o avogado, o médico ou o enxeñeiro; mais ao home edúcano a nai, a muller e a filla, pois a educación dura a vida enteira. Na práctica de todas as profesións, de todas as ciencias, inflúe moito, inflúe na meirande parte, o elemento moral, a honradez, a elevación de miras, o nobre orgullo, o sentimento. De que serve un cirurxián sen conciencia que calcula as vantaxes da operación polos miles de reais que lle pode render? E o avogado que defende

⁴ As consecuencias de abrir un abismo entre a fe e a razón expóñense nun libro inédito que talvez publiquemos en breve, titulado *Dios y libertad*. (N. da A.).

todas as causas malas con tal de que lle paguen ben? O militar que se rebela por un grao? O notario que dá fe do que non viu, sempre que vexa proveito? O farmacéutico que difama ou engana o médico e sacrifica o enfermo por se embolsar íntegro o prezo dunha droga cara? O enxeñeiro que arrisca a vida dos viaxeiros ou dos obreiros por recibir a gratificación do contratista? O empregado, o home político que toma diñeiro á conta de maldades ou o xuíz que vende a xustiza? Para que lles serve a ciencia a estes homes todos senón para facer máis repugnante, para facer inconcibible a súa degradación?

Mais hase dicir: o home ten resortes nobres, idea do deber; a muller esquece moitas veces o deber, cede con frecuencia ás súas malas inclinacións, e no mundo ha de haber sempre quen escoite a voz do seu interese e sexa xordo á da súa conciencia.

É verdade, pero é igualmente certo que negándolle á muller toda competencia intelectual nas cousas da vida diminúese a influencia do sentimento, da relixión e, por conseguinte, da moralidade. A ciencia e a razón teñen o seu sitio; a benevolencia e a tenrura teñen o seu. Por isto é absurdo, ao organizar unha sociedade de seres sensibles, prescindir do sentimento. Medítese sobre a historia e verase cantos séculos necesita ás veces a razón para chegar á xustiza que o corazón comprende no acto.

Non só a prostitución, como xa dixemos, degrada as razas; tamén contribúen a este mal grave os matrimonios precoces. O home, por norma xeral, non casa mentres non concluíu a súa educación industrial, mercantil, artística ou científica; mentres non se poida dedicar a unha profesión ou oficio que lle permita manter a familia de que vai ser cabeza. A muller, como non ten *máis carreira* que o matrimonio, casa así que se lle presenta ocasión e, canto antes, mellor. Os pais adoitan ter unha impaciencia que nalgúns poderíamos chamar febril por *colocar* as fillas; moitas casan máis polo temor a verse no abandono e na pobreza que por amor. As consecuencias dos malos matrimonios son fatais para a sociedade, e mesmo que marido e muller estean ben avidos, unha nena nin física nin moralmente debe ser nai. Cando aínda non está formada por completo, os novos seres a que dá vida son débiles e debilítana. Do matrimonio precoz vén a vellez precoz e a prole raquítica; vén a inexperiencia para criar os fillos e para educalos; vén a perda dos atractivos físicos e o afastamento do esposo; veñen o mal goberno da casa e os caprichos infantís; e o arrepentirse a muller dos compromisos irrevoga-

bles, que contraeu a nena, e o sentir a súa primeira, a súa única paixón por un home a quen non se pode unir; e veñen todos os males que á sociedade levan estas cousas todas.

Gran número de profesións, todas as que esixen sensibilidade e boas maneiras, desempeñaríanas mellor as mulleres, a quen lles están vedadas.

Ao falar da súa educación, fálase só da *nai*, e prescínlese da que non o é: erro grave e reminiscencia brutal dos tempos en que a muller se contemplaba nada máis que como *femia*. Imos dedicar un capítulo especial á *muller solteira*, razón pola cal aquí só indicamos que a muller que non casa, por falta de educación intelectual, deixa de prestar á sociedade grandes servizos.

Así como é absurdo excluír o sentimento da organización social, do mesmo xeito é absurdo prescindir da razón nas cousas do sentimento. Xa non se nega en teoría que a caridade é da competencia da muller. Pero vese que na práctica é un obstáculo a súa ignorancia, que as que *compadecen* non *saben*, que se separa a caridade da beneficencia, e que neste sector hai *empregados*, con gran prexuízo da sociedade. Este mal é grave, moi grave: a beneficencia pública e a caridade privada reséntense da falta de educación intelectual da muller, da súa falta de medios pecuniarios, de iniciativa, desa perseveranza firme e razoada que é a única capaz de vencer os grandes obstáculos e que non pode existir en quen non ten máis que boa vontade. As prisións de mulleres piden tamén a grandes voces o concurso reunido da caridade e da intelixencia.

Os impulsos benévolos e compasivos da muller son estériles en todo ou en parte por falta de aptitude para o traballo intelectual, por ignorar como se pode levar a cabo unha boa idea ou por non saber combater as intelixencias egoístas, para as cales é moi cómodo poder incluír a compaixón entre as debilidades do sexo e desdeñar os deberes de humanidade como cousas de mulleres.

A muller, que debiera ser un grande auxiliar do progreso, convértese ás veces nun grande obstáculo por falta de educación intelectual. Todo erro, toda preocupación, todo fanatismo, toda rutina encontran valedor poderoso na súa ignorancia. Ningunha reforma pode contar co apoio de quen non comprende as súas vantaxes. Por norma xeral, se as mulleres están a favor das reformas é ou ben por afecto aos homes reformadores ou ben por instinto, e o voto que non se razoa tende a provocar esaxeracións e extremos, máis apropiados para prexudicar que para servir a causa que patrocinan.

Debemos insistir de novo —pois é cuestión de grande importancia para a sociedade— en que sendo a prostitución filla da miseria e da ignorancia da muller, cómpre combatela ilustrando as mulleres, non trancándolles os camiños polos que pode gañar o pan honradamente. A civilización substitúe co traballo da intelixencia o da forza bruta; coas máquinas, os traballos maquinais. E como algúns destes son os únicos a que se pode dedicar a muller, ten cada día menos empregos dispoñibles, máis miseria e prostitúese máis. A mecánica vai facendo todo o que ela facía. Hase condenala a que sexa unha máquina inútil, desbotada porque hai outras máis perfectas? Daquela irá engrosar o exército das prostitutas, a envelenar a sociedade material e moralmente, a cuspir sobre esta o seu oprobio, a escarnecer a virtude coa súa gargallada, a destilar ignominia e dor sobre canto a rodea. Porque estas máquinas, que senten e sofren, convértense, cando son inútiles, en máquinas infernais.

Non acabariamos nunca se quixésemos enumerar os males todos que se derivan da falta de educación da muller, seguilos por todos os seus variados camiños e ver como se combinan, multiplican e crecen. Abonda o dito para comprender que non se poden sementar erros sen recoller desventuras.

CAPÍTULO VIII

QUE OFICIOS E PROFESIÓN S PODEN EXERCER AS MULLERES?

Todas as nosas observacións e todos os nosos raciocinios condúcennos a crer que as facultades intelectuais da muller non son inferiores ás do home e, por conseguinte, na esfera da intelixencia pode chegar ata onde el chega. Por outra banda, como Deus non fixo nada inútil e todo aquel que se desvía do seu destino se deprava máis ou menos, ao prohibirille á muller que cultive e exercite o seu entendemento, faise dela un ser imperfecto, convértese en elemento de perturbación a que debera selo de harmonía e establécense regras na sociedade opostas ás leis da Providencia.

A muller pode exercer toda profesión ou oficio que non esixa moita forza física e ao que non prexudique a tenrura do seu corazón. E aínda forza física ten a muller moita, cando a exercita, como se pode observar nas comarcas en que se dedican aos máis rudos labores da agricultura e a levar pesos enormes.

A nosa opinión, que procuramos razoar, é que a intelixencia da muller non é inferior á do home. Pero concedendo por un momento que non se elevase tanto, que non puidese ser Hipócrates, Platón, Galileo, Wat, Leibnitz, Pascal, Monge, Montesquieu, Kant nin Cervantes nin san Isidoro nin Bossuet, supoñendo que non fixese dar grandes pasos ás ciencias, dedúcese disto acaso que é incapaz de aplicarlas e de exercer con vantaxe calquera profesión? Observemos o que sabe e o que fai un farmacéutico, un avogado, un médico, un notario, un catedrático, un sacerdote, un empregado... vulgares, de talle común; observemos ben, sen ideas preconcebidas, en conciencia, e digamos se non pode unha muller aprender o que eles saben e facer o que eles fan.

Sendo a muller de seu máis compasiva, máis relixiosa e máis casta, parécenos moito máis axeitada para o sacerdocio, sobre todo, na Igrexa católica, que orde-

na o celibato do sacerdote e a confesión auricular. Todos os inconvenientes desta confesión, feita entre persoas de diferente sexo, desaparecerían se a muller puidese exercer o sacerdocio, cuxos deberes están tan en harmonía coas súas naturais inclinacións. Instruír os nenos, ensinarlles aos ignorantes cousas boas, sinxelas e precisas, acompañar os enfermos, auxiliar os moribundos, compadecer os desgraciados, consolar os tristes, falarlles a todos do Deus, en quen cre con tanta fe, son cousas todas moi propias do sexo compasivo e piadoso. Non sabemos se entre as mulleres habería moitas doutoras que causasen admiración, pero de certo habería moitos exemplos que imitar e moitas virtudes que farían amar a relixión que as inspiraba. Sentindo faise sentir. A relixión é principalmente un sentimento; e a muller, o seu máis natural e fiel intérprete. Capacidade sóbralle para adquirir a instrución indispensable; non é un monstro nin está fóra das leis da harmonía do Universo, onde se ve que se ben Deus concede poucas veces os seus altos dons, distribúe con man pródiga todo o que é necesario.

Isto que dicimos parecerá moi estraño, moi absurdo, e quizais sexa para algúns pouco piadoso. Temos cavilado moito sobre a materia e parécenos máis doado encontrar chistes para ridiculizar as nosas ideas que razóns para combatalas. O ridículo ten a súa esfera de acción activa pero limitada, e non chega ás rexións do entendemento, en que de boa fe se busca a utilidade polas vías da xustiza. O ruído das gargalladas pasa; a forza dos razoamentos queda. Toda persoa asisada sabe que adoitan pensar pouco os que rin moito, e non lle debера parecer ben que se traten con risa as cuestións dun mundo en que se chora tanto. Con respecto ao anatema que talvez algún queira lanzar contra nós, conxurámo-lo dicindo que as nosas opinións han ter de pouco piadosas todo o que teñan de erróneas, pero que se temos razón, non podemos ter culpa: o erro é impío, a verdade é santa.

No exercicio de todas as profesións, consideradas baixo o punto de vista do ben social, conta, por tanto, case sempre máis a conciencia que a ciencia. Pouco lle fai falla saber a un escribán. O que necesita aquel en cuxa causa ou en cuxo preito actúa é a súa honradez, a súa boa fe; que non *enrede*, como vulgarmente se di.

A ciencia do xurisconsulto é profunda, profundísima a do criminalista. Pero a do avogado vulgar, a necesaria para deslindar o xusto do inxusto e saber o que é contra dereito e contra lei, non supón nin unha gran capacidade nin un grande estudo. O que lle importa moito ao cliente é a conciencia do avogado, para

que lle diga que non ten dereito se non o ten e lle evite un preito con todas as fatigas e prexuízos que trae. Hai casos dubidosos, pero, en xeral, a xustiza é clara, e nun preito, un dos dous avogados sabe que non a defende. Sostén como letrado o que había condenar como xuíz; a súa *boa reputación* consiste en gañar todos os preitos, sexan xustos ou non; a súa intelixencia arréndase ao que a paga e, como unha forza cega, defende sen distingos o absurdo e a razón; a verdade e a mentira. O que non fai así, o que non admite ningunha causa que non sexa xusta, é con certeza un modelo de virtude, case un santo, porque o exemplo e a opinión o arrastran nunha sociedade que ás veces prescinde de toda moralidade nas accións dos homes.

O médico necesita ciencia, pero... aí do enfermo se non ten tamén conciencia! Se non o trata como quixera el que o tratasen! Se non pesa e mide e calcula por átomos as vantaxes ou inconvenientes dun medicamento! Se non ten máis temor de facer mal que va ostentación de facer ben! Se non está pronto a sacrificar o seu amor propio ao seu amor á humanidade! E, en fin, se non conserva aquela sensibilidade sen a cal lle falta un sentido á súa ciencia! Sen que nós creamos que calquera pode ser bo empregado; pensando, pola contra, que necesita coñecementos especiais segundo o ramo a que se dedique, en todos faille tanta falta a conciencia como a ciencia, e non hai ningún en que a moralidade non conte e moito.

O farmacéutico necesita ciencia, pero máis conciencia aínda, porque principalmente dela depende que non sexa inútil o acerto do médico e en moitos casos a saúde ou a vida do enfermo.

Se as observamos de preto, non hai profesión en cuxo exercicio non conte na maior parte ou moito a moralidade do que a exerce. E acaso non as podería desempeñar a muller, máis sensible, máis compasiva, máis relixiosa, máis casta, máis moral, en fin? Na práctica da medicina as mulleres poderían facer moito ben, sobre todo ás persoas do seu sexo, cuxo pudor non ofenderían; aos pobres, aos que compadecen, e aos nenos, cuxos males adiviñan. Como cirurxiás talvez non servirían. A muller ten un santo horror ao sangue. Para que vencelo? Deixémoslles aos homes as operacións cruentas, útiles só cando as fan mans moi hábiles e cuxa omisión non sería unha gran perda para a humanidade.

Escusado é dicir que as mulleres non se han de dedicar á profesión das armas, tan antipática ao seu natural sensible e compasivo. Non deben ir á guerra máis

que para curar os feridos nin arrostrar a morte senón para salvar algunha vida.

Á muller que desempeñase ben a profesión do letrado non lle daríamos o cargo de xuíz, e non porque non esperásemos moito da súa rectitude e quen sabe se da súa firmeza, senón porque non queremos provocar unha loita continua entre o seu deber e o seu corazón nin que o seu nome apareza nunca ao pé dunha sentenza aflitiva. A súa man ha de enxugar bágoas, non facelas asomar nin sequera aos ollos do criminal. Non lle deu Deus a súa voz suave para que formule veredictos terribles.

Pode desempeñar ben un emprego, pero non lle estaría ben a autoridade. No exercicio da autoridade hai sempre algo de militante. Pode ser necesaria a coacción e, ademais, o respecto que inspira a muller non é nin pode nin debe ser ese respecto mesturado con temor que inspiran e necesitan inspirar os que han de vencer as resistencias que se presentan á execución da lei en todas as esferas. A muller, que domina pola persuasión, a dozura e o cariño, non naceu para mandar por medio da forza: débese apartar de onde hai necesidade de coacción.

Tampouco quixeramos para ela dereitos políticos nin parte ningunha activa na política. Hai agora moito, cremos que haberá sempre bastante de militante na política; hai agora moito, cremos que haberá sempre na política bastante de paixóns, de intereses, de intrigas, de loitas de mal xénero, de ruído discorde, de necesidade de recorrer a medios non sempre honrados e a instrumentos e auxiliares non sempre puros, para querermos ver a muller nese campo de confusión, de dor e, moitas veces, de iniquidade.

O tempo, disque, suavizando os costumes e educando as masas, ha facer que a política non teña nada de antipático á natureza feminina. Dubidámolo. Dubidamos que os vestixios do pasado, os intereses do presente e as aspiracións do porvir, unidos ás paixóns do home e ás dores da humanidade, dubidamos que estes elementos da política de todos os tempos deixen de producir loita, que se podería suavizar na forma, pero que no fondo ha ter sempre inxustizas e rancores. Nas ciencias sociais, a idea necesita facerse home e ao se encarnar perde moito da súa diáfana pureza.

Se non por sempre, por moito tempo, por moitos séculos, a política será militante, e se a muller toma parte activa nela, hase ver envolta nas súas persecucións, e a familia dispersa e os orfos sen amparo. O lar que custodia a muller

necesita ser neutral, sagrado; alí debe romper o mar das paixóns políticas, vivir en paz o pai do rebelde, o fillo do proscrito e acollérense os vencidos, sexan quen sexan.

E a muller, ser intelixente, non ha de ter opinión nin influencia nunha cousa tan importante como a política? Pode pertencer a unha escola, pode ter opinión e influír na dos outros por medio dos seus escritos, pero non quixeramos que tivese partido nin voto. Necesítao acaso para contribuír de maneira eficaz ao triunfo das súas ideas? De modo ningún. Cando sexa ilustrada, ha influír na política, mesmo non tomando parte directa nela, pois ha influír no voto do irmán, do esposo, do fillo, do pai e ata do avó.

Quédelle ao home o infortunado monopolio de todas as loitas, de todas as guerras, de todas as iras. A misión da muller sexa de paz e, aliada natural de todo o que sofre, tórnense da súa porta todos os perseguidores.

CAPÍTULO IX

COMO SE MODIFICARÁ O CARÁCTER DA MULLER EDUCADA?

Todo o mundo sabe que coa civilización se suavizan os costumes, que os pobos menos civilizados son os máis ferozes. Este incontestable feito social significa que o individuo, a medida que se educa, que se instrúe, faise menos irascible, menos violento, máis benévolo. Isto para os pobos, para os homes. E as mulleres? Ah! Coas mulleres crese que sucedería o contrario, porque todo o que a elas se refire réxese por regras especiais: o absurdo ten tamén a súa lóxica, que a aplica ata onde pode.

Máis clara ou máis confusa, é moi común a idea de que a muller cuxas facultades intelectuais se eduquen hase facer máis viril; que ha perder a suavidade e a dozura, que son o encanto do seu sexo; que ha ser menos manexable; que se ha querer revestir de autoridade con prexuízo da do marido. É dicir, que a educación nela ha producir un efecto diametralmente oposto ao que produce en todos os viventes racionais e *irracionais*. Esta opinión poderá carecer de sentido común, pero ten numerosos partidarios.

Preguntémoslle á experiencia, pois aínda que tratándose da educación da muller é muda en moitos casos, debemos recoller con todo respecto as súas respostas cando as pode dar. Que nos di? Que a educación, mesmo incompleta, produce na muller os mesmos efectos que no home.

Esas mulleres duras, brutais, crueis, desalmadas, intratables, pertencen, por regra que apenas ten excepción, ás clases non educadas. A medida que a muller se educa, menos polo que aprende no colexio que polo que se modifica co trato, co exemplo e co amor do home ilustrado, non se fai máis doce, máis afectuosa, máis dócil á voz do deber, da razón e do cariño? O noso ser é un composto de instintos, de facultades, de sentimentos; bos cando se dirixen ao ben, malos

cando ao mal se encamiñan. Que é a educación na muller? O mesmo que no home. O medio de fortalecer os bos impulsos e de debilitar os malos. Talvez se nos diga: eses impulsos naturais non son naturalmente harmónicos? Responderemos: os instintos, estando encargados da conservación do individuo e da especie, nacen educados; son necesariamente dunha enerxía máis espontánea que as facultades e por un misterio impenetrable da Providencia, esta enerxía necesaria pasa con facilidade o límite debido e ao pasalo convértese en crime ou paixón perturbadora.

Os instintos sonlle indispensables á nosa vida material, e a vida da alma é unha guerra contra os instintos, que agás un só, o maternal, teñen tendencia a rebordar e son fatais cando rebordan. Por que son os salvaxes lascivos, sanguinarios, egoístas e ladróns? Porque se deixan arrastrar polos instintos. Combaténdoo, o home civilizado faise un ser moral e chega á benevolencia, á piedade, á abnegación, á virtude. Como se combaten os instintos? Cos sentimentos e a intelixencia; pero as manifestacións desta, necesaria para a perfección e non para a vida, son menos enérxicas e cómpre educalas. A medida que se educan, os instintos refréanse, os sentimentos elévanse, as ideas esténdense e o home faise mellor. Á muller acontecéelle o mesmo, e non é posible soste que o seu compañeiro estará peor con ela cando sexa máis doce, máis razoable, máis boa.

Porén, dise: o home quere que o obedezan sen discusión, sen razoar o seu mandato; así o esixen o seu instinto de mando e a paz doméstica.

Respondemos: o instinto perde terreo a medida que a razón avanza; a paz xa non será o silencio senón a harmonía; o principio de autoridade razoada e irresponsable non pode vivir na familia cando morre na sociedade. E non vive, abofé. O marido que non é bo abusa moitas veces da súa forza e da vantaxe que lle proporciona a lei. Pero o home xusto e razoable sofre moitas veces tamén os inconvenientes de que a súa muller non comprenda a razón. Non ten acaso que transixir cos arrebatos de xenio e cos caprichos, e seguindo o consello de san Paulo, pola paz *ceder do seu dereito*? Non ten que renunciar a facer valer a súa razón e calar como quen trata cunha criatura que dela carece, por non aceptar a intelixencia na súa muller e educala? Non se ve entón na necesidade de concederlle privilexios moi parecidos aos que se lles conceden aos nenos e aos tolos, e cuxo límite é máis fácil de ampliar que de fixar? Ao impoñer o home a tiranía dos fortes non sofre a dos débiles, que se son queridos a poden exercer nel?

O principio de autoridade está tan debilitado no espazo doméstico como na praza pública; as mulleres quéixanse da tiranía dos maridos e estes da desobediencia das mulleres, pois a época é de transición e a paz doméstica non ten xa os elementos do pasado nin conta *aínda* cos do porvir.

Se se respectan os foros da xustiza, a paz entre seres sensibles e razoables hase establecer pola razón e o sentimento. A muller educada sentirá e comprenderá mellor, terá máis elevación para pensar e máis delicadeza para sentir, e será co seu marido máis razoable e máis amante. Que home, se non é perverso ou brutal, vai preferir a obediencia cega do temor á docilidade razoada do cariño?

Pero, en fin, quen ha mandar, logo, na casa? Quen ha ser o xefe da familia? Mandar de forma despótica non debe mandar ninguén; ter foro de privilexio non o debe ter ninguén; nin tampouco debe ninguén facer concesións de graza e andar en tratos coa xustiza, porque a xustiza non se suple por ningunha cousa, nin hai nada por riba dela. Non obstante, o home é no físico máis forte que a muller; é menos impresionable, menos sensible, menos sufrido, o cal o fai máis firme, máis egoísta, e dálle unha superioridade xerárquica natural e, por conseguinte, eterna no espazo doméstico.

A muller, que ha ser nai, recibiu da natureza unha paciencia case infinita, e debendo polo seu organismo sufrir máis, é máis sufrida que o home. A súa maior impresionabilidade faina menos firme; a súa sensibilidade maior faina máis compasiva e máis amante. Por máis dereitos que lle concedan as leis, a muller, a impulsos do cariño, cederá sempre do seu dereito; calará as súas dores para ocuparse das do pai, do marido ou dos fillos; a abnegación será un de seus maiores gozos; renunciará con gusto a moita autoridade por un pouco de amor e suplirá coa voz doce e persuasiva que Deus lle deu a forza que lle negou. Non queremos nin tememos conflitos de autoridade na familia, de que o home será sempre o xefe, non o tirano.

Así como non vemos diferenzas de intelixencia nos nenos de diferente sexo, vemos moitas de carácter. A nena é, claro está, máis dócil, máis doce, máis agarimosa, menos egoísta: está xa alí o xerme da nai, que ensaia coas bonecas o que máis adiante ha facer cos fillos. Son naturais e, por conseguinte, eternas as diferenzas de carácter necesarias para a harmonía, porque (e nótese isto ben) as diferenzas da intelixencia non contribúen a ela, senón que, pola contra, túrbana.

Entremos no espazo doméstico e observemos un matrimonio. A paz non se vai alterar porque pensen do mesmo modo; ao contrario, será tanto máis perfecta canto máis idénticas sexan as súas opinións e máis tempo poidan marchar unidos os seus entendementos. Onde as diferenzas son necesarias é no carácter, e aí están gravadas pola man de Deus. A tenrura, a perseveranza, a docilidade, a abnegación, a debilidade física da muller; o seu natural máis compasivo, máis amante, máis paciente e sufrido: estes son os elementos da harmonía. Engádase que no home, polo menos no home da nosa raza, cristián e civilizado, hai, ademais do amor, moitos sentimentos que, lonxe de arrastralo ao abuso da forza, impúlsano a amparar a debilidade, a protexer a muller, a devolverlle en consideración e respecto todo o que puido recibir da súa abnegación e da súa paciencia. Cando a muller non ten xa ningún atractivo é aínda obxecto de miramentos e consideracións, onde non teñen parte as simpatías do sexo; independentemente do amor, hai entre os dous sexos harmonías, cuxa orixe está nas diferenzas de carácter e do modo de sentir.

Existen poucos homes que non cedan á razón e á dozura dunha muller prudente, e se non ceden, ben poden entrar nalgunha das diferentes categorías do malvado. Como cremos que a muller será tanto máis prudente, máis doce e suave de carácter canto mellor educada estea, temos por certo que haberá máis harmonía no matrimonio a medida que a esposa teña máis cultivada a razón e máis elevados os sentimentos. Non se pode considerar harmonía o silencio da muller, que se non ten unha palabra para a contradición tampouco a atopa para o consello, e que se non se opón a nada, tampouco comprende nin consola.

A experiencia pouco pode dicir na materia, porque na nosa patria é moi escaso o número de mulleres que teñen algunha instrución, e esta é pouco sólida, adquirida sen plan nin método e ás veces tendo que vencer grandes obstáculos. Nas mulleres que puidemos observar de preto, vimos o que non podíamos senón ver: a instrución fainas máis razoables e mellores, máis doces e menos expostas a amoríos e extravíos. Sentimos non poder citar aquí algúns nomes, que probarían a natural alianza dunha intelixencia cultivada, dun corazón amante e dunha abnegación sen límites.

Se se nos presentase algún exemplo do contrario, responderemos que non cremos que por se instrúren as mulleres non vaia deixar de haber algunha dís-

cola, viciosa nin perversa; responderemos que se poden rexeitar todos os exemplos, porque entre nós non hai mulleres que teñan verdadeira instrución, e responderemos, en fin, que como quer que ata aquí houbo que soste unha loita para que a muller en España se instruíse algo, necesitou, ás veces, condicións de carácter especial para se instruír, polo que nada tería de estraño que esta enerxía tivese a aparencia e acaso a realidade de maior violencia e menos dozura que no común do sexo. Mesmo que así fose, carecería de forza o argumento que neste feito se apoiase. Pero repetimos que non é así; aínda que feita a observación nas condicións máis desfavorables, confirmou sempre esta verdade: *Todo ser racional ou irracional mellora a medida que se instrúe e se educa.*

Hai moito que esperar e nada que temer para a harmonía e paz doméstica da educación intelectual da muller, que non necesita mandar para dirixir, nin dominar para ser feliz. Non queremos quitarlle ao home a súa autoridade, nin tememos que abuse dela cando encontre diante a razón ilustrada e o cariño. Non queremos que se pretenda destruír a obra de Deus, prohibíndolle á muller o uso das facultades que d'El recibiu, nin tememos que, excepción inconcibible entre todos os seres educables, sexa menos doce e suave cando estea mellor educada.

Non queremos vela privada do seu dereito, nin tememos que abuse, nin que use del sequera reclamándoo con todo rigor. Atopa máis gusto en facer graza da xustiza que en esixila, e o consello que san Paulo dá ao home, ela recíbeo do seu corazón: *Pola paz cederás do teu dereito.*

CAPÍTULO X

HAI INCOMPATIBILIDADE ENTRE O CULTIVO DA INTELIXENCIA E OS QUEFACERES DOMÉSTICOS?

Dado que a muller ten intelixencia e necesidades físicas, non pode haber incompatibilidade esencial entre o cultivo desa intelixencia e o coidado das atencións materiais da vida. Doutro modo, Deus había establecer, en lugar da harmonía, o antagonismo, e a loita onde é necesaria a paz. As ocupacións e coidados da vida física, un traballo manual, lonxe de prexudicar, poden servir de descanso ás ocupacións e coidados do espírito. Se todas as horas do día e parte das da noite se empregan en traballos materiais, será difícil que a muller, o mesmo que o home, se dedique a exercitar moito o entendemento: haberá, xa que logo, imposibilidade material, común aos dos sexos, non incompatibilidade entre ocupacións dunha orde diversa.

Cremos que en todas as clases se podería e debería dar alimento ao espírito. Cremos que en todas se podería e debería encontrar tempo para puír os gustos groseiros, elevar os sentimentos, rectificar os erros, ensinar as verdades necesarias e elevar a alma do traballador, redimíndoa da escravitude en que agora xeme. Grave cuestión é esta, que non se pode tratar incidentalmente, polo que só imos falar daquelas clases que *teñen tempo* para se educar.

As nenas, por norma xeral, máis precoces e máis dóciles que os nenos, que fan dende que son susceptibles de recibir instrución ata que casan? Aprender a ler, escribir e contar mal ou ben, e o que se chaman os labores propios do sexo: costura, bordado, máis ou menos primoroso, cuxa utilidade consiste en gastar algún diñeiro en sedas e en estames, e moita vista para contar fíos e combinar cores. Se a educación é esmerada, agrégase un pouco de xeografía e de música, nalgúns casos debuxo e francés: daquela é xa unha moza instruída. Por norma,

todo isto apréndese con pouco rigor, sen facer o esforzo constante, necesario para saber ben unha cousa, e sen a idea de que poida servir para algo útil e positivo: a moza non trata de adquirir coñecementos, senón habilidades. En xeral, esqueceas cando casa, é dicir, que gastou moitos anos da nenez e xuventude e algún diñeiro, ás veces bastante, para aprender o que primeiro non lle serve de nada e despois esquece. Como non se ocupa de forma rigorosa, abúrrese e le novelas, moitísimas novelas, coas que completa a súa educación intelectual.

Así desbalde a moza os primeiros e mellores anos da vida, sen facer nada útil nin tratar de nada formal nin pensar en nada grave. Así ten a veleidade e a lixeiriza propias de quen non se emprega en nada serio; así adquire hábitos de folganza intelectual que a han imposibilitar toda a vida para os traballos do espírito, que esixen moito hábito e esforzo; así, non podendo ser para ela a vida unha *ocupación*, quérea converter nun *entretemento*.

Dirase: a moza aprende a gobernar a casa, que é o que importa. Non cremos que saiba gobernar a casa quen non se sabe gobernar a si mesma, e mesmo que o goberno da casa se limitase ao papel de ama de chaves, dubidamos que o desempeñe ben. É moi común que mozas ben educadas e con moitas habilidades non lle saiban coser ben un punto a unha media nin facer un corcosido nin poñer un remendo, e o que é peor, tampouco adoita ter espírito de orde quen non ten as ideas firmes nin base estable para os seus xuízos.

Pero supoñamos que a moza ten sentidiño, moito instinto do ben e bastante coñecemento práctico das cousas materiais, e hábitos de orde e economía. O goberno da casa ha de absorber a súa existencia toda? Solteira na casa do pai, casada na súa, non lle ha quedar tempo para ningún outro traballo?

Tense esaxerado moito a dificultade e o mérito do goberno da casa, e non podía por menos que suceder así. Os homes non entenden diso e cren que é cousa ardua, tal como as mulleres imaxinan que é moi difícil o máis sinxelo traballo intelectual. Ademais, a muller esaxera a dificultade dos coidados domésticos, pola natural propensión a agrandar a importancia do que constitúe a única ocupación da vida, e porque se o goberno da casa non é un problema moi difícil, non ha de ser tan grande o mérito de quen o resolve.

As grandes señoras e as señoras ricas non gobernan a súa casa, nin sequera adoitan dirixila. Semellante ocupación é para as mulleres da clase media e as pobres; estas traballan moitas horas do día e da noite para gañar pan, e bástanlles poucas para o goberno da casa.

A costura levaba antes moito tempo, malgastando nela non pouco as mulleres laboriosas. Non era nin é raro ver como se estragan moitas horas ou moitos días en coser unha peza de roupa vella, que rompe ao primeiro lavado, cando o valor do tempo, aínda tan mal pago como se paga o das mulleres, abondaría para mercar nova esa peza. Entre non amañar a roupa usada e empeñarse en cosela cando xa non vale o tempo que custa, hai un termo medio, e aténdose a el e coas máquinas, a muller máis laboriosa necesita dedicar pouco tempo á costura, aínda supoñendo que non teña quen a auxilie.

O coidado da despensa e a vixilancia da cociña non esixen tampouco tanto tempo como para que a unha muller que madruga e sabe aproveitalo non lle resten algunhas horas ou moitas, segundo as circunstancias da familia, para dedicarse a traballos útiles, mentais ou materiais, consonte a súa disposición ou gusto.

Falamos por experiencia propia e allea; coñecemos mulleres que, sen descoiñar os deberes domésticos, atopan tempo que dedicar a traballos mentais, a boas obras ou a uns e outras. Se queremos que a muller teña tempo para todo non se necesita máis que fortalecerlle o xuízo, a fin de que non o perda de mil maneiras. Agás se ten moitos fillos pequenos e ninguén que a axude (o que se pretende tomar como regra cando é a excepción) ou mediando algunha outra circunstancia extraordinaria, nos restantes casos a muller dispón de tempo para se instruír e utilizar esa instrución en proveito seu e da familia.

Todo isto que imos dicindo poderá parecer absurdo, pero é exacto, e calquera que observe no espazo doméstico as mulleres da clase media hase convencer de que se lles falta tempo para se dedicaren a algo útil despois de atender o goberno da casa, é porque o malgastan. Unha das primeiras cousas que deberan aprender é a maneira de empregalo ben. A educación que teñen recibido as mulleres ata aquí poderíase chamar, sen moita violencia: *arte de perder o tempo*.

CAPÍTULO XI

QUE SERÁ DOS FILLOS CANDO A NAI POIDA EXERCER UNHA PROFESIÓN OU OFICIO LUCRATIVO?

Dáse por suposto que todas as mulleres son nais, que todas se poden dedicar en exclusiva ao coidado dos fillos e que toda a vida da muller necesita empregarse en cumprir os deberes materiais, minuciosos, incesantes da maternidade. Partindo de supostos falsos, as consecuencias non poden ser verdadeiras.

Hai un gran número de mulleres que non son nais: delas habemos tratar no capítulo da *muller solteira*.

A inmensa maioría, composta de mulleres pobres, non se pode dedicar ao coidado asiduo e incesante dos fillos pequenos, porque necesitan traballar para lles dar pan. Unhas veces levan con elas o fillo que aleitan, expoñéndoo á intemperie; outras, queda ao coidado dalgunha anciá ou déixano só. Se hai algunha casa benéfica onde o recollan mentres van ao seu traballo, é gran favor para o inocente e gran descanso para elas. Nos máis dos casos, é gratuíta a suposición de que a muller está decontino ao coidado dos fillos.

Queda reducida a cuestión a saber que será mellor: que deixe a casa para exercer unha profesión ou oficio lucrativo ou para dedicarse a un traballo material, penoso e mal pago. Afirmamos sen vacilar que a muller máis educada, máis perfecta, máis útil, pode atender máis decontino ao coidado dos fillos, porque pode estar máis tempo na casa e ter máis vagar. O seu traballo, moi mal retribuído, vaino ser cada vez menos, porque é mecánico, e a muller como máquina é inferior ás que perfecciona todos os días o xenio do home. Para gañar, non digamos algúns reais, senón uns poucos cuartos, necesita traballar na casa ou fóra todo o día, e ás veces ata unha parte da noite. Se precisase da intelixencia no seu traballo, pagaríase mellor, gañaría maior suma en menos tempo e podería

dedicar máis aos fillos. Para que os atenda, pedimos que teña educación conforme á súa clase e utilice as facultades que recibiu de Deus. É estraño modo de observar fixarse nun baixo número de mulleres da clase media que se dedican asiduamente ao coidado dos fillos e prescindir da inmensa maioría de mulleres pobres, que para buscar pan os teñen que deixar ou non atendelos dabondo.

O fillo necesita sempre da nai, mesmo que a manteña. Quen, senón, o vai amar como ela o ama? Pero o coidado continuo a todas as horas non é necesario senón nos primeiros anos da vida. A muller vive sesenta ou setenta anos; segundo a súa fecundidade, ten fillos pequenos catro, seis, oito, dez ou doce anos.

É isto a vida? Aínda que nese período se tivese que dedicar ao coidado exclusivo dos fillos e non puidese facer máis nada, aínda que non tivese ao carón nai ou tía anciá que a axudase nin irmá que lle dese auxilio, antes e despois deste período, non ten a muller tempo e necesidade de cultivar as súas facultades para que o seu traballo sexa máis útil e máis lucrativo?

Esta consideración aplícase tanto ás mulleres do pobo como ás das clases elevadas, e máis aínda, porque nelas son as mulleres menos fecundas, e é menos o tempo en que a lactación e curta idade dos fillos esixe coidados incesantes. E sono sempre tan incesantes como se di? A ama, a neneira, a avoa, a tía ou a irmá non lle procuran algún descanso e lle deixan algún tempo, que se pode empregar con utilidade maior canto maior sexa o grao de perfección a que se chegou? Para axudar o esposo cando está enfermo ou atafegado de traballo e cando este falta para o suplir, non podería a muller atopar algunhas horas que dedicar a traballos lucrativos a fin de que os fillos non carecesen do necesario e que a doenza ou a morte do pai no fose a ruína da familia?

Aínda nese período, non moi longo en comparanza coa vida enteira, en que os fillos pequenos necesitan coidados continuos, vese que as mulleres poden dispoñer dalgún tempo, que unhas empregan de modo útil e outras malgastan de maneira lamentable.

A muller educada será nai non só máis intelixente e capaz de achegar recursos para os fillos, senón máis tenra e cariñosa; as infanticidas non son persoas instruídas, nin tampouco as que tratan os fillos con incomprensible dureza. Repetímolo: a muller non sae nin pode saír da lei eterna pola cal todo ser que se educa dulcifica o seu carácter e se fai máis humano. E cando a muller dilate os horizontes do seu entendemento, cando comprenda as harmonías do mundo moral, cando

vexa toda a fealdade do vicio e do crime e toda a fermosura da virtude, cando a súa exaltación se converta en entusiasmo e os seus instintos se eleven a sentimentos, cando a súa razón lle poida servir de facho nas borrascas da vida e de apoio contra os embates do mundo, cando o exercicio das facultades máis nobres eleve o seu ser, purifique os seus afectos e lle dea maior delicadeza e sensibilidade, cando, en fin, sexa máis boa, non será mellor nai?

Se non fose este o noso íntimo convencemento, se tivésemos a máis leve dúbida de que a muller ao cultivar a súa intelixencia diminuiría no máis mínimo o seu cariño maternal, lanzariamos estas páxinas ao lume. Como habiamos de querer despojar a humanidade do seu sentimento máis elevado? En todos os amores da terra revélase por algún egoísmo o miserable barro de que está feito o home. Só o amor dunha nai nos pode dar idea do amor do Ceo; só nel hai pureza inmaculada, abnegación que non coñece límites, perdón para todas as culpas, esquecemento para todas as faltas e piedade e misericordia sen medida; só el purifica canto toca, fai comprender á alma un mundo de afectos sublimes e pona en relación co Infinito.

Observade no seu cárcere a muller máis desprezable, a prostituta delincuente; védea transfigurada ao lado do fillo enfermo e escoitade as palabras sublimes, que non se luxan ao pasaren polos seus labios impuros.

Observade aquel reo en capela; é un monstro: cínico e impenitente, repugna e espanta. Chega a súa nai! Ao vela, estremécese a sentinela e conmóvese ata o verdugo. Cando a sacan, a expresión do monstro mudou; aquela alma empedernida conmoveuse e inclina a testa unxida polas bágoas da que lle deu o ser. Alí onde todo inspiraba repugnancia e horror, hai algo que fai sentir compaixón e respecto; aquela atmosfera pestilente purificouse ao pasar por ela o amor desolado dunha nai.

E este amor, o meirande que hai no mundo moral, había de ser incompatible coa perfección do entendemento, o meirande que hai no mundo da intelixencia? Había de haber antagonismo entre os atributos máis nobres da humanidade? Non ha de ser posible a harmonía entre as cousas máis sublimes nin ser nai agarrimosa a muller que pensa?

Deus, que é intelixencia e amor, había separar na nai o amor da intelixencia? Fillos das mulleres pensadoras e amantes, vós habedes responder algún día a esta especie de blasfemia!

CAPÍTULO XII

A MULLER SOLTEIRA

A muller solteira inspira certo desdén, reminiscencia brutal, como xa dixemos, dos tempos en que non se consideraba máis que como femia, e efecto de que, por falta de educación, non é todo o útil que podería ser; ás veces parece que a súa vida sen obxecto é unha carga para a sociedade.

Hai un tipo de muller solteira, certamente pouco recomendable. Egoísta, extravagante, concentra os seus afectos no seu can ou no seu gato, ou vólvese a Deus con tan pouca benevolencia para as criaturas que fai incompreensible o seu amor verdadeiro ao Criador. É a muller excéntrica, intratable, ou a beata maldiciente, sen caridade. Este tipo é raro; había selo moito máis se a muller se educase; aínda cremos que había de desaparecer, porque é unha consecuencia do fastío, do ocio intelectual e do sentimento da propia inutilidade. A proba é que a solteirona extravagante da clase media e elevada non existe na muller do pobo que traballa.

A muller é muller mesmo que non sexa nai, é dicir, é compasiva, paciente, afectuosa e disposta á abnegación. Máis aínda: sen ser nai, ten afectos maternos. Observemos no espazo doméstico, cantas veces a irmá ou a tía solteira coida dos nenos con celo incansable, e sófrees e ámaos con afecto verdadeiramente maternal. Observemos esas sagradas lexións de Irmás da Caridade que amparan os pobres nenos que deixou orfos a morte, a miseria ou o crime. En toda muller cuxa natureza non se torcese dalgún xeito hai amor aos nenos, compaixón cara ao que sofre e piedade relixiosa. A sociedade, en vez de explotar este tesouro, desdén, se é que non o escarnece.

A muller solteira, casta se ten un pouco de pan e un pouco de educación, non é, como o home célibe, un elemento de vicios, desordes e males, senón que, pola

contra, pode consagrar toda a súa existencia ao ben da sociedade. O amor de Deus e do próximo forman parte moi esencial da súa natureza: lévaa aos hospicios, aos hospitais, ao orfanato, ao campo de batalla, e faina atravesar os mares á procura de dores que consolar. Dade instrución a esta criatura así organizada, dádlle instrución sólida, e veredes desapareceren os *empregados* dos asilos benéficos, e veredes convertérense as casas de *beneficencia* en casas de *caridade*.

A muller solteira, que caritativa e ilustrada se dedica ao consolo dos seus semellantes, é un elemento social de ben e prosperidade que non ten prezo; a súa actividade, a súa vehemencia, a súa piedade, a súa abnegación, a súa vida enteira, concéntrase na boa obra obxecto dos seus afáns; alí onde está o seu lar e a súa familia, alí están as súas alegrías e as súas dores. Toda muller en que a educación non contrariase os bos sentimentos, ten coidados, ou polo menos disposicións maternais, para os desvalidos que padecen. Isto é tan certo que os acollidos nas casas de beneficencia, por instinto ou por gratitude, chaman *madres* ás Fillas da Caridade.

Non é necesario que a muller solteira faga votos nin vista un hábito para que a súa vida se consagre ao ben dos outros. Cantas veces soa na casa vive case en exclusiva para a caridade baixo calquera das súas formas ou, agregada a unha familia, coida o neno como se fose a nai e o ancián como se lle fose filla. E se isto non sucede con máis frecuencia e a muller solteira non é máis útil débese a que non ten conciencia de todo o que vale; a que a miúdo se considera ela un ser inútil que para nada serve; a que non hai nela esa independencia moral e esa firmeza e igualdade de carácter que dan a ocupación útil e a intelixencia cultivada; e, en fin, a que carece de recursos porque non se pode dedicar a oficios ou profesións lucrativas.

Se para nos convenceremos de que os erros se encadean como as verdades necesitásemos unha proba máis, sería a especie de desdén que inspira a muller solteira, en vez do respecto que debera inspirar. Dada a idea preconcebida de que na muller non hai facultades intelectuais que cultivar nin aptitudes para as artes, a industria e o comercio; supoñendo que multiplicar a especie é a súa única misión, cando non a cumpre, lóxico é que sexa considerada un ser inútil. Este absurdo está en harmonía con outros e estábo co modo de ser das sociedades antigas, en que o territorio carecía de poboadores. Pero no mundo moderno, nos pobos civilizados, os homes multiplícanse con sobrada rapidez, o exceso de

poboación faise sentir con frecuencia, non son nais o que falta. Por iso a muller pura e benéfica que se dedica a facer o ben aos semellantes, que como non lle fai falta a ninguén está sempre disposta a sacrificarse por todos, que ten en moito facer o ben a calquera e en pouco a súa vida, que forma a súa familia daquela parte do xénero humano que sofre e a necesita, e que usa da súa liberdade facéndose escrava dos santos deberes que se impón, esta muller é tan respectable e tan útil como a mellor das nais. E non se diga que este é un ser ideal; hai moitas destas mulleres e podería haber máis.

É tempo de que non se trate só da nai cando se fala da muller; de que se comprenda que en toda muller honrada hai sentimentos maternais; de que se deixe de mirar con desdén un grande elemento de ben para a sociedade; de que se saia das rutinas que ditan ora o respecto, ora o desprezo; de que non se rebaixe nada que estea elevado, nin se negue prestixio ao que é bo nin admiración ao que é sublime, nin se queiran facer moldes sobre o que é o mérito. É tempo de poñer fin á reacción que enaltecía o celibato sobre o matrimonio, e de comparar a excelencia das accións e non o estado de quen as leva a cabo. Santas mulleres, que non sendo nais porfillastes o xénero humano, recibide a homenaxe do meu respecto, o testemuño do meu cariño e as bágoas que os meus ollos verten ao pensar nas que vosoutras enxugastes! Sirva a vosa vida exemplar de argumento contra os que, combatendo unha idea preconcebida con outra, se negan a facer-vos xustiza.

CONCLUSIÓN

Procuramos demostrar as contradicións das leis e a confusión das opinións e dos costumes no que aos dereitos e capacidade das mulleres se refire.

As contradicións en que incorre o doutor Gall ao asegurar a inferioridade orgánica das facultades intelectuais da muller.

A superioridade moral da muller.

Que ao vedarlle á muller o exercicio das facultades intelectuais superiores, pouco pode dicir a historia mais, non obstante, o seu testemuño é favorable á opinión de que a intelixencia da muller non é inferior á do home.

As funestas consecuencias que lles supón ao home, á sociedade e á muller o erro da súa inferioridade intelectual e a imposibilidade de exercer ningunha profesión e a maior parte dos oficios.

Que a muller pode exercer todas as profesións e oficios para os que non se necesite moita forza física nin sexa un obstáculo a tenrura do seu corazón nin teñan algo que repugne á súa natureza benigna.

Que a muller educada será máis doce e máis benévola, porque a educación suaviza o carácter ata dos irracionais.

Que non hai incompatibilidade entre o cultivo da intelixencia e os labores domésticos.

Que os fillos, en vez de perder, han gañar cando a nai poida exercer unha profesión ou oficio lucrativo.

Que a muller solteira non debe ser mirada con desdén; que educada pode cumprir unha alta misión social; que cando a cumpre é tan respectable como a nai.

Isto é o que procuramos probar con toda a brevidade que nos foi posible e tratando só as verdades esenciais, que unha vez admitidas conducen a todas as súas múltiples consecuencias.

Defendemos o que se chamou emancipación da muller? Non está moi ben definido o que con estas palabras se quere dar a entender, e nós desexamos consignar con claridade o noso pensamento.

Queremos para a muller todos os dereitos civís.

Queremos que teña dereito a exercer todas as profesións e oficios que non repugnen á súa natural dozura.

Nada máis. Nada menos.

Queremos para a muller a dependencia do cariño e a que estableceu a natureza facéndoa máis débil, máis sufrida e máis impresionable; pero rexeitamos a dependencia apoiada en leis inxustas, en costumes inmorais ou absurdos e na pobreza ou na miseria de quen non ten medios de gañar a súa subsistencia. Queremos a independencia da dignidade, a independencia moral dun ser racional e responsable; pero estamos persuadidos de que a felicidade da muller non está na independencia, senón no cariño, e que se ama e é amada, cederá sen esforzo por compracer o marido, o pai, o irmán e o fillo.

Queremos que sexa dócil, doce: nai, filla e esposa tenra sobre todo; que a súa misión sexa unha especie de sacerdocio e que a cumpra con todo o amor do seu corazón e todas as facultades da súa intelixencia.

Queremos que posto que os costumes lle conceden maior liberdade que á muller do Oriente, da Idade Media e aínda da de principios deste século, a súa educación estea en harmonía con esta liberdade, para que saiba usar dela.

Queremos que sexa a compañeira do home. Púídoo ser, sen educar, do home ignorante dos pasados séculos, mais non o vai ser do home moderno mentres non exista entre as súas ideas a mesma harmonía que hai nos seus sentimentos.

Queremos que non se establezan diferenzas caprichosas entre os dous sexos, senón que se deixen as que estableceu a natureza que están no carácter e abundan para a harmonía, pois convén non esquecer que esta se acaba con tanta maior facilidade canto máis acordes están as ideas.

Queremos que na vida social estea representado o sentimento e admitida a realidade das súas verdades; que esta representación a teñan as mulleres principalmente, e leven aos costumes, á opinión e por conseguinte ás leis, un elemento que moitas veces lles falta. Que sen negarlle á razón os seus dereitos, fagan valer os do corazón, e digan e proben que hai casos e cuestións, grandes cuestións, en que un aí! é un argumento, e unha bágoa, unha demostración.

Queremos que a muller avive o sentimento relixioso por medios que estean en harmonía coa época en que vive. Xa non se impoñen as crenzas coa autoridade nin se infunden polo martirio. A caridade e a razón deben fortalecer a idea de Deus. A caridade está viva, pero a razón áchase case morta na muller, semellante a un misionero que ignorase o idioma dos pobos que quere converter.

É necesario que aprenda esa linguaxe, que purifique as súas crenzas de toda superstición; que co seu exemplo combata a idea dos que pretenden facer incompatible a instrución e a piedade; que multiplique os camiños para chegar a Deus e, sobre todo, que non faga recaer na relixión algo do descrédito intelectual de quen a practica.

A muller ten que cortar por segunda vez a cabeza da serpente, dese escepticismo que se enrosca arredor da nosa existencia, que nos inocula o seu veneno, que nos conxela co seu frío, e en vez de harmonías sublimes, nos dá o seu asubío sinistro.

As grandes cuestións resólvense hoxe a grandes alturas intelectuais; é necesario que a muller se poida elevar ata elas, para que non se impoñan o egoísmo, a dureza e a frialdade, para que non se chame razón ao cálculo, e cálculo, á torpe aplicación da aritmética.

Doce, casta, grave, instruída, modesta, paciente e amorosa; traballando no que é útil, pensando no que é elevado, sentindo o que é santo, dando parte nas cousas do corazón á intelixencia do home, e nas cuestións do entendemento, á sensibilidade feminina; alimentando o lume sagrado da relixión e do amor; ofrecendo nesa Babel de aspiracións, dúbidas e desalentos o intérprete que todos comprenden, a caridade; opoñendo ao misterio a fe, a resignación á dor e á desventura a esperanza; levando o sentimento á resolución dos problemas sociais, que nunca xamais se han resolver coa razón soa: tal é a muller como a comprendemos, tal é a muller do porvir.

Por ela han nacer á vida da alma os fillos do pobo nas xeracións futuras; por ela ha ser máis pausada e máis continua a marcha das sociedades, sen alternativas de velocidade vertixinosa e de paralización mortal; por ela han acabar se é posible as loitas cruentas e as vitorias da forza; por ela ha ser magnetizado ese mundo, tantas veces impenetrable á palabra de vida.

E se todos os pobos necesitan que conmová as súas entrañas a sensibilidade da muller, moito máis aqueles menos adiantados e menos venturosos.

A comunicación continua con outros países dá lugar a comparacións desvantaxosas, que se unhas veces determinan nobres impulsos de emulación, non poucas inspiran desdén e desazo e mais afán de ir gozar no estranxeiro as vantaxes dunha civilización máis adiantada. Contra este desexo, tantas veces posto en práctica e causa permanente de empobrecemento, pedirémoslles leis aos homes? Non. Invoquemos unha que Deus gravou no corazón da muller. Vós, ó mulleres!, que non dades o primeiro lugar no voso cariño aos predilectos da natureza ou da fortuna; vós, que queredes máis ao fillo enfermizo, deforme, malpocado, transmitídlle ao home o máis xeneroso dos vosos instintos, ensinádelle a amar a patria, a súa nai, porque é infeliz; facédelle ver o culpable e vil que é quen abandona os seus na desgraza; create unha nova, unha grande escola política, que non combata máis que un adversario: o egoísmo; que non escoite máis que un oráculo: o corazón.

**ARTIGOS SOBRE AS
CONFERENCIAS DOMINICAIS
PARA A EDUCACIÓN DA
MULLER, CELEBRADAS
NO PARANINFO DA
UNIVERSIDADE DE MADRID**

Como complemento do precioso libro que temos hoxe a ledicia de ofrecer aos lectores da BIBLIOTECA ECONÓMICA DE ANDALUCÍA, demos ao prelo os artigos que a señora dona Concepción Arenal foi publicando en diferentes xornais acerca das *Conferencias dominicais para a educación da muller* celebradas na Universidade de Madrid durante o presente ano.

O seu mérito non o temos que encomiar; o público coñéceo xa e nós prestámoslle o servizo de presentarllos recompilados nun volume, para que estean, como é debido, formando parte da biblioteca doméstica de todo bo cidadán e bo pai de familia. A forma en que viron a luz pública impedíronlles a moitas persoas lelos todos; tanto estas, como as que non os coñecen e moito máis as que puideron seguir o curso das conferencias, estamos seguros de que nos han agradecer moito a recompilación.

PRIMEIRA CONFERENCIA

DISCURSO INAUGURAL, LIDO POLO SEÑOR DON FERNANDO DE CASTRO

CONFERENCIA DO SEÑOR DON JOAQUÍN MARÍA SANROMÁ SOBRE «A EDUCACIÓN SOCIAL DA MULLER»

Cando nos séculos vindeiros escriba un filósofo a historia do progreso en España, citará, acompañando de fondas reflexións, unha data: o 21 de febreiro de 1869. Deuse neste día algunha gran batalla en que triunfou a xustiza? Unha Asemblea promulgou como lei algún dereito ata entón descoñecido ou negado? Axitáronse as masas como o mar embravecido e nas ondas da súa cólera sepultaron no abismo algún impío erro, levantaron ata o ceo algunha verdade santa? Non. O 21 de febreiro de 1869 non aconteceu ningunha destas cousas. Nin estrondo marcial nin aclamacións da multitude, que non se apercibiu sequera de que se xuntaban algunhas persoas na Universidade Central, no salón de graos. Íase conferir algún? Talvez. O señor ministro de Fomento chegaba, e o señor reitor e algúns catedráticos. Moitas señoras corrían impacientes en busca de asento que xa non había, e era tal a súa actividade e o interese con que buscaban lugar en que colocarse que non parecía senón que o graduando era fillo de todas e de cada unha. Pero onde estaba o mozo que con tanta ansia querían ver e escoitar?

Era en van buscalo máis que cos ollos da alma. O graduando non tiña corpo. Era unha idea que ía ser proclamada dende a tribuna, unha idea desas que son o resumo dunha época e o xerme doutra; unha idea das que medran primeiro á calor dalgunhas intelixencias elevadas para chegar a ser algún día patrimonio do sentido común. Alí íase dicir que a muller é un ser racional, un ser intelixente,

capaz de recibir educación e de elevarse ás rexións do pensamento, de perfeccionarse aprendendo e de mellorarse perfeccionándose. E quen se atreve a dicir estas cousas en España, onde ata non hai moito o saber era un caso de conciencia? Algún mozo toleirán, algunha cabeza volcánica, algún ambicioso cincento, que non tendo outro medio de chamar sobre si a atención, quere atraer as miradas polas excentricidades do seu maxín?

Non. O señor ministro de Fomento preside o acto, e non será de certo por ningunha mira ambiciosa. O señor reitor da Universidade Central non precisa do discurso que le para se crear reputación literaria; antes de agora xa probou o señor Castro que sabe pensar e sentir, e dicir ben o que sente e o que pensa. O señor Sanromá debeu de aprender dende a primeira vez que falou en público que naceu orador, grande orador. Así, pois, nin o ministro nin o reitor nin o catedrático acudían á Universidade por ambición mesquiña nin por vaidade pueril; impulsábaos unha idea que ían proclamar, dándolle o prestixio da súa autoridade e da súa ciencia.

En España, só en voz baixa se atreveron a dicir algúns que a muller é un ser intelixente que pode e debe ser educada como tal. E velaquí que agora esta verdade brilla nas esferas do poder, nas rexións oficiais, e dise con fe e apláudese con entusiasmo.

O feito é solemne, moi solemne, e as nobres voces que se alzaron o 21 de febreiro na Universidade Central han ter o eco eterno da aprobación dos séculos. Acaso polo de agora non sexan os máis os que aplaudan. Tanto ten. A verdade vén do ceo e vena primeiro os que están máis altos: eles recíbena con agarimo, preservándoa ás veces dos ataques da multitude, que ao final a comprende e a adora.

Ao ver o señor ministro de Fomento presidir a inauguración das *Conferencias dominicais* para a educación da muller, ao oír na tribuna o señor Castro e o señor Sanromá, moitos e diversos afectos deberon axitar o corazón das señoras alí reunidas, pero un talvez se elevaba máis alto que todos: o sentimento da gratitude. Ah, si! Dámosvos grazas moi sinceras, grazas da alma, aos que con pensamento elevado e man firme rompestes o primeiro elo desa cadea de erros que nos prendía á ignorancia, á ignorancia que xera a idea preconcebida, que enmaraña o carácter, que degrada o ser moral, que abafa o pensamento, que aniquila a intelixencia, que seca as fontes de toda inspiración grande e xenerosa. Grazas aos que

levantastes o impío veto que nos pechaba o santuario do saber; grazas aos que non desdefiastes razoar connosco, aínda estando nós tan abaixo nas rexións do pensamento; grazas aos que ampliastes a esfera dos nosos deberes e dos nosos dereitos, abrindo novos horizontes ao noso espírito prisioneiro.

Vós sodes os auténticos cabaleiros, vós, os nobres paladíns que rompedes lanzas pola fermosura da nosa alma. Non imos negar unha bágoa ás vosas dores nin un canto á vosa memoria, nin o Supremo Xuíz vos ha preguntar severo: «Que fixestes da compañeira que formei á Miña imaxe e semellanza?».

Non temades, xenerosos defensores da educación da muller, non temades que as vosas leccións se perdan nin que os nosos ollos se pechen á luz da verdade. Os homes non deron destruído a obra de Deus; adormecidas as nosas facultades, non están mortas. Non vedes como polas reixas dese alxube onde quixeron encerrar o noso entendemento se perciben os resplandores do lume santo que arde na nosa alma? Cando, onde se lle dixo á muller «Marcha por esa difícil vía que conduce a un alto fin» que a deixase deserta? Abrístenos o camiño do ceo e enchemos os poldros de mártires e os altares de santas. Declarástesnos capaces de exercer a caridade e recollemos as criaturas e consolamos os anciáns e coidamos os enfermos e auxiliamos os moribundos. Cando nos outorgastes a vosa confianza que faltásemos a ela? Cando alixeirastes o peso da nosa cadea que non désemos un paso cara ao ben?

O home, a medida que se civilizou, refinou os seus gustos e sentiu a necesidade de que a muller tomase parte nos espectáculos que o entreteñen. Permitiulle que baile e cante, que toque e que declame. Nas rexións da arte viuna elevarse tanto coma el e gozou deste pracer sen sospeitar que encerraba unha lección. E a lección era, non obstante, ben clara. A muller percorreu con paso firme todos os bos camiños que non se lle pecharon. Foi mártir, santa, sacerdotisa da caridade e artista. Non a deixastes ser máis, homes que nin sequera sabedes ser egoístas, abridelle novas vías, que as ha percorrer. Isto é o que di a lóxica, o simple bo sentido.

Os que intentan educar a muller como un ser racional e intelixente emprenderon unha tarefa ardua, una ruda angueira. Pero o obxectivo é alto e o éxito, máis ou menos remoto, certo. Acelerémolo nosoutras con boa vontade e perseveranza; procuremos vencer os nosos hábitos de frivolidade e folganza intelectual, persuadíndonos de que o saber é estudo, e o estudo é traballo. Deamos aos

nosos mestres a proba de gratitude máis fonda, a recompensa máis doce, utilizando as súas leccións e prestando cos nosos progresos argumentos poderosos que lles poidan lanzar á cara aos seus adversarios. Imos ter que loitar contra moitas dificultades e enfrontármolos cun inimigo vil que ás veces é poderoso: o ridículo. Mais aprendamos a desprezalo e comprenderemos que non hai razón para temelo. O ridículo é como os gases mefíticos da *cova do can*: non matan senón aos que camiñan á rente da superficie; alcemos a testa ao ceo e deixaremos o ridículo moi embaixo, ao respirarmos nas rexións serenas da intelixencia.

SEGUNDA E TERCEIRA CONFERENCIAS

LECTURA POLO SEÑOR HARTZENBUSCH DO SEU CONTO FANTÁSTICO «LA HERMOSURA POR CASTIGO»

CONFERENCIA DO SEÑOR DON JUAN DE DIOS DE LA RADA Y DELGADO: «A EDUCACIÓN DA MULLER POLA HISTORIA DOUTRAS MULLERES»

LECTURA POLO SEÑOR ARJONA DE «EL CASTELLANO VIEJO», DE LARRA

CONFERENCIA DO SEÑOR DON FRANCISCO DE PAULA CANALEJAS: «A EDUCACIÓN LITERARIA DA MULLER»

LECTURA DO SEÑOR CAMPOAMOR DE DOUS CANTOS DO SEU «DRAMA UNIVERSAL»

Comprometémonos con algunha persoa que temos en moita estima a dar conta ao público das *Conferencias dominicais*, non porque creamos que lle interesen gran cousa, senón porque comprendemos que lle deben interesar. Falamos da primeira⁵, e como non nos foi posible por falta de saúde dicir nada da segunda, faremos hoxe dela mención ao nos ocuparmos da terceira.

Na segunda conferencia dominical deuse comezo ás lecturas públicas, tan xeneralizadas fóra de España mais que ata o de agora non se deron aclimatado entre nós. Opinamos que o señor Hartzenbusch, que as inaugurou na Universidade Central, fíxoo con bo éxito, e que moitos despois del han dar instrución e recreo por este medio, primeiro ao público, despois ao pobo: a harmoniosa

⁵ En *La Reforma* do 25 de febreiro. (N. da A.).

lingua en que escribiron Cervantes, santa Teresa e frei Luis de Granada é idónea para ilustrar o entendemento, agasallando o oído. O ilustre autor de *Los amantes de Teruel* leu o seu belo conto fantástico «La hermosura por castigo», altamente moral, fermoso e harmónico, como todas as obras do señor Hartzzenbusch.

O señor Rada y Delgado, nun discurso de belas formas, lembrou os nomes e os merecementos das mulleres célebres, como exemplo e estímulo para que as mulleres todas procuren cultivar as súas facultades, e estendeuse sobre todo falando das mulleres españolas cuxos nomes conserva a historia. Oportuno foi o tema escollido polo señor Rada y Delgado, pois un dos obstáculos máis insuperables que se encontran para a educación intelectual da muller é a cativa idea que da súa intelixencia ten esta. A súa ignorancia entraba ata aquí como parte integrante da orde establecida, era a legalidade existente no mundo moral, e é difícil que haxa moitas que se sintan con forza dabondo para seren rebeldes.

Deu principio á terceira conferencia dominical o señor Arjona, lendo un artigo do inmortal Larra, «El castellano viejo». Dicimos mal lendo, representando, porque nunca foi o señor Arjona mellor actor. Fíxonos ver o cadro tal como Fígaro o concibiu, e o interese con que foi escoitado e a xustiza con que foi aplaudido son clara proba de que con boa elección de lectura e de lector, as *lecturas públicas* han dar chegado a ser *lecturas populares* e un poderoso elemento de educación para o pobo.

O señor Campoamor subiu á tribuna para ler versos, para o cal se necesita certa coraxe, dado o descrédito en que caeron. A coraxe, porén, adoita ser a conciencia da forza, e o modo con que o señor Campoamor foi escoitado e aplaudido proba ben que por máis que se esforcen os copleiros por desacreditar a poesía, o público recoñece sempre e cumprimenta con respecto o poeta.

A intelixencia do señor Campoamor reviste tantas formas que non sabemos, a dicir verdade, cando enche o traxe ou cando está disfrazada. Xa xeme dorida, xa ri sarcástica. Xa eleva a voz rouca e desaprachable, xa entoa cantos ténrísimos e suaves. Onte deixounos na testa o beixo puro dun meniño, hoxe quérenos chegar os labios abrasados por onde parece que pasou a blasfemia. Ora arrólanos en doces soños, ora esaxera as amargas realidades. Aquí dá culto á verdade, aló semella engaiolada polo sofisma e alternativamente paséase polos abismos da desesperación e polos ceos da esperanza. Moitas veces preguntámoslle: «Quen es?». Nunca nos respondeu.

Na terceira conferencia dominical, a intelixencia do señor Campoamor vestiu o seu traxe máis belo e alzou a voz máis suave e tamén a máis poderosa, dándonos imaxes para a fantasía, verdades para a intelixencia e sentimentos para o corazón. Por que non é sempre así? Por que ha de chamar a atención cun xesto quen pode cativar as miradas cun fermoso rostro?

Comprendemos que non lle faltarían ao señor Campoamor respostas para esta pregunta, e replicámoslle. Na nosa opinión, as intelixencias elevadas teñen deberes *maternais* cara á humanidade, que se pode considerar como doente; que padece da ignorancia e do erro, do fanatismo e da incredulidade, do egoísmo e da paixón, e sofre dores crueis e infinitas. Que han facer os que máis ca ela saben, os que mellor ca ela senten? O que unha nai polo fillo enfermo. Devorar as súas bágoas e a súa desesperación por non a aflixir; dicirlle todo aquilo que a poida facer mellor e menos desgraciada; buscar na dúbida aquelas ideas que sexan máis consoladoras, e tras facer canto é posible para suavizar as dores da vida, apartar a desesperación do seu leito de morte. Este é, ao noso parecer, o papel que deben representar as intelixencias superiores, e non comprendemos como llo queren substituír por ningún outro. Hai moitos anos, exhortabamos unha das nosas primeiras intelixencias a que dese un xiro útil para a humanidade, e no suposto de que así o había facer, dicíndolle:

La página más bella de tu historia
 Trazará el sacro fuego que te inflama:
 Dejar al mundo un nombre; esa es la *fama*:
 Hacer al mundo bien; esa es la *gloria*.

Sucede ás veces, tratando de varias cousas, que se deixa a máis importante para a última, e isto acontécenos hoxe ao falar do discurso do señor Canalejas, cuxo tema era «Educación artística e literaria da muller». Non imos caer na mala tentación de facer del un resumo, dando o feo esqueleto dunha fermosa figura. Os discursos pronunciados nas *Conferencias dominicais* imprímense, e o do señor Canalejas é dos que despois de escoitarse con entusiasmo, hase ler con proveito. Pensamentos profundos, imaxes belas, sentimentos delicados, coñecemento do corazón da muller, das súas ilusións e dos seus desenganos, das fontes da súa desesperación e do seu consolo..., todo o notamos no señor Canalejas ao oír a

súa voz elocuente. Ben puido ver no modo de escoitalo e de aplaudirille o público que se comprendían as súas ideas, que se sentían os seus sentimentos e que nel se reflectía a súa intelixencia, como se reflecte a luz nas augas puras e tranquilas. Pero houbo un momento en que non se aplaudiu ao poeta nin ao pensador nin ao orador elocuente, senón ao home honrado, ao que no nome da arte, da poesía, da virtude e da dignidade humana levantaba a voz contra esa pública infamia que se chama *baile* nalgúns teatros e conxuraba as señoras a que non asistisen a eles, rexeitando con indignación tan vergoñenta inmoralidade. As palabras con que o señor Canalejas anatematizou eses lascivos espectáculos aplaudíronse con entusiasmo. Pero os aplausos que non van mesturados con beizóns son ruído van, e os homes do talle intelectual do señor Canalejas deben aspirar a algo máis que a triunfos do amor propio.

Dicíanos o domingo estas ou parecidas palabras: «Se despois de oír un discurso ou de ler un poema ou de ver un espectáculo, hai máis elevación nos nosos sentimentos; se vos sentides mellores e con máis propensión ao ben, proba é iso de que no poema, no espectáculo ou no discurso hai poesía». A do seu ten esta proba entre outras, porque despois de oílo adquiriu forza unha idea que con desazo deixáramos entre as inútiles aspiracións: a de levantar a voz, no nome da moral publicamente aldraxada, para combater eses espectáculos, oprobio dun pobo honrado. Non é a nosa voz débil, é a poderosa e autorizada do señor Canalejas a que tomou esta xenerosa iniciativa, e xa que achou eco tan prolongado, xa que o aplaudimos coas mans e co corazón tanto os que temos encanecido cabelo como os mozos imberbes, preciso é que esa voz tome corpo e se converta nunha asociación forte e poderosa, nun dique contra ese noxento torrente que ameaza alagarnos coa súa pestilencia. A antiga aristocracia dicía: «Nobreza obriga». A nova, a do saber, debe dicir: «Intelixencia obriga». E se obriga, en efecto, como cremos, moito ten obriga de dar quen moito recibiu.

Pregámoslle ao señor Canalejas que una a acción á inspiración e ao consello; pregámoslle ao intelixente auditorio que asiste ás *Conferencias dominicais* que sirva de núcleo para unha asociación contra os espectáculos inmoraes; pregámoslle ao señor reitor da Universidade que, como sacerdote, se poña á cabeza desta falanxe que vai combater a prol da máis delicada das virtudes, a castidade; que como impulsor das *Conferencias dominicais* procure que saian delas máis que

elocuentes discursos e ruidosos aplausos, que saia algunha boa acción para que ninguén poida dubidar da bondade da árbore vendo a utilidade do froito.

Non se comprende como as autoridades da liberdade non ven que o despotismo pode descargar a súa maza sobre unha multitude corrompida e que a liberdade necesita bos costumes.

Non se comprende como hai un home que por gañar diñeiro foi a Francia na procura de instrumentos viles que en España non puido atopar, aceptando un ignominioso privilexio de introdución. Non comprendemos como se prohíbe a venda de velenos que non son nocivos senón para o corpo, mentres se permite que se vendan os que á vez empezoñan corpo e alma. Pero aínda que non as comprendamos, todas estas cousas suceden, e sería triste que non se puidese opoñer a tan gran mal correctivo ningún.

Asociémonos contra os espectáculos inmorais e obscenos; fagamos uso de todos os medios honrados, que son moitos, para rexeitar a noxenta baba do VICIO que nos queren cuspir ao rostro. Ninguén nos impide escribir, asociarnos, reunirnos, protestar. Se non o facemos, se non sabemos enfrear a licenza coa liberdade, merecedores somos do despotismo, habémolo ter.

CUARTA CONFERENCIA

CONFERENCIA DO SEÑOR DON FERNANDO CORRADI:
«INFLUENCIA DO CRISTIANISMO NA MULLER, A FAMILIA E A
SOCIEDADE»

LECTURA POLO SEÑOR SEGOVIA DO SEU ARTIGO «DEL LUJO»

LECTURA POLO SEÑOR VALERA DA SÚA POESÍA «A GENOVEVA»

A cuarta das *Conferencias dominicais para a educación da muller* estaba a cargo do señor don Fernando Corradi, que coa corrección e fluidez que distinguen a súa verba desenvolveu o seguinte tema: «Influencia do Cristianismo sobre a muller, a familia e a sociedade». Puxo de manifesto as tendencias civilizadoras da doutrina do Salvador e subliñou a presenza xa no Evanxeo do xerme do progreso, da liberdade, da igualdade e da fraternidade. Fixo ver canto debe a muller ao Cristianismo, que a elevou a compañeira do home, fortalecendo no seu corazón a caridade e a castidade, as dúas virtudes que máis a realzan. E insistiu, por fin, co aplauso da concorrencia, en que a relixión non é responsable dos excesos do fanatismo, condenando con enerxía a intolerancia, causa, dixo, do noso atraso e da nosa miseria.

O señor Segovia subiu despois á tribuna e citou, con merecido eloxio, os señores que o precederan nese lugar co gallo das Conferencias, manifestando que non todo había de ser brillante e elevado e florido, e que as señoras habían de permitir que alí se falase tamén en ton humilde e ata familiar, como ía el facer, servindo como de conveniente sombra para que resaltasen máis os efectos de luz. Ou a modestia do señor Segovia chega a un punto inverosímil ou quixo engadir a sorpresa ás varias e agradables impresións que nos produciu o seu escrito, máis propio para brillar entre os máis brillantes que para salientalo polo contraste das súas pálidas tintas.

O señor Segovia tomou por asunto do seu escrito o luxo, e nunca vimos mellor seguido o difícil precepto de instruír deleitando. Dixo moitas verdades, e dado que o auditorio era en gran parte feminino, algunhas podían parecer algo aventuradas, pero todas foron recibidas con aplauso. Non era posible outra cousa, presentándose adobiadas con tal primor de linguaxe e tanto humor e chispa. Grande e fermoso privilexio do talento é abrirse paso ata o entendemento e ata o corazón, exercendo unha especie de ditadura sobre a vontade. Comprendemos que quen manexa con tal mestría a nosa harmoniosa lingua como o señor Segovia se indigne e renegue contra esa invasión de palabras estranxeiras admitidas por bo ton e mal gusto, e en proba de vasalaxe intelectual que non poden aceptar os que teñen no seu enxeño medios de sustentar a súa independencia.

O señor Segovia empregou todos os tons para chegar ao corazón e o entendemento, e polo modo de escoitalo e de aplaudirille, demostroulle o público que o conseguiu. Recomendámoslles a todos os amigos do bo e do belo a lectura do seu discurso, que se ha imprimir, e copiamos a definición do luxo, que nos parece notable: «Gasto superfluo e improdutivo, sostido por mera ostentación, ou desproporcionado aos recursos de quen o custea». Dixo o señor Segovia que, influíndo as mulleres tan principalmente nos costumes, o luxo era en gran parte obra delas. Somos da súa opinión, pero preguntamos: Por que sucede así? Por que as mulleres son máis vas que os homes? Pois porque, como dixo un home sobranceiro, «a vaidade colócase onde pode», e as mulleres, dada a súa educación, apenas a poden colocar máis que en lilainas. Detrás de todo erro hai unha desgraza, e a desgraza do luxo é en gran parte consecuencia da mala educación das mulleres, que dá xiros extravagantes e prexudiciais á súa actividade, e vedando as cousas nobres e grandes ao seu natural desexo de distinguirse, impúlsaa cara ás pequenas e ridículas.

A muller, como o home, desexa sobresaír, e para conseguilo, bota man dos medios que ten. Non lle sendo permitido adornar a intelixencia, adobía o corpo; á maneira do salvaxe enféitase con plumaxes e cores, e non poucas veces, tamén coma el, desfigúrase.

Educádea, homes, cultivádelle as facultades superiores, e cando sexa menos frívola, será menos dada a vistosos adobíos e máis disposta á orde e á economía.

Terminada a savorosa lectura do señor Segovia, o señor Valera recitou uns sentidos versos, e conmovido cunha lembranza que lle quedou sen dúbida moi gravada no corazón, conmoveu tamén o auditorio.

O señor reitor da Universidade, que presidía a conferencia, anunciou para a próxima que o señor Labra ha falar da situación da muller baixo o punto de vista xurídico, e xa que esta materia empeza a tratarse, talvez non sexan por enteiro inútiles algunhas observacións, entresacadas duns apuntamentos, e que figuran nestes coa epígrafe de

Contradicións⁶

O erro, antes ou despois, acaba por limitarse a si mesmo, e a primeira forma da súa impotencia é a contradición: se quixese ser lóxico, faríase imposible. A humanidade, que pode ser cega abondo como para deixarlle sentar premisas, non é nunca perversa nin desasísada abondo como para permitirlle que saque todas as súas consecuencias: oponlle a súa razón, os seus afectos ou os seus instintos, e o erro transixe; podemos ter a certeza de que onde hai contradición hai erro ou impotencia.

Aplicando esta regra ao papel que a muller representa na sociedade, pola falta de lóxica do home, acabaremos por convencernos da súa falta de razón primeiro, e de xustiza despois.

Unha muller pode chegar á máis alta dignidade que se concibe, pode ser nai de Deus: descendendo moito, mais aínda moi alta, pode ser mártir e santa, mais o home que a venera sobre o altar e a interpela considéraa indigna de cumprir as funcións do sacerdocio. Quen dixo sacerdocio?! Atrevemento impío sería que no templo ousase aspirar sequera á categoría do último sancristán. A lóxica aquí sería escándalo, impiedade.

Se da orde relixiosa pasamos á civil, as contradicións non son de menor vulto. Como vai ser empregada na Alfándega ou na Débeda unha muller? Como vai desempeñar un destino en Fomento ou en Gobernación? Só pensalo provoca

⁶ Non se suprime esta parte do artigo, cuxas ideas se viron xa en *A muller do porvir*, para que se comprenda ben o seguinte.

risa. Pero unha muller pode ser xefa do Estado. No mundo oficial recoñécese aptitude para raíña e para estanqueira: porén, que pretendese ocupar os postos intermedios sería absurdo. Non paga a pena subliñar o ben parada que de aquí sae a lóxica.

Nas relacións de familia, no trato do mundo, que lugar ocupa a muller? Moral e socialmente considerada, cal é o seu valor? Cal é o seu posto? Ninguén é capaz de dicilo. Aquí é mirada con respecto, e con desprezo alá. Unhas veces sofre escrava, outras tiraniza; ora non pode facer valer a súa razón, ora impón o seu capricho. Buscade unha regra, unha lei moral: é imposible que a atopedes no caos que resulta do choque continuo entre as preocupacións e a ilustración, o erro e a verdade, a inxustiza e a conciencia. O libertino que escarnece a virtude cre, en troques, na da súa nai; o cínico arrisca a vida nun desafío por defender a honra da súa irmá; o que fixo moitas vítimas e trepou nas máis santas leis recibe como tal un capricho da que ama; o que ten teorías e hábitos de tirano ao cabo é escravo da filla ou da neta. O corazón, os instintos, a conciencia opóñense decontino na práctica a esas teorías que lle conceden ao home superioridade moral sobre a muller. Vese, pois, arrastrado a ceder do que chama o seu dereito cando non abusa del, e ao conceder esta graza, xa non establece regras de xustiza, porque non é fácil poñer límites á xenerosidade do que dá por afecto nin á esixencia do que recibe sen reflexión. Por tanto, nas relacións domésticas e sociais do home e a muller, non sendo xustiza o que así se chama, nin podendo así converterse en regra permanente e respectada, todo queda á mercé dos afectos e das paixóns, todo está tan exposto a mudanzas coma as propias relacións e, por norma xeral, ás mulleres dáselles máis ou menos do que merecen e lles é debido: son ou o neno oprimido a quen se fai sempre gardar silencio ou o neno consentido que impón a súa vontade. Con só observar o que acontece á nosa volta, veremos tantas contradicións como individuos observemos.

Se deixando os costumes pasamos ás leis, que é o que ven os nosos ollos? Ai! Un espectáculo ben triste, porque a lei non ten a flexibilidade dos afectos, e se o pai e o esposo e mais o irmán son inconsecuentes para seren xustos, a lei inflexible non se compadece da dor nin se detén ante a inxustiza. As contradicións da lei pesan sen lenitivo ningún sobre a muller desventurada. Agás na lei de gananciais —tributo pagado non sabemos como á xustiza, raio de luz que penetrou en escuridade tan profunda—, as leis civís consideran a muller como menor se é

casada, e aínda non o sendo néganlle moitos dos dereitos que lle conceden ao home.

Se a lei civil mira a muller como un ser inferior ao home, dende o punto de vista moral e intelectual, por que a lei criminal lle impón iguais penas cando delinque? Por que para o dereito se considera a muller inferior ao home e ante o deber se ten por igual a el? Por que non se considera a muller como ao neno que obra sen discernimento ou cando menos como ao menor? Porque a conciencia alza a súa voz poderosa e sublévase ante a idea de que o sexo sexa motivo de impunidade; porque o absurdo da inferioridade moral da muller toma aquí tales proporcións que todos o ven; porque o erro chega a un deses casos en que necesariamente se ten que limitar a si mesmo, ten que transixir coa verdade e optar pola contradición. É monstruosa a que resulta da lei civil e a lei criminal; unha dinos: «Es un ser imperfecto, non che podo conceder dereitos». A outra: «Considérote igual ao home e impóñoche os mesmos deberes; se faltas a eles incorrerás en idéntica pena».

A lei considera a muller máis virtuosa e ilustrada inferior ao home máis vicioso e ignorante, e nin o amor de nai, nin sequera o santo amor de nai cando queda viúva lle inspira ao lexislador a confianza de que ha facer polos fillos tanto coma o home. Absurdo inconcibible!

É tal a forza do costume que saudamos estas inxustizas todas co nome de *dereito*.

Non dubidamos que as *Conferencias dominicais* han iluminar esta cuestión, como outras moitas que á muller se refiren. As verdades encadéanse e non se demostra unha sen preparar o coñecemento doutra.

QUINTA CONFERENCIA

AS «LAMENTACIÓNS DE XEREMÍAS» EDUCACIÓN XURÍDICA DA MULLER UN DOMINGO DE RAMOS NO SÉCULO XVI

As *Conferencias dominicais*, que dende hai algunhas semanas se celebran na Universidade Central e teñen sido dirixidas con tino polo señor reitor e pola sociedade formada para este propósito, están a chamar poderosamente a atención do público: o antigo salón de graos é xa insuficiente para a numerosa concorrencia que acode aos domingos antes das dúas da tarde, a hora fixada, sendo grande o número de señoras, o cal proba que se acadou o principal fin da asociación. Ata o de agora non decaeu o interese nas conferencias, como o pode comprobar quen tome a molestia de ler os seis elegantes folletíns que xa van publicados.

Catro destas importantes sesións tiveron a honra de ser descritas e analizadas en varios xornais pola señora dona Concepción Arenal; e en verdade que foi boa sorte das propias conferencias e de cantos tomamos parte nelas lograren tan discreta cronista. Por desgraza para todos, o domingo de Ramos a entendida escritora non puido asistir por se encontrar indisposta e esta lamentable circunstancia ha privar o público dun elegante e ameno artigo crítico como os anteriores, sendo forzoso que se contente por hoxe coa descarnada e árida relación que brevemente imos facer aquí da quinta conferencia.

Ocupou en primeiro lugar a tribuna o presbítero don Antonio García Blanco, antigo e moi coñecido catedrático de lingua hebrea, para ler algúns fragmentos das «Lamentacións de Xeremías», na tradución directa do hebreo feita polo mesmo que aparece nun libríño que se distribuíu entre as señoras presentes, as cales van poder conservar así non só o texto dos aflixidos *threnos*, senón tamén

o interesante prólogo, tan instrutivo como ameno, con que os enriqueceu o tradutor.

O señor García Blanco sabe dar sempre este carácter de amenidade a todas as súas explicacións, e é sen dúbida circunstancia que se debe procurar con empeño cando se trata de transmitir certos coñecementos de árido aspecto, e máis se son as que escoitan persoas do sexo feminino, menos adoitas a certa clase de estudos.

Non é posible encarecer, nin o podería crer quen nunca oíu o erudito profesor, con que paciencia, atención e deleite se escoitaron as súas explicacións acerca do que eran os profetas entre o pobo hebreo: deu noticia dos colexios en que aprendían a profetizar, e que eran como conventos, que participaban do que agora chamariamos seminarios e noviciados. Alí, dixo, aprendían ciencias semellantes ás que modernamente denominamos *cosmogonía*, *antropoloxía*, *ideoloxía*, *estética* e outras varias; alí exercitábanse en alcanzar e posuírse do *espírito de Deus*. «E que é o espírito de Deus?», preguntaba o señor Blanco. E a seguir respondía, apoiándose no texto sagrado, que di: «Todas as vías do Señor son de misericordia e de verdade». Ese espírito de verdade e de misericordia é o que inspira os profetas.

Estendeuse despois en anécdotas curiosas e eruditísimas verbo das profecías; explicou a súa índole, a súa linguaxe figurada, poética, hiperbólica; o seu estilo apaixonado, enigmático, solemne, misterioso. Non omitiu contarnos as particularidades notables con que se producían aqueles anuncios tremendos, aquelas ameazas, aquelas repreensións, aquelas amargas e severísimas censuras contra o vicio, contra a depravación, contra a tiranía. Fixo tamén alusión o señor Blanco aos falsos profetas de pobos máis modernos, como os de Roma, chamados *augures*, *arúspices*, ou máis ben, *haruspices*, *extispices*, *prodigiatores*, *fulguratores* etc.

Non recordamos que nomease estes todos o señor García Blanco, pero coa súa erudita e ao tempo sinxela exposición, díxonos dabondo para estimular os curiosos a un paralelo entre os inspirados de Israel e aqueles fanáticos impostores latinos que formaban tamén un colexio ou corporación e tiñan as súas tradicións e os seus libros (*libri etrusi*, *haruspicini*, *fulgurales*, *rituales* etc.).

Abrangueu tamén na súa explicación o distinguido catedrático a forma literaria dos *threnos*, dos cales dicía que mellor que *lamentacións*, deberían chamarse *lamentos* de Xeremías, e puxo ao alcance de todos a razón de escribirse ao

principio de cada verso unha letra do *alefato* ou alfabeto hebreo, pola súa orde natural de *aleph, beth, ghimel, daleth* etc., formando como unha especie de acróstico simbólico. E en verdade que nunca oíramos tan clara e sinxelamente explicada esa alegórica circunstancia a que aludía san Xerome cando dicía de Xeremías: «*Civitatis sua (Jerusalem), ruinas quadruplici planxit alphabeto*».

Feitas estas interesantísimas explicacións, procedeu o señor Blanco a ler algúns fragmentos da súa tradución, á cal nos abtemos de dar outro eloxio, fóra do enxeñoso artificio de seguir a mesma orde alfabética, porque sería ostentar quen isto escribe unha competencia moi allea da súa ignorancia. Para os máis peritos hase poñer aquí unha mostra da notable tradución:

Traduciu da *Vulgata*:

ALEPH.—*Quomodo sedet sola civitas plena populo: facta est quasi vidua domina gentium: princeps provinciarum facta est sub tributo.*

Traduciu do texto anterior o padre Scio:

ALEPH: *¿Cómo está sentada la ciudad llena de pueblo? Ha quedado como viuda la señora de las naciones: la princesa de las provincias ha sido hecha tributaria.*

E traduce o señor García Blanco do texto hebreo directamente:

ALEPH: *¡Ay! ¡Que yace solitaria la ciudad de tanto concurso! ¿Está como viuda? ¡Tan grande entre las gentes! ¡Tan principal entre las provincias! ¡¡¡Sujeta a tributo!!!*

O verso *beth*, que na *Vulgata* comeza dicindo: «*Plorans ploravet in nocte*» e que o padre Scio traduciu: «*Lloró hilo a hilo en la noche*», empézao o noso tradutor hebraizante deste xeito: «*¡Baladrado llanto llora por la noche!*».

Fixo moi ben o ilustre profesor, pois que lle viña a propósito pola inicial B, en resucitar ese verbo malamente arrombado, como outros moitos vocábulos significativos da nosa lingua, polos malos españois que a desprezan porque a ignoran. *Baladrear* significa en castelán dar gritos, alaridos e aínda ouleos. Cervantes dixo:

*«... el espantable
baladro de algún monstruo».*

«*Baladrado llanto*» é, pois, non un pranto mudo, nin sequera de saloucos, senón de alaridos e de agudos ais queixosos.

A oración de Xeremías que serve de remate aos catro *threnos* non ten o acróstico alefático, pero o señor Blanco compraceuse en tomar por iniciais dos seus versos as letras do noso abecedario.

Non podía ser breve unha lectura adornada con tal lección, pero nin o auditorio mostrou a menor impaciencia nin deixou de recompensar o orador con xustos aplausos.

O señor Labra pronunciou a seguir un longo discurso, ben nutrido de doutrina, sobre «A educación xurídica da muller». Lamentouse con razón da ignorancia en que vivimos os españois en xeral, homes e mulleres, dos dereitos que a lei nos concede e dos deberes que nos impón. Entrou logo a demostrar o mal parada que a muller sae do conxunto das disposicións legais hoxe vixentes; dixo ben as devanditas cousas moi boas, que non enteiramente novas, e coincidiu nalgúns puntos con certas opinións indicadas pola ilustre escritora que xa citamos, a señora dona Concepción Arenal, no artigo en que analizou a cuarta conferencia.

Non se atrevería o que estas liñas vai escribindo a vulgar unhas nin outras, mais na súa humilde opinión hai gran perigo en perder de vista un principio que o señor reitor puxo moi en claro no discurso inaugural destas conferencias, a saber, que o home e a muller non son dous seres idénticos, senón máis ben complemento o un do outro, destinado cada cal a *moi diversas* funcións, dotado de *moi diversas* aptitudes. Deben, pois, ocupar moi distinto lugar na sociedade civil e na política. Todo o demais son soños xenerosos. Así o demostran, dende o libro da Xénese ata os nosos días, a historia sagrada, a historia profana, a historia natural, a lexislación de todos os países cultos, a filosofía, a fisioloxía, a razón e o sentido común.

Admírase a señora Arenal de que a muller, que puido ser Nai de Deus, sexa considerada polo *home* indigna de cumprir as funcións do sacerdocio. Hai aquí un erro *DE FACTO*: o *home* na sociedade pagá creou sacerdotisas; pero o *Deus-home* dispuxo outra cousa. Escolleu nai porque quixo ser home en verdade nacendo dunha muller, pero non escolleu mulleres para o sacerdocio; esta alta misión conferíuselles *en exclusiva* a individuos do sexo masculino polo Divino Fundador da nosa relixión; e non en verdade porque faltasen alí santas mulleres que elevar ao sagrado ministerio coa imposición das mans e infundindo nelas o Espírito Santo.

Sexa permitido refutar de paso esta opinión, que nos parece aventurada, xa que hai tan irrefutable autoridade para a combater. Se non existen outras de tanto peso para contradicir algúns asertos do señor Labra, deixémolo para outra ocasión e poñámonos todos de acordo en que, en efecto, falta moito, moitísimo, para colocar legal e socialmente a muller no posto que lle corresponde e que entre nós non acadou aínda.

Para amenizar con discreción esta conferencia, despois dun discurso de tan elevado asunto, leunos o señor don Antonio Hurtado un precioso fragmento de certa obra que trata de publicar co título de *Galas de Madrid*. A pasaxe lida foi unha interesante descrición dun domingo de Ramos na rúa Maior da corte no século XVI. Unha feliz combinación do lírico e o dramático, xéneros ambos en que é mestre o autor, dan dobre encanto a esa deliciosa mostra da obra citada. Premiouna con repetidos aplausos a concorrencia, e dende a nosa perspectiva non lle fixo senón xustiza.

SEXTA CONFERENCIA

LECTURA POLO SEÑOR BUSTILLO DUN ARTIGO SEU SOBRE
«A EDUCACIÓN DA MULLER»

CONFERENCIA DO SEÑOR B. SANTIAGO CASAS SOBRE «A HIXIENE
DA MULLER»

LECTURA POLO SEÑOR AGUILERA DE TRES POESÍAS SÚAS

A *hixiene* era o asunto da sexta conferencia tratado polo señor Casas con verba fácil, argumentos apropiados e razóns concluíntes, expostas con claridade. Gran mérito contraen e moita gratitude debemos aos que non se acovardan ante a aridez dun asunto, e sacrificando o seu amor propio ao amor á humanidade, quérena instruír no que debe saber, arrostrando o seu fastío e a súa impaciencia, pois é frecuente que os homes presten atención ás cousas en razón inversa á súa importancia. Porén, o público que acode ás *Conferencias dominicais* da Universidade non é un público calquera. E se os oradores e os humanistas e os poetas que soben á tribuna lle fan un gran favor, seguros poden estar de recibir xustiza e de que alí non hai razón que non se comprenda nin sentimento que non se sinta nin matiz, por tenue que sexa, que pase desapercibido: comprace escoitar como escoita. Este público, malia o árido do asunto, escoitou o señor Casas con moito gusto, aplaudíndoo con xustiza.

A hixiene, como tantas outras cousas para as cales se xulga incompetente á muller, é da especial competencia desta. Ela coida da ventilación e aseo da casa, do réxime alimenticio e de que o abrigo sexa apropiado á estación. Ela atende que o neno non careza de ningunha de tantas cousas como necesita e pode facer que adquira hábitos que contribúan á conservación da súa saúde. Ela pode corrixir unha organización viciosa, fortalecer a feble e evitar que a robusta decaía

e se debilite. Ela, coa súa tenrura e a perseveranza da súa organización e o seu agarimo, pode lograr que as regras minuciosas da hixiene, practicadas polo neno, cheguen a ser hábitos no home.

Pero como pode aprender hixiene a muller sen ter algunhas nocións de fisioloxía, nin ter coñecemento da fisioloxía carecendo de todos os auxiliares? Se se ha de instruír, é preciso que a súa instrución teña alicerces, de maior ou menor extensión, pero sólidos e seguros.

Se non, aprenderá de cor as regras que se lle dan, se as aprende, e serán como eses libriños de *contas axustadas* para os que non saben aritmética; cando se lles presenta unha suma ou multiplicación que non estea no libro, ou calan ou din un disparate.

Se os homes se persuadisen do moito que lles interesa que as mulleres saiban hixiene para coidar dos nenos, enfermos e anciáns, para contribuír a prolongar e facer máis grata a vida e para non ver a súa prole raquítica e enfermiza; se soubesen que moitos non serían febles e escrofulosos de teren a súa nai e a súa avoa e a súa bisavoa hixiene, de certo habían procurar que a aprendesen a esposa e as fillas. Nisto, como en todo, a maior perfección da muller redundará en beneficio para o home.

Terminado o discurso do señor Casas, o señor Bustillo leu un artigo moi ben escrito, en que presenta como ideal unha muller educada cal debe estar, e que pola súa vez educa ben os fillos; que é a verdadeira compañeira do esposo, o apoio do pai e, en fin, o anxo da familia. Comparou a familia patriarcal coa familia moderna, probando canto avantaxa esta á outra, máis propia para pintada nun lenzo ou cantada nunha égloga que para gozar nela felicidade verdadeira. O señor Bustillo mostrou o seu bo criterio, á vez que o seu bo desexo de preservar a muller, ilustrándoa, do influxo desa turba de solermeiros que a perverten para a perderen, e foi xustamente aplaudido.

Subiu o señor Ruiz Aguilera á tribuna para nos ler tres composicións, e con dicir que eran del está dito que pareceron curtas, que estaban cheas de tenrura, de imaxes belas, de sentimentos elevados, que exhalaban como un perfume de violeta, e que buscaban na alma, e atopábano, aquel lugar en que achan eco os bos propósitos, os doces efectos, as aspiracións á virtude e as voces misteriosas que murmuran palabras melancólicas e fan verter lágrimas desas que melloran e consolan.

O señor Aguilera, sen carecer de enerxía viril, sente como unha muller e saca da súa lira sons que nos fan ver paxariños a bater nas ás, meniños que rin, doncelas que salaian e tristes consolados. Nos seus cadros, por lúgubres que sexan, hai sempre un reflexo de bondade que fai albiscar a esperanza. Debe ter o consolo de que os seus cantos non fan nunca mal e fan sempre ben; idea moito máis doce para o corazón que gratos poden ser aos oídos os máis estrepitosos aplausos. Cando a poesía ocupe o lugar que lle corresponde, o público do señor Aguilera será o pobo, porque acerta a tanguer cordas que vibran en todos os homes, e faise comprender dos de abaixo e admirar dos de arriba.

Aquí había rematar o noso artigo se o do ilustrado autor que resumiu a quinta conferencia non nos chega a poñer na necesidade de dicir algunhas palabras máis. Primeiro, para lle dar as grazas pola moita que nos fixo; despois, para razoar, ata onde as forzas nos alcancen, a opinión que motiva a súa censura. Comprendemos todo o delicado do asunto e todo o desvantaxoso da nosa posición. O que dicimos quizais pareza absurdo, ridículo e ata impío. Temos por certo que os máis dos lectores nos han condenar, negándonos a razón e quen sabe se algo máis. Mais en canto nos pareza verdade o que escribimos, e parécenolo dende hai moitos anos, crémonos no deber de dicila e de sostela, arrostrando a desaprobación, a censura e a crítica, que non poden disuadir a quen está a proba de indiferenza.

Concordamos co noso ilustrado crítico «en que hai perigo en perder de vista que o home e a muller non son dous seres idénticos», porque hai sempre perigo en perder de vista a verdade. Pero ata qué punto son idénticos e diferentes? Que funcións sociais son máis propias do home e cales da muller? Na división do traballo social, os costumes e as leis do home están en harmonía coas leis da natureza? Esta é a cuestión.

Non é posible tratala por casualidade nun artigo de xornal, así que limitarémonos ao punto obxecto da crítica do señor don A. M. S.

Parécenos que hai contradición entre venerar a muller nos altares como santa e mesmo como Nai de Deus e non a considerar digna de ocupar nin o posto máis humilde na xerarquía sacerdotal. Pero di o ilustrado crítico: «Escolleu Nai [Xesucristo], porque quixo ser en verdade home nacendo dunha muller, pero non escolleu mulleres para o sacerdocio».

Ben coñecemos o moi abaixo que estamos para comprender os altos fins de Deus, mais á nosa limitada razón parécelle que se quixo ter Nai foi para honrar a muller e levantala da prostración moral en que xacía, porque para ser *en verdade home* non necesitaba nacer de muller, como non necesitou do concurso de varón ao nacer sobrenatural e milagrosamente. A circunstancia de nacer de muller non lle foi *necesaria* ao Omnipotente; parece escollida para ennobrecer na súa Nai as mulleres todas, tan envilecidas no Oriente; e non hai dúbida de que no mundo cristián moitas veces se tivo en conta, para non as desprezar máis, o feito de que unha muller foi Nai de Deus. Cando, por exemplo, nun Concilio houbo un bispo que suscitou a cuestión de se a muller pertencía á especie humana, defendendo a súa opinión negativa, acordou o Concilio que si, dado que *Xesucristo nacera dunha muller* e era chamado *Fillo do home*.

Que Xesucristo non escollese mulleres para o sacerdocio compréndese ben, sen que de aquí se poida inferir a súa incapacidade *perpetua* para o desempeñar. Deus non fai milagre senón cando son indispensables; nos outros casos deixa obrar as leis do mundo físico e as do mundo moral. Tiña a muller do Oriente, na súa ignorancia e no seu descrédito, aptitude para o sacerdocio, que daquela era o apostolado, e era axeitada para propagar a nova doutrina? Non sería preciso un milagre permanente para que a súa razón puidese parecer forte e a súa palabra inspirada? Deus puido facer este milagre, pero non era necesario, e non o fixo.

O señor don A. M. S. chama soños ás nosas opinións. «Así o demostra —di—, dende o libro da *Xénese* ata os nosos días, a historia sagrada, a historia profana, a historia natural, a lexislación de todos os países cultos, a filosofía, a fisioloxía, a razón e o sentido común».

O sentido común, que ás veces é sentido *raro* e algunhas sentido *vulgar*, adoita necesitar séculos para tomar conciencia dos procesos e dar atinada sentenza, e mentres non está en autos, é recusable. O sentido común sancionou a escravitude na antigüidade, e nos tempos modernos, o tormento e a confiscación. Póde-se dicir del o que dicía Larra do dicionario: «Que ten razón, cando a ten».

A historia sagrada e a profana din que os pobos salvaxes miran as mulleres co maior desprezo e trátanas coa maior crueldade; que a medida que as nacións se civilizan, é dicir, se fan máis xustas, as mulleres son miradas con menos desdén, a súa condición mellora; e pódese calcular o lugar que merece un pobo na con-

sideración do mundo polo lugar que nel ocupa a muller. A historia sagrada e a profana dinnos que o sentimento relixioso, a caridade, a abnegación, a dozura, a castidade, calidades que forman o bo sacerdote, son moito máis comúns na muller que no home.

A lexislación dos países cultos dinos que vai dando cada vez máis dereitos á muller e deixando de considerala como un ser imperfecto e degradado, e sanciona a institución das Fillas da Caridade, cuxas mans, se non foron consagradas, están unxidas polas bágoas que enxugan.

A historia natural e a fisioloxía do cerebro, que é a que aquí importa consultar, dinnos que a muller é compasiva, máis doce, máis casta e máis piadosa que o home; é dicir, que máis ca el posúe en alto grao as calidades que forman un bo sacerdote.

En vista destas indicacións, deste índice de ideas, pois outra cousa non podemos dar aquí, non sabemos ata que punto a razón e a filosofía serán filosofía e razón, condenando como soños o que algún día han poder ser realidades. Ese día está moi lonxe, non cabe dúbida ningunha. Hai cousas máis doadas de facer que se deberan intentar antes; tamén é certo. Pero non sempre convén discutir as reformas por orde de facilidade, nin somos tampouco sempre donos de escoller o lugar e a hora da discusión. Aínda que a ocasión non pareza propicia nin a tarefa útil, importa moito sempre procurar a verdade. Nos libros santos lemos: «Non se debe dicir “para que serve isto?”, porque o uso de todo se ha descubrir co tempo».

SÉTIMA CONFERENCIA

DISCURSO DO SEÑOR GARCÍA BLANCO SOBRE «A EDUCACIÓN DAS NAIS», LIDO POR EL MESMO

CONFERENCIA DO SEÑOR DON SEGISMUNDO MORET SOBRE «A INFLUENCIA DA MULLER NA PRIMEIRA EDUCACIÓN E VOCACIÓN DOS FILLOS»

LECTURA POLO SEÑOR RETES DOS SEUS ROMANCES HISTÓRICOS

Principiou a sétima conferencia o señor García Blanco lendo un discurso que, escrito hai 27 anos, é por desgraza oportuno. Dicimos por desgraza, porque, adiantándose o autor máis dun cuarto de século á xeneralidade dos seus compatriotas, non puxeron estes en práctica os seus consellos do ano 1842 e no de 1869 púdoos repetir con dobre oportunidade, a que teñen sempre as cousas moi boas e a que leva consigo o elocuente recordo das cousas importantes que se esquecen.

O discurso do señor García Blanco é coma el mesmo, cheo de nervio e de doutrina, e ten a enerxía que dá a fe, a seguridade da conciencia, a calma da razón e a beleza da esperanza. Fai ver a necesidade de educar a muller para que sexa boa nai, e ao obreiro para que sexa bo cidadán, e tendo moi condensadas as ideas, para entendelo a fondo, cómpre lelo. Moito habiamos celebrar que se imprimise tal como os anteriores das *Conferencias*, de par dos cales pode figurar con dignidade. Que máis ten que se publicase hai moitos anos, se as súas altas razóns pasaron

¿Sin huellas y sin raíces
Como barcos por el mar?

Non agroma a semente que cae sobre a pedra, nin se dá a luz un escrito o día en que se imprime, senón aquel en que se comprende.

A sétima conferencia non se celebrou no salón de graos, senón no paraninfo; xa se vía que, ben que espazoso, viría estreito para a concorrencia: falaba o señor Moret. Con dicir que falou como sempre, non temos máis que engadir para os que o oíron algunha vez, e aínda isto sobra, porque tras escoitalo, compréndese que non pode falar doutro xeito. Nese organismo privilexiado e harmónico, a elocuencia é unha cousa tan necesaria como a caída dos graves, e as súas palabras teñen que chegar ao corazón como os ríos ao mar.

Para os que non oíron o señor Moret, diremos que é capaz de impresionar ata os que non oían, porque son elocuentes o seu xesto e a súa acción; porque como todos os grandes oradores, é un grande actor. Toca o asunto coa súa vara máxica, e o asunto acode submiso, e modifícao e moldéao, e suaviza as súas asperezas ou fainas punxentes, e preséntao diáfano ou escuro, macizo ou vaporoso, fríxido ou candente, á súa vontade.

O que tratou na sétima conferencia foi a influencia da nai sobre os fillos, na educación primeira, a máis importante, e na vocación. Moito se ten dito xa ao respecto, pero o mesmo instrumento que nas mans dun músico vulgar só produce sons desacordes, ten para o grande artista notas que chegan á alma; e o señor Moret demostrou que nunca se esgota a materia para as intelixencias elevadas, porque atopan sempre argumentos novos para convencer o entendemento, novos camiños para chegar ao corazón. Ao escoitalo, non demos evitado bendicir a Providencia, que non permitiu que un organismo tan harmónico e tan poderoso servise de instrumento ao erro nin que o prestixio dunha palabra tan elocuente fose servir de incenso ás cousas viles nin de escarnio ás cousas santas. Non, isto non é, isto non pode ser; todo grande orador é un vaso privilexiado, dende cuxo fondo exhalan os seus recendos a conciencia, o sentimento, a razón e a verdade.

Necesítase certa afouteza para subir a unha tribuna de onde baixa o señor Moret. O señor Retes tivo esa afouteza, demostrándonos axiña que non era temeridade. Escribiu en romances a historia de España, e a xulgar pola mostra, hanlle deber moito o ensino e a literatura. Leu a introdución e os reinados de Wamba e don Rodrigo, atinando coa *difícil facilidade* dos romances. Os seus teñen harmonía e nervio, sentenzas morais, belas descrições, sentimentos deli-

cados e elevadas ideas. A historia faise drama; as personaxes falan con facilidade e linguaxe apropiada. Cando a filla do conde don Julián lle reclama vinganza ao pai, o señor Retes sente e fai sentir todo o terrible da aldraxe, e como poeta e como actor arrancou merecidos aplausos. A historia, así escrita, é fácil de aprender e difícil de esquecer, e o que a escribe merece consideración e gratitude.

Só faltou nesta conferencia o incansable iniciador que as presidiu todas. O señor reitor non puido asistir por se encontrar enfermo, e aínda que dignamente substituído polo señor García Blanco, non por iso deixou de notarse a súa ausencia. Desexámoslle saúde no nome das *Conferencias dominicais* e no nome da amizade.

OITAVA CONFERENCIA

CONFERENCIA DO SEÑOR DON JOSÉ ECHEGARAY: «INFLUENCIA DO ESTUDO DAS CIENCIAS FÍSICAS NA EDUCACIÓN DA MULLER»

LECTURA POLO SEÑOR NÚÑEZ DE ARCE DUNHA POESÍA SÚA

O señor Echegaray encargouse da oitava conferencia para tratar o seguinte tema: «Educación científica da muller». E demostrou que non dixemos mal cando dixemos hai poucos días: «Todo grande orador é un vaso privilexiado de cuxo fondo exhalan os seus recendos a conciencia, o sentimento, a razón e a verdade».

Para nós, que non contamos nunca os votos, senón que sempre procuramos pesalos; que respecto ás facultades intelectuais da muller temos conviccións profundas non perturbadas, nin modificadas sequera, polos moitos anos que viviron sometidas á proba do tempo; para nós, que vemos a orixe de infinitos males na falta de educación intelectual da muller, que ata onde as nosas forzas alcanzan tentamos estudala, caendo máis dunha vez sobre o papel en que consignamos o noso pensamento as bágoas, expresión da nosa aflicción ao ver tantas desgrazas, consecuencia dun mísero erro; para nós, que veneramos o saber, que apreciamos o señor Echegaray en todo o que vale, seguíndoo ata onde podemos coa nosa intelixencia e adiviñándoo ata onde non co corazón; para nós tiña esta última conferencia un interese moi especial, e ao subir o orador á tribuna, preguntámonos: Que dirá? Ha ver a cuestión dende arriba, como a vemos dende abaixo os que non nos demos remontado tanto? Ha vir dar coa súa forza apoio á nosa debilidade, ou poñendo a súa razón poderosa fronte á nosa convicción profunda, turbará a paz nas rexións do noso pensamento? O gran matemático, conducido polo cálculo, irá pola mesma vía a onde a nós nos leva o instinto? Recibiremos del novo pulo ou ao velo marchar en dirección oposta caeremos sen azos á beira

do camiño, alzando con amargura os brazos ao ceo como quen pregunta: Para que nos foron dados os ollos, se non damos distinguido a luz das tebras?

O señor Echegaray disipou logo as nosas dúbidas, e mentalmente pedímoslle perdón por as termos. O sacerdote da ciencia, o unxido da verdade, non podía lanzar o horrible anatema da ignorancia eterna e invencible sobre a metade do xénero humano. Á altura do seu pensamento non chegan os vapores meffíticos que exhalan o erro e as paixóns; preto daquela roda máis distante do chan, de que fala frei Luis de León, comprende mellor que o vulgo dos homes o que é e mais o que ha de ser, e profetiza a educación intelectual da muller. Non só forma parte da falanxe redentora, senón que marcha na vangarda: cumpre así como quen é: intelixencia obriga; quen albisca ben ao lonxe debe indicar a dirección; o bo exemplo convén que saia de onde se vexa; os que Deus coloca tan altos, é para que vaian diante.

O gran matemático cre que a muller é un ser racional, cre que ten aptitude para as ciencias e afirma que ha chegar un día en que as estude. Hanse presentar moitas dificultades. Como se han vencer? Non se parou a facer este estudo en detalle; tanto lle dá. El sabe cara a onde *se debe* ir; cara a onde se pode ir. Os que veñan despois xa investigarán o *como*. El di que na fronte da muller, como na fronte do home, penetrou un raio da divina luz. El proclama valorosamente *a unidade da razón humana*. Deteñámonos aquí un momento. Que o orador que nos fixo gozar tanto nos faga meditar un pouco. Non pase a súa palabra pola nosa intelixencia como o vento polas canas.

A unidade é a gran lei. Cada paso que damos cara a ela achéganos un pouco á verdade, á xustiza, ao ben. O xénero humano tarda en comprender a súa simplicidade sublime; imaxina un Deus para cada alegría e cada dor e cada necesidade; unha lei para cada pobo; principios infinitos que converten a ciencia nun labirinto; castas diversas, oprobio e infortunio das nacións. As grandes ideas, base e asento da humanidade, fracciónanse, tritúranse, e o furacán várreas, e amoréas e sepáraas, e érguense imperios e desaparecen, deixándonos esas ruínas que din coa súa desconsoladora grandeza o que queda das cidades que son templos do erro. O home sente, cre, comprende, proclama, á fin, *a unidade* de Deus, e desta fonte purísima sae a unidade do xénero humano, a súa dignidade, a súa igualdade, a súa fraternidade.

Pero o erro non foxe nunca; retírase sempre por chanzos. Ten que conceder a unidade da especie humana, a igualdade entre os homes, pero consólase defendendo a desigualdade entre o home e a muller, e murmura non sabemos que blasfemias, invocando o nome de Deus, como o invoca o sacerdote da India ao declarar o paria tres veces vil e facelo mil veces infeliz.

Por *diversidade* na muller entende *inferioridade*. Ao principio é absoluta, é en todo; a sorte da muller salvaxe había ser a do paria sen o instinto da propagación. A unidade avanza, o erro, co seu sistema infernal de fraccionamento, aínda lle fai fronte e salva unha parte do botín. Recoñece que a conciencia da muller é *unha* coa do home, que *uns* son os seus afectos e os seus sentimentos; pero sostén a *diversidade* do seu entendemento. Hai dous entendementos: un masculino, que se debe educar para que comprenda as obras de Deus e diminúa as dores dos homes; e outro feminino, que non ha de recibir educación, porque non é susceptible de elevarse a nada grande nin de comprender nada belo. Este é o último absurdo que sostén o erro no seu último reduto, e parecíanos que a elevada intelixencia do señor Echegaray iluminaba a lóbrega fortaleza, e abríanse fendas nas vellas murallas ante a súa voz, que como un ariete proclama *a unidade da razón humana...* Ela ha atravesar triunfante por entre as rutinas e os sofismas, como saíu do cativerio e do deserto a unidade de Deus. Quen ousará opoñerse a ela? Cando a verdade pasa, mesmo o mar se retira.

Para defender que a muller é susceptible de educación científica, o señor Echegaray non foi á procura de probas nin na historia nin na psicoloxía nin en ningunha das ciencias que llas puidesen subministrar. Apelou á experiencia, deu unha lección de física, explicou o son e a luz, lanzando tanta que era imposible non ver claro todo o que mostraba: aquí sorprendeunos e abraiounos. Que el podía ensinar aos que saben era de presumir; que fose lóxico, abstracto, elevado, evidente para os que están iniciados nas ciencias, nada máis natural; pero que descendese das altas rexións do pensamento ata poñerse ao nivel do seu auditorio feminino, que debeu considerar e considerou, en efecto, como un neno intelixente; que puxese ao seu alcance as verdades científicas, enfeitándoas con todas as belezas da poesía; que cunha flexibilidade intelectual tan increíble revestise as formas todas, empregase os tons todos, dende a confianza íntima ata a autoridade grave; que tivese tanta elevación, tanta sinceridade e tanta coquetería; que

o atleta tecese aqueles encaixes, cicelase aquelas filigranas e combinase aquelas flores, isto, a verdade, non o esperabamos nin deixamos aínda de admiralo.

Se as ciencias tivesen moitos intérpretes como o señor Echegaray, máis rápidos serían os seus progresos e máis coñecidas as súas verdades. Porén, se ben non todos o saben dicir coma el, a ciencia é todo o que el dixo: «O estudo é unha oración, a ciencia é relixiosa». Non temamos que o saber faga ateos; inspírenos temor, si, o ateísmo da ignorancia e a brutalidade, que escribe o seu decálogo baixo a inspiración dos apetitos, que trepa nas Táboas da Lei porque lle supoñen un obstáculo nas vías da iniquidade e que encolle os ombros para probar que non hai Deus. O sabio non é impío. A palabra do señor Echegaray non tiña acaso algo máis que ciencia, graza e poesía? Non tiña unción relixiosa? Non houbo momentos en que converteu en templo o paraninfo, en púlpito a tribuna, e en que el se asemellaba a un monxe de Zurbarán que, armado con toda a ciencia do século XIX, veu ensinarnos as harmonías e as belezas da creación para que comprendésemos por elas a grandeza e a bondade do Creador?

Rematado o discurso do señor Echegaray, ao compás de estrepitosos e prolongados aplausos, subiu á tribuna o señor Núñez de Arce, quen leu unha epístola en verso ao señor Hurtado.

Ten esta composición moitas belezas que notamos e outras que non podemos notar porque non oíamos ben, aínda ocupando un sitio non lonxe da tribuna. As condicións acústicas do paraninfo son detestables: isto non se pode evitar, pero non se podería remediar algo modificando a tribuna? Aínda que quedase máis fea. O principal é que se oía o que nela se di. Pregamos aos señores que lean de agora en diante que se esforcen canto lles sexa posible. Asegurámoslles que se algunha vez o público non aplaude como debe, non é porque non comprenda, é porque non oe.

Imos tomar a liberdade de facerlle outras indicacións ao señor reitor. Non conviría que pasasen algúns minutos dende que acaba o discurso ata que empeza a lectura? Cando o público queda impresionado como o deixou o señor Echegaray, fáiselle unha especie de violencia ao arrancalo de contado do estado en que se encontra o ánimo. Áchase ben con aquel recordo, quéreo saborear, e ata que non acalaron un pouco os ecos que o orador lle espertou na alma cústalle escoitar outra voz.

NOVENA CONFERENCIA

«CARTA PROFÉTICA» DO SEÑOR DON ANTONIO MARÍA SEGOVIA,
LIDA POR EL MESMO

CONFERENCIA DO SEÑOR DON GABRIEL RODRÍGUEZ SOBRE
«A INFLUENCIA DAS CIENCIAS ECONÓMICAS E SOCIAIS SOBRE A
EDUCACIÓN DA MULLER»

LECTURA POLO SEÑOR SILIÓ DE VARIAS POESÍAS SÚAS

Principiou a novena conferencia lendo o señor Segovia unha «Carta profética», escrita como el escribe, en que hai enxeño e filosofía. As profecías da imaxinación non adoitan cumprirse; pero as da razón, antes ou despois, fanse realidade. Non sabemos se se fundará algunha vez a Colonia Barataria, en lembranza do autor do *Quixote*, onde se escriban en pedra as aventuras do famoso fidalgo e vivan agradable e filosoficamente os vates, pero temos por certo que o traballo manual acabará por redimirse da ignominia que nun tempo o denigrou, que han desaparecer as ridículas clasificacións feitas polo capricho e en virtude das cales non se pode facer tal cousa sen deixar de ser persoa decente nin é posible dedicarse a tal obra sen comprometer a dignidade; que o aprecio que mereza o obreiro ha facer apreciable a obra e que, segundo profetiza o señor Segovia, hase descansar do traballo intelectual polo manual, variando este e non dedicándose en exclusiva a certas tarefas que só ocupan algunhas horas e deixan as restantes na ociosidade e nas súas consecuencias. Na carta abundan as belezas literarias, e a profecía, cúmprase ou non, honra o profeta.

Terminada a lectura, empezou o señor Rodríguez a conferencia sobre este tema: «Educación económica da muller». O enxeñeiro economista deu o grande apoio da súa autoridade, do seu saber e da súa elocuencia á opinión de que a muller ten unha intelixencia que se pode e debe educar. Decía o señor Rodríguez

que mesmo que nada se ensinase nin se aprendese nas *Conferencias*, aínda serían de suma utilidade, porque o home non pode manifestar o desexo de aprender nin esforzarse para conseguilo sen elevar o seu nivel moral e facerse mellor. Di ben, e podería engadir, tratándose das *Conferencias dominicais*, que cando un home do seu mérito e da súa reputación vén a elas faría un gran ben, aínda que nada ensinase, con só consignar o seu voto favorable á educación intelectual da muller. Esta votación nominal de homes ilustres tería grande influencia para esmagar co peso da autoridade os que se rebelan contra a razón. Pero os ilustres oradores das *Conferencias* non se limitan a votar; razoan, discuten, ensinan, contribúen poderosamente a que a verdade se comprenda e se sinta, e a que chegue o momento en que, saturando a atmosfera, caia e así a encontren ao paso mesmo os que non a queren coller.

Moi oportunamente leu o señor Rodríguez unha pragmática encamiñada a combater o luxo, na que se ordenaba como tiñan que ir vestidas as persoas, consonte a súa condición, e como tiñan que comer, e os que podían ir en coche e os que tiñan que andar a pé. Despois da parte dispositiva, ridícula en alto grao, viña a sanción penal horriblemente inxusta, e pola cal o contraventor, segundo fose nobre ou plebeo, sufría unha lixeira pena ou era condenado a galeras.

Unha proba máis de que o erro é grande amigo e poderoso aliado da iniquidade. Con este documento demostrou ata a evidencia o orador os inconvenientes de legislar en materias que racionalmente non son legislables, e a onde levan as leis dos homes, fronte ás de Deus, que as deu tanto para o mundo económico como para o mundo físico.

Manifestou o señor Rodríguez que a muller está tan interesada como o home na economía social e que, coma el, é capaz de comprender as leis económicas. Así aparece con evidencia a pouco que se reflexione. Comprendemos que se poidan abrigar dúbidas acerca de se a muller é capaz de estudar as ciencias físicas, matemáticas etc.; pero as verdades da ciencia económica pódense poñer todas ao alcance do sentido común. Abonda para isto con despoxalas de todo inútil aparato e chamar as cousas polo nome. Se nos falan de *dereitos protectores e de protexer o traballo nacional*, talvez non comprendamos ben; pero se nos din que todo se reduce a que un catalán quere que toda tea de algodón pague ao entrar en España unha contribución que a encareza, de modo que el poida vender a súa con vantaxe; que un valenciano quere que o arroz ao entrar en España pague

unha contribución que o encareza, de modo que el poida vender o seu con maior vantaxe; que un biscaíño quere que o ferro que entra en España pague ao entrar unha contribución que o encareza, para que el poida vender o seu con vantaxe; que un castelán quere que o trigo que entre en España pague unha contribución que o encareza, para que el poida vender o seu con vantaxe; como non hai asomo de xustiza en conceder a petición a uns dos peticionarios e negárllela aos outros, resultará que o catalán venderá mellor os seus tecidos de algodón, pero comprará máis caros o ferro, o arroz e o trigo; que o valenciano venderá mellor o seu arroz, pero comprará máis caros os tecidos de algodón, o trigo e o ferro; que o biscaíño venderá mellor o seu ferro, pero comprará máis caros o trigo, o arroz e os tecidos de algodón; que o castelán (ao que lle sobre trigo) ha vendelo mellor, pero comprará máis caro o ferro, os tecidos de algodón e o arroz. Resultará que os produtos non se mellorarán, porque hai seguridade de vendelos caros, aínda que sexan moi malos. Resultará que deste sistema artificial, se como produtor se obtén algunha vantaxe, como consumidor sófrense moitos prexuízos. Resultará que para conseguir estes prexuízos hai que pagar un exército de carabineiros e de empregados en alfándegas, cuxa misión é entorpecer o comercio e encarecer os artigos. Resultará que fronte ao exército de carabineiros, haberá un exército de contrabandistas, excelente cuadrilla de bandidos, e que abonde por si só para corromper un pobo. E resultará, en fin, que protección do traballo nacional e da industria nacional, traducido á linguaxe común, quere dicir, protección dos erros nacionais. Todo isto é bastante sinxelo e non cremos que exceda a intelixencia das mulleres.

Conxuraba o señor Rodríguez o seu auditorio feminino a que non servise de obstáculo ás reformas. Así o cremos das señoras reunidas alí. Pero, en xeral, como non ha de ser a ignorancia da metade do xénero humano, tida ata aquí por invencible, un obstáculo ao progreso da outra metade?

Terminado o brillante e aplaudido discurso do señor Rodríguez, leu o señor Silió algunhas das súas composicións poéticas. Fálase moito do gusto de *facer mercé*, e estrañamos que non se fale máis da satisfacción de *facer xustiza* e de ver que outros a fan. Grande a tivemos ao oír que o público interrompía con aplausos o poeta. Porque o señor Silió non é un copleiro ou un versificador. É un poeta. O que escribiu «A un artista», «La caravana», «El ideal», o que escribiu «Los viajeros», probas deu de que se elevou ata as rexións da tempestade, de que

descendeu ata as profundidades da dor e de que leva o selo augusto e terrible que non se imprime nunca nas fronteas vulgares.

Un ano haberá que apareceron as poesías do señor Silió. É un libriño pequeno, en que talvez non reparou o público, algo ao que quizais contribuíu o mal criterio dalgúns críticos. Nun xornal, de cuxo nome non nos queremos acordar, un crítico, de cuxo nome realmente non nos acordamos, incapaz sen dúbida de sentir nin comprender as delicadas belezas da poesía do señor Silió, censuraba en ton agre as súas combinacións métricas e mofábase do público ata o punto de copiar en proba do seu errado xuízo algunha estrofa de «El ideal», composición tan harmoniosa, tan lírica que parecía citada para demostrar a falta de imparcialidade ou a falta de competencia do crítico.

Triste efecto debe producir no mozo poeta que modula os seus primeiros cantos sentir o xeo da indiferenza e a dentada da crítica ignorante ou apaixonada. Algo mefítico e letal debe haber na atmosfera intelectual que nos rodea para que se repita con frecuencia un fenómeno estraño, a saber: que a primeira obra dun autor sexa a súa obra máis perfecta. Parece que a voz do poeta non ten eco, non atopa aire sequera e extínguese no baleiro; parece que non hai nada que a sosteña á altura a que se levantou e que ten que descender para ser oída. Se inicia o movemento de descenso, ata onde ha de baixar? Quen sabe! Se cadra ata as rexións en que non pode vivir o poeta.

Para que quere a sociedade poesía? Para que?! Para ser sociedade. Para ser algo máis que un agregado de homes que, a forza de calcular, non acerten co que lles convén. Para non se arrastrar polo lamazal da materia. Para comprender a beleza e non dar culto a monstros que extravían o entendemento e corrompen o corazón. Para facer sentir a verdade e a xustiza, que non rexeneran a terra sen o alento da inspiración. Para reflectir un raio da divina luz, sen o cal só hai tebras nas rexións da alma. E por que a sociedade que necesita poesía abandona o poeta? Non sabe ela desta necesidade ou cre que os poetas son da raza dos mártires? Triste ignorancia do que lle convén ou errado cálculo contar co heroísmo como compoñente social. A inspiración é un elemento de harmonía como o cálculo, e para non se petrificar co xeo do egoísmo, é indispensable manter o lume sagrado.

DÉCIMA CONFERENCIA

CONFERENCIA DO SEÑOR ÁLVAREZ OSORIO SOBRE O MATRIMONIO

DISCURSO DO SEÑOR BARBIERI SOBRE A MÚSICA, LIDO POR EL MESMO

POESÍAS DO SEÑOR ROS DE OLANO E DO SEÑOR MORENO GIL, LIDAS POR ESTE ÚLTIMO

O matrimonio foi o asunto da décima conferencia, tratado polo señor Álvarez Osorio con verba fácil e frase correcta. Fixo o orador unha declaración importante, ao noso modo de ver. Dixo que fora alí, non chamado como outros homes eminentes que antes ca el subiran a aquela tribuna, senón de forma espontánea e co desexo de contribuír a que se cumprise a idea do señor reitor da Universidade e poñer unha pedra no edificio da educación da muller. Esta espontaneidade, que o honra, demostra que a idea camiña moi lixeira, que a voz do señor Castro vai despertando numerosos ecos entre as persoas ilustradas. Aínda que as *Conferencias* se tivesen que suspender, dicía o orador, non serían en balde; nelas botamos a semente que un día ha frutificar.

Así é: non en van nelas dise e repítese a verdade por persoas que a autorizan cunha reputación merecida. Non en van apélase aos sentimentos de xustiza, que talvez se mergullen un momento nas tempestades que levanta o erro, pero que á fin aboian e achan porto. Non en van sacódese con violencia esa estada que non pode ter ligazón senón nas tebras. Non en van espértanse os ecos adormecidos da dignidade humana. Os séculos non se lanzan xa como unha masa bruta esmagándonos baixo o peso dos feitos nin o tempo prescribe contra a verdade; unha vez comprendida, as súas leis non as ha derrogar ningún tirano. A semente que botan os oradores das *Conferencias dominicais* non ha ser como aquela de que

falan os libros santos, que cae sobre a pedra ou á beira do camiño, onde a comen as aves do ceo.

Encareceu o señor Álvarez Osorio a santidade do matrimonio, a felicidade do lar doméstico, única verdadeira, negando os bens da liberdade do que está só e anatematizando con calorosas e sentidas frases o celibato voluntario e vicioso. Tratando do celibato, falou con xusta indignación do decreto dado polo Ministerio da Guerra, derogando o que con data de 11 de agosto de 1866 permitía contraer matrimonio aos oficiais subalternos do exército sen faceren depósito ningún.

Non faltou quen dixo polo baixo, se era oportuna ou non alí esa censura. A nós pareceunos oportunísima e ao público, que aplaudiu o orador, seica lle pareceu o mesmo. Hai actos que se deben censurar na praza e na rúa, no lar doméstico e na tribuna, no teatro e na prensa, cada un como poida e onde poida, sen máis limitación que a mesura e o decoro que a si mesmo se debe o que vale e que todos debemos ao público. Destes actos é o decreto que esixe aos oficiais subalternos para poderen casar «acreditar que impuxeron con anticipación na Caixa Xeral de Depósitos, a nome dun dos contraentes, efectos públicos en cantidade dabondo para producir 600 escudos de renda líquida».

É preciso que o despotismo enraizase ben fondo entre nós para que despois dunha revolución feita no nome da moralidade e do progreso se desfaga o que a prol do progreso e da moralidade fixeron os Gobernos retrógrados.

Dicía moi ben o señor Osorio que co mesmo dereito que o señor ministro da Guerra podería o de Graza e Xustiza prohibir o matrimonio dos funcionarios do seu ramo que gozan de pouco salario se non acreditan unha renda con que vivir. Nós engadimos que os outros ministros poderían facer o propio, e engadimos máis, que con mellores razóns debera prohibir a lei o matrimonio ao xornaleiro que só conta cun salario eventual ou ao home que non ten modo de vivir coñecido. Que non casen, xa que logo, senón os que acrediten unha renda proporcionada á súa clase. Para completar esta medida, ábranse novos hospicios, habílitense máis salas en San Juan de Dios e auméntense nos xulgados algúns escribáns para actuaren nas causas criminais.

Tarda moito en sacudirse a lepra do despotismo. Por que ha de necesitar ninguén, militar nin paisano, licenza para casar? Por que lle ha de estar prohibido o matrimonio a ninguén, nin soldado nin oficial? E que dereito ten o minis-

tro da Guerra para intervir na existencia dos seus subordinados, fóra dos actos do servizo? Que o oficial e o soldado cumpran como bos na guerra e na paz; que se presenten aseados, sen mancha nin *mal remendo*, como di a ordenanza. Mais se na casa comen patacas ou perdices non é da incumbencia do ministro nin do lexislador.

Asombra como por un simple decreto se priva a unha clase enteira de dereitos que non son lexislables e se declara esta fóra da lei común; asombra ver como nunha cuestión gravísima se atende á fase menos importante, prescindindo de todas as outras; como se vulneran os principios elementais de xustiza e como a uns homes, que deben ter a honra por lei, se lles nega en moitos casos un dereito, o máis santo de todos, o dereito de ser honrados e de salvar a honra da muller que aman e a honra dos seus fillos.

O silencio é un dos deberes dos militares. Pero a nós non nos obriga esa lei dura, e se queremos que defendan os nosos dereitos no eido da forza, defendamos os deles no eido do debate e pidamos na prensa, na tribuna, onde poidamos, que se restableza o decreto de 11 de agosto de 1866 que permitía contraer matrimonio aos oficiais subalternos sen facer depósito ningún. Se vemos con indiferenza que non se respecta o dereito dos militares cando obedecen, non nos queixemos de que atropelen o noso cando mandan.

Felicítamos o señor Álvarez Osorio por tratar esta cuestión nas *Conferencias dominicais*.

O señor Barbieri leu con voz harmoniosa unha disertación sobre a música, erudita e escrita con elegancia. Demostrou o mestre a antigüidade da música; a importancia social e relixiosa que en todos os tempos tivo e como nin a austeridade dos primeiros cristiáns nin a rudeza dos tempos bárbaros escorrentaron do castelo feudal nin do templo a arte divina. Falou, apoiándose en feitos históricos, da grande afinidade que existe entre a música e a muller, tan sensible á súa sublime influencia e tan propia para gardar o lume sagrado da inspiración musical.

É evidente que os gobernantes e os gobernados non ven na música máis que unha diversión, sen percibir a súa importancia social. Tería moita, aínda que non fose máis que pasatempo, porque unha diversión que non fai mal, que non corrompe os costumes, non é cousa que se deba contemplar con desdén. Con todo, a música pode e debe ser moito máis que un entretemento inofensivo; pode e debe ser un elemento de educación, porque suaviza os impulsos feroces,

purifica os sentimentos, dulcifica as amarguras da dor, fai sentir as grandes verdades e os grandes actos, eleva a alma e esperta no corazón ecos durmidos que responden a voces vindas do ceo.

Para manifestar ata que punto se infiltra a música nas cousas da vida e, por tanto, na linguaxe, rematou o señor Barbieri a súa lectura cun chistoso conto, composto de frases e maneiras de dicir tomadas da música, e co cal, ademais do seu propósito, demostrou o seu moito enxeño e bos dotes literarios, sendo xustamente aplaudido.

Terminada a lectura do señor Barbieri, subiu á tribuna o señor Moreno Gil a ler, ao compás de grandes aplausos, cinco sonetos do señor Ros de Olano e mais dúas composicións de seu. Ao escoitalo preguntámonos: por que os versos, tan desacreditados no público, son tan aplaudidos aquí? E respondémonos que non caerían en tal descrédito se todos os versos que se imprimen levasen o visto e prace da poesía, como levan as delicadas composicións do señor Moreno Gil e o fermoso canto a «La Soledad» do señor Ros de Olano. Sentimos non recordar algún verso do último soneto do xeneral poeta, para o copiarmos en proba do que dicimos. Queira Deus apurar o día en que o público non se contente cunha pouca música mellor ou peor e non difícil de proporcionar na nosa lingua, en que distinga ben o versificador do poeta e en que non aplauda ningunha composición que non teña un sentimento que faga sentir ou un pensamento que faga pensar! Ata daquela, o baduar dos copleiros abafará a voz dos poetas.

Como é máis raro aínda que facer bos versos lelos ben, como ademais de corazón e talento se necesitan dotes físicos, conxunto que se reúne poucas veces, damos os parabéns por un lector como o señor Moreno Gil ás *Conferencias dominicais* e aos poetas que teñan a boa sorte de ser interpretados por el.

UNDÉCIMA CONFERENCIA

CONFERENCIA DO SEÑOR DON JOSÉ MORENO NIETO SOBRE
«A INFLUENCIA DA MULLER NA SOCIEDADE»

LECTURA POLO SEÑOR ARJONA DUN CAPÍTULO DA *HISTORIA*
DO CONDE DE TORENO

LECTURA POLO SEÑOR AGUILERA DE DÚAS POESÍAS SÚAS

LECTURA POLO SEÑOR MORENO GIL DA ODA «AL DOS DE
MAYO», DE DON JUAN NICASIO GALLEGO, E DAS DÉCIMAS «AL
DOS DE MAYO», DE DON BERNARDO LÓPEZ GARCÍA

«A influencia da muller na civilización» era o tema da undécima conferencia, que tratou o señor Moreno Nieto co torrente da súa verba. Malia aquela rapidez vertixinosa, as súas ideas son claras, a súa frase correcta, elegante e moitas veces elocuente. Que clase de actividade é a da súa cabeza que apenas dá lugar á voz para que formule os seus pensamentos? Non se entende nin pode deixar de facer cavilar o moi variable que é o valor dese elemento que entra en todo traballo humano e que se chama tempo. Entre a marcha lenta dunha intelixencia obtusa e as creacións instantáneas do orador de que nos ocupamos hai tal distancia que case fai comprender o que pode chegar a ser o tempo para a Intelixencia Suprema. Non continuaremos estas reflexións por non lle cadraren ao asunto, esperando que se apoñan ao abraio de quen por primeira vez ten o gusto de escoitar o señor Moreno Nieto.

Falou o orador de como a muller, suavizando a rudeza do salvaxe e do bárbaro e influíndo na beleza das artes e a elevación dos sentimentos, contribuíu a civilizar o mundo. E salientou sobre todo que a tendencia espiritualista e relixiosa da muller, sempre conveniente, é de todo punto indispensable nunha época como a actual, irrelixiosa e materialista.

Tivo momentos de verdadeiro fervor ao lembrar como buscamos unha muller que por nós interceda, como na tribulación acadimos á que se chama «Refuxio dos pecadores» e «Consoladora dos aflixidos», como na nosa dor imploramos á Nai dorida de Deus e dos homes. O público da Universidade, a quen certamente non se tachará de ultramontano, sentiu co orador e aplaudiuno. Resposta elocuente aos filósofos de pacotilla, que queren privar a humanidade de todo o que a eles lles falta; que pretenden dar leis ao mundo sen coñecer o corazón do home; para os que non ten realidade nada que non sexa tanxible; que negan as verdades do sentimento fanándonos o ser; que declaran omnipotente a intelixencia, esa intelixencia que atopa por todas as partes límites ante os cales se detén ou colide; e que chaman razón, non ao conxunto harmónico das nosas facultades aplicadas aos elementos todos da humanidade, senón ao xuízo parcial e moitas veces hostil dun entendemento esmagado polo peso do asunto que confunde a calma coa impotencia e a soberbia coa enerxía.

O señor Moreno Nieto confía na influencia da muller para o porvir moral e relixioso do mundo e pide para ela maior instrución, a fin de que poida infundir fe e espiritualizar unha sociedade descrida e materialista. Con certeza, as mulleres conservan o lume sagrado. Mais para transmitilo necesitan medios que estean en harmonía cos tempos en que viven.

Aínda que a educación da muller sexa o obxecto das *Conferencias dominicais*, non era posible esquecer na do pasado domingo que era o día 2 de maio, data escrita con sangue nas rúas e nas prazas e gravada con dor nos corazóns.

O señor Arjona leu un capítulo da *Historia del levantamiento, guerra y revolución de España*, do conde de Toreno, no que se relatan os principais sucesos do terrible día. Despois do relato do traidor masacre, compréndese a exaltación, o entusiasmo e a cólera do pobo todo, transmitidos á posteridade pola historia e eternizados para o corazón pola poesía.

O señor Aguilera leu o seu «El General no importa» e o seu «Vuelta del voluntario». A primeira composición revela a enerxía, o patriotismo, os levantados sentimentos do poeta, eco fiel e prolongado da voz dun pobo que levou a súa perseveranza ata o heroísmo. A segunda é unha creación do señor Aguilera: son os seus sentimentos delicados, elevadísimos e tenros, personificados naquel Juan que pelexa como un home, chora como unha muller e morre como un

santo. Nin sequera ás escenas de morte e de vinganza deixa de levar o señor Aguilera o avelaño recendo de bondade que dá tanto encanto á súa poesía.

Malia as dificultades case insuperables con que se loita para ler versos na tribuna do paraninfo da Universidade, o señor Moreno Gil interpretou con mestría a oda «Al Dos de Mayo», de don Juan Nicasio Gallego, e as oitavas «Al Dos de Mayo», de don Bernardo López García, grito sublime de guerra que ha vivir mentres viva a lingua castelá. Nunca estas dúas composicións, de mérito tan diverso, nos produciran a impresión que recibimos ao oílas ler, case podemos dicir representar, polo señor Moreno Gil. É unha boa fortuna para calquera poeta que mereza este nome atopar quen así o comprenda e o faga comprender.

Despois de ofrecer a debida homenaxe aos mártires da independencia, pagamos tamén o merecido tributo aos mártires da honra. O noso pensamento cruzou os mares e viu a escuadra do Callao, envolta no fume do combate, e viu retirarse cubertas de cadáveres e de gloria as súas naves, con fendas nos cascos por onde acometía o mar, sen ningunha na honra dos heroicos tripulantes. E cumprimentámoslos con amor e con respecto, desexando aos mortos paz no seo do Señor, e xustiza e saúde aos seus.

Este último voto non se cumpriu, ao menos para todos. O valoroso capitán que verteu o seu sangue a bordo do Numancia sofre doente.

Queira o ceo darlle alivio, prestar ao seu corpo forza proporcionada á do seu espírito e que teñamos sequera esa figura grande e nobre onde poidan volverse os ollos con orgullo e atopar un pouco de consolo a alma axitada!

Terminado este artigo, mándannos o seguinte diálogo, pregándonos que o copiemos a continuación. Así imos facer en proba de docilidade e candidez.

A escena acontece na Universidade Central, á saída do paraninfo, un día de conferencia, entre unha dona e un cabaleiro.

CABALEIRO: Vou mercar o folletíño da conferencia anterior. Vexo con desgusto que as señoras pasan sen deterse ante a mesa en que se venden, sen que as atraia o lindo da impresión nin o módico do prezo.

DONA: Canto custa?

CABALEIRO: Un real.

DONA: É abofé barato.

CABALEIRO: E nin así se vende.

DONA: En España non se mercan libros. Cando unha os quere ler, pídense emprestados.

CABALEIRO: A quen?

DONA: Se se coñece o autor, é o máis razoable. Pídenselle a el e neste caso non se devolven.

CABALEIRO: Pero ao autor cústanlle diñeiro.

DONA: Ai, cústanlle?

CABALEIRO: Custan. Mesmo que poña gratis a intelixencia, o corazón e o traballo, non lle dan o papel nin llo imprimen de balde. De modo que pedirlle ao autor un libro que se vende é como pedirlle o seu prezo.

DONA: Pois non caera eu niso. Máis me parecía a min que lle facía mercé ao autor pedíndolle o libro, porque era proba de que o quería ler, cousa que o debe afagar.

CABALEIRO: Ás veces teñen vostedes as señoras, permítame que llo diga, ideas moi estrañas.

DONA: Perdoe vostede. Esta miña opinión non é das que vostedes chaman «cousas de mulleres». O meu marido neste punto pensa igual ca min.

CABALEIRO: E cando non se coñece o autor, que se fai para ler o libro?

DONA: Pedirillo a quen o teña e o dea, mesmo que non sexa seu nin do que llo emprestou nin do outro, porque un libro corre así catro, seis, oito, dez ou máis casas.

CABALEIRO: E cando non se coñece o autor nin a ninguén que teña o libro?

DONA: Daquela non se le, porque, ao cabo, un libro non é unha cousa precisa.

CABALEIRO: Certo. O que se aforra en libros gástase centuplicado en contribucións, o cal, sen dúbida, lle parecerá preferible ao seu señor esposo.

DONA: Non lle oín ao meu marido que teñan nada que ver as contribucións cos libros.

CABALEIRO: Créollo. Pero deixando a un lado os libros en xeral, parecíame a min que as señoras deberan mercar estes folletíños que a elas se dedican e que polo seu ben se imprimen. Unha sociedade de persoas de mérito, de moito mérito algunhas, e moi ocupadas, dan o seu tempo, a súa intelixencia e o seu traballo para que as *Conferencias dominicais* ofrezan instrución e interese; dan, ademais,

o seu diñeiro para imprimilas e, con todo, as señoras non as mercan, nin sequer como proba de gratitude e deferencia a quen tanta ten con elas. Á parte, non terán tan boa memoria que recorden todo o que aquí se dixo. Nin estaría mal que por uns cantos reais formasen unha colección deses libriños, primeira pedra posta con tanto mérito e tanto traballo no edificio da súa educación intelectual.

Interpuxéronse varias persoas entre os interlocutores e a que tomaba nota do diálogo, que non puido saber como terminou.

Nós transcribímolo por compracer o amigo que nolo remitiu, e no convencemento de que o noso artigo non ha ser máis lido que os folletíns das *Conferencias*.

DUODÉCIMA CONFERENCIA

CONFERENCIA DO SEÑOR TAPIA SOBRE «A EDUCACIÓN RELIXIOSA DA MULLER»

LECTURA DE VARIAS POESÍAS POLO SEÑOR RADA Y DELGADO
LECTURA DUN DISCURSO SOBRE O *QUIXOTE*, DO SEÑOR VALERA, POR EL MESMO

A cargo do señor De Tapia estaba a duodécima conferencia, cuxo tema era «A educación relixiosa da muller». As malas condicións acústicas do paraninfo da Universidade e o feito de que nos colocásemos bastante lonxe da tribuna foron causa de que perdésemos gran parte do discurso do señor Tapia. Por este motivo, non nos atrevemos a falar del, máxime cando o asunto é delicado para tratalo coa menor dúbida de poder incorrer en equivocación.

Leu despois o señor Rada y Delgado unha oda do señor Delgado y López, premiada nun certame en Córdoba. O asunto da composición é «La Resurrección del Señor», cuxas dificultades son proporcionadas á súa altura. Parécenos que o poeta as venceu, sobre todo na primeira metade do seu canto, superior á segunda. E dicimos parécenos, porque unha rápida lectura, máis que para permitir formar un xuízo, serve para producir unha impresión.

Hai asuntos cuxa tenuidade ou cuxa grandeza fainos imposibles para a palabra, instrumento limitado e groseiro, incapaz de expresar todo o que abrangue a mente e todo o que sente o corazón. Ese límite, que non pode traspasar o poeta, sálva o músico. A música leva a alma polos espazos e polos abismos, e pona en comunicación co infinito.

Quen sabe, cando a arte se perfeccione, se a música non será o complemento da poesía en asuntos imposibles de tratar coa palabra soa? Se, por exemplo, na resurrección do Señor, a poesía pintará o estado da terra despois de morto Xesús,

deténdose ao levantarse a lousa do seu sepulcro para deixar á música que nos faga ver cos ollos da alma o que a palabra non pode reproducir?

Pero deixando a un lado isto, que talvez non sexa máis que un soño extravagante, veñamos á agradable realidade de «Las melodías» do señor Rada y Delgado, que leu e leu moi ben o seu autor. Cada unha encerra unha idea ou un sentimento delicado, expresado con moita orixinalidade naqueles diálogos que, amais do enxeño do autor, proban a riqueza e flexibilidade da nosa lingua, que así se pode fraccionar en hemistiquios, sen deixar de ser enérxica e sonora.

O señor Valera leu un discurso sobre o *Quixote*, ou máis ben algúns fragmentos deste traballo, que nos pareceu moi notable. Truncado pola lectura feita a saltos, digámolo así, non é doado formarse del unha idea exacta. Pero vese de certo, alén da beleza do estilo, o extenso horizonte que abrangue o crítico, a súa moita erudición, as súas apreciacións filosóficas, a rectitude do seu xuízo ao despojar o *Quixote* da suposta parte misteriosa e enigmática, e a súa delicadeza ao vulgar o xeneroso fidalgo, cuxos elevados sentimentos excitan admiración e simpatía, malia as bufonadas do ridículo e as extravagancias da loucura.

E xa que do *Quixote* se fala, non será inoportuno dicir algunhas palabras sobre a homenaxe tributada ao seu inmortal autor no aniversario da súa morte pola *Academia de Conferencias e Lecturas Públicas da Universidade*, e con indicar os nomes das persoas que a compoñen queda dito que a lembranza sería digna da memoria de Cervantes. Está consignada esta homenaxe nun libríño co título de *Fiesta literaria celebrada en honor de Miguel de Cervantes Saavedra*, e cuxa lectura confirmará o que acabamos de dicir. Non parecerá mal que deamos del un índice.

Un discurso do señor reitor da Universidade, breve, pero ben pensado, ben escrito e cheo de amor e respecto ao autor do *Quixote*, e do xeneroso desexo de que borremos a fea mancha de ingratidade, empezando a facer xustiza aos nosos homes eminentes. O xenio non pode ter maldicións para a humanidade, pero como nos han de bendicir dende o ceo os nosos, esquecidos ou escarnecidos, mentres lles negamos xustiza sobre a terra? Xa que os fixemos mártires, negáremolles a palma e a coroa do martirio? Á sombra das estatuas erguidas aos grandes homes, o pobo sente xenerosos impulsos e comprende altas verdades. Ensinándolle a respectar os mortos, aprenderá o respecto dos vivos e a non deixar para a posteridade a triste tarefa que nos legaron os pasados séculos, ao consignar

na mesma páxina da historia os merecementos do xenio e a cega ingratidade da súa patria.

Un soldado poeta, o señor Ros de Olano, personificou a venturosa fraternidade das armas e as letras, e cumprimentou o guerreiro de Lepanto e o escritor inmortal. No seu breve discurso, en que hai apreciacións moi elevadas, enxalzou como é debido o valor e o xenio do grande home infortunado.

O discurso do señor Canalejas é elocuente, filosófico e sentido; reflicte todos os méritos de Cervantes e todas as súas dores. Se os que dormen o sono da morte oen as voces do mundo en que pasaron a vida, a voz do señor Canalejas soaría grata ao gran poeta maltratado pola fortuna, e recoñecería nel aquela posteridade xusta que vela nas súas angustias e cuxa man invisible o axudou, sen dúbida, a levar a cruz polo doloroso camiño da súa existencia.

Despois destes discursos están as composicións poéticas:
as fermosas décimas do señor don Ventura de la Vega;
unhas décimas do señor Aguilera que, como súas, teñen sentimento, filosofía e nobres aspiracións;

unha graciosa e intencionada *letrilla* do señor Bustillo;

uns cuartetos, melancólicos e elevados, en que o señor Silió pinta a maior das dores do xenio;

unhas belas décimas do señor Rada y Delgado;

un cadro de costumes do século XVII, escrito en conmemoración de Cervantes polo señor Hurtado, onde o poeta dramático excita grande interese, personificando e poñendo en acción a inxustiza dos contemporáneos de Cervantes e o fallo equitativo da posteridade.

Tal é o índice do libro, cuxa lectura recomendamos ao público, que non debe ser coa súa indiferenza continuador dos contemporáneos do descoñecido xenio nin deixar a soas e a moita distancia ese grupo de homes intelixentes que acoden a tributarlle a merecida homenaxe. As altas intelixencias agasallaron a Cervantes coa pompa que merece o xenio. Nós habémolo cantar coa modestia propia da súa virtude, unindo unha voz de amor ás voces da admiración xeral. O cativo de Alxer, que deixou en África tantas probas da bondade do seu corazón como da superioridade da súa intelixencia había dar despois, terá un lugar nos *Anais da virtude*. A súa brillou tanto que nin os resplandores da súa gloria a han toldar.

DÉCIMO TERCEIRA CONFERENCIA

CONFERENCIA DO SEÑOR GARCÍA BLANCO, SOBRE «EDUCACIÓN CONXUGAL»

LECTURA POLO SEÑOR ARJONA DUN PROVERBIO DO SEÑOR AGUILERA

A décimo terceira conferencia estaba a cargo do señor García Blanco; o tema era a «Educación conxugal».

Antes de entrar en materia, o señor García Blanco abordou algunhas consideracións sobre os diferentes xéneros de oratoria e de elocuencia, que non debe ser a mesma para o orador sagrado, para o letrado, para o tribuno e para o catedrático. Ben se lle nota, sen que el o diga, que pasou a vida dedicado ao ensino; as formas do seu discurso son didácticas e teñen o ton e a autoridade do mestre, que presta ao que, coma el, sabe tan perfectamente o que di. Leunos un programa de «Educación para as nais de familia» en vinte leccións, e mesmo non sendo este traballo dos que se dan apreciado nunha rápida lectura, e aínda habendo persoas, entre as cales nos contamos, que xulgan mellor a partir do que len que do que oen ler, cremos poder afirmar, sen incorrer en erro, que o programa está ben meditado, é moi completo, engloba todo o esencial en materia tan importante, e ten, na lección relativa aos deberes da muller viúva, unha idea delicada e tenrísima coa cal estamos conformes, felicitando por ela ao señor García Blanco. Referímonos á fidelidade ao esposo, mesmo despois de morto.

O ancián profesor propónse dar, conforme a este programa, un curso completo sobre tan importante asunto o vindeiro ano académico, se Deus quere e os homes non o impiden; son as súas palabras.

Desexamos e esperamos que non llo impidan. Todo o que lle oímos sobre a educación da muller parécenos cheo de prudencia, de verdade e de alta sensatez,

e nin motivo nin pretexto vemos para que se prohiba a circulación de ideas de tan evidente utilidade. En todo caso, se unha lousa, sexa cal sexa, cae sobre estas ideas, non por iso han quedar eternamente sepultadas. Aínda que a verdade se encerre nun sepulcro e se lle poñan gardas, ela resucita sempre ao terceiro día.

A lección que leu o señor García Blanco foi a sexta, en que trata da elección de esposo ou esposa, e todas as regras que dá para acadar o acerto en cuestión de tan vital interese son atinadas e prudentes en alto grao. Así e todo, aínda que sinxelas, ditadas pola experiencia e moi ao alcance do sentido común, a súa aplicación é difícil. Por que? Polas ideas preconcebidas que acerca da muller teñen os homes, e ela mesma; pola inferioridade positiva que resulta da inferioridade da súa educación, e que a inhabilita, ademais das leis, para dedicarse ás profesións e oficios lucrativos, e pola présa de casala que adoitan ter os pais, que debían retardar o matrimonio para dar lugar a reflexión. A muller non ten máis carreira que o matrimonio, e os pais queren custe o que custe *deixala colocada*, e queren ben, pois a situación dunha muller soa é moi desvantaxosa e en moitísimos casos aflitiva de veras.

Como as mulleres non entenden de nada, ricas, explótanas os que manexan os seus asuntos; pobres, están imposibilitadas de gañar o sustento e vense expostas á pobreza ou á laceira e a todos os perigos que levan consigo. Non é de estrañar que os pais desexen con ansia colocar as fillas. Para avivar o seu desexo, entra ata a vaidade, porque dando por suposto que a muller solteira non serve para nada, recibe máis ou menos a falta de consideración con que se contemplan as cousas inútiles, e os pais, non querendo que as fillas fagan un mal papel, contribúen moitas veces a que fagan un mal matrimonio.

Como este é o maior dos males, deberíano evitar asumíndoos todos antes, pois sendo tan común o erro ao xulgar a muller, non ha de ser fácil o acerto no que concirne á súa felicidade. A paixón ou o apetito queren acelerar o momento do matrimonio, e esta impaciencia, en vez de atopar freo na razón, atopa auxiliares en argumentos que a simulan, revestindo as súas aparencias. A moza ve tamén o seu porvir sombrizo, o triste papel que ha facer no mundo, mortos os pais, se non ten o apoio dun esposo, e isto serve unhas veces de motivo e outras de pretexto para contraer sen meditación previa lazos indisolubles.

Terminada a lección do señor García Blanco, o señor Arjona leu un proverbio moral do señor Ruiz Aguilera, salientando os seus moitos chistes e o cómico dos diálogos que teñen as dúas principais personaxes.

En «Perro flaco todo es pulgas» dá o señor Aguilera unha lección en verdade moral aos que queren saír da esfera en que os colocou a fortuna ou a xustiza. Debérase perseguir sen descanso esa mala vergoña de ser pobre ou de non ser rico, tan común e tan fatal. A riqueza, que adoita ser obra da casualidade, cando non dalgunha cousa peor que non pode ser título de lexítimo orgullo, é motivo de vaidade. Obra de vaidade son as súas ostentacións, e por vaidade aparéntase e fínxese cando non se ten. A vaidade, que tanto teme o ridículo, debe ser perseguida por el. Ninguén se rebaixa polo modesto da súa posición, aínda que sufra a proba máis dura co trato de persoas que a teñen moito máis avantaxada.

Na casa máis humilde pódese recibir un rei con dignidade, que está no carácter do dono e non nos mobles da vivenda. O que para apreciar os homes os despoxa de todo o que deben á fortuna non teme ser apreciado do mesmo xeito nin se sente humillado pola falta do que vale tan pouco. O que rebaixa, o que é ridículo, son as fonchas aspiracións, os esforzos impotentes, as simulacións e o afán de finxir un benestar de que se carece. A pobreza ou a medianía é nobre, nobremente levada; pero degrádase cando se deixa mesturar coas cores rechamagueiras e os axóuxeres da vaidade.

DÉCIMO CUARTA CONFERENCIA

LECTURA POLO SEÑOR UÑA DUN ARTIGO TRADUCIDO DO FRANCÉS

CONFERENCIA DO SEÑOR PI Y MARGALL SOBRE «A MISIÓN DA MULLER NA SOCIEDADE»

LECTURA DO SEÑOR SILIÓ DA SÚA LENDA «EL ESCLAVO»

Principiou o señor Uña a décimo cuarta conferencia lendo un artigo traducido do número do 13 de maio de *La Revue de l'Instruction Publique*, escrito por M. C. Hippeau, que trata do estado da educación intelectual das mulleres nos Estados Unidos. Nós cremos que as verdades non necesitan ser tanxibles para ser evidentes, e evidente foi sempre que a superioridade intelectual do home é obra da educación. Mais os que queren feitos teñen na descrición do colexio Vassar, lida polo señor Uña, un argumento sen réplica. Na América do Norte as mulleres dirixen, de CEN escolas, SETENTA; e téñase moi presente que nelas non se dá só a instrución elemental, senón a que nós comprendemos no ensino secundario, e aínda máis ampliada. Supoñamos que os coñecementos non sexan moi profundos, pero... canta aplicación e canta aptitude non necesita unha mestra para poder iniciar os seus discípulos en todos eles! Nese pobo que calumniamos con tanta frecuencia, porque é máis fácil vomitar miserables impropiedades que imitar grandes exemplos; nese pobo hai *sórdidos mercadores* que deixan miles e millóns de pesos para obras de beneficencia e utilidade xeral. Un destes homes ilustrados e benéficos é M. Vassar, fundador do colexio que leva o seu nome, e para o que deu DEZ MILLÓNS de reais.

A nobre alma deste plebeo fabricante de cervexa concibiu o proxecto de crear una institución de ensino en que as mulleres recibisen a instrución que se lles dá aos homes nas universidades.

O colexio Vassar foi incorporado ás universidades por un decreto da asemblea lexislativa de Nova York. Gloria e gratitude eterna ao ilustre fundador e ao pobo grande que proclamou, á face do mundo, a unidade da razón humana! Como non ha medrar ese pobo? Deus envía prosperidade ás nacións segundo comprenden e obedecen as súas santas leis.

A democracia americana non tiña máis que un gran pecado, que lavou con torrentes do seu sangue xeneroso.

Sorprende a primeira vista que, non alcanzando a ciencia en América maior altura nin tanta como en Europa, se queira alí comunicar á metade do xénero humano, que a ten vedada no Vello Mundo. Mais non nos debe admirar se reflexionamos un pouco, porque cando non hai equidade e xustiza, pódese ser Aristóteles e soste a lexitimidade da escravitude e a inferioridade da muller. A aristocracia, tense dito, *non ten entrañas*; é verdade, e é igualmente certo que do corazón dos pobos, como dos homes endurecidos, levántanse nubes opacas que lles toldan o entendemento. Así se explica como en tantos pobos, sobre todo da antigüidade, o estado social non se corresponde co estado intelectual, e como esa América, que non é a primeira no mundo científico, está á cabeza do progreso. Alí os sentimentos son máis sans e as paixóns e as ideas preconcebidas opóñense menos veces ao avance da xustiza.

A escravitude intelectual da muller, como todas as escravitudes, é filla desventurada do abuso da forza. As sociedades europeas están formadas pola guerra; o conquistador da América do Norte foi o traballo. Como se había de confundir a obra deste santo heroe, cuxa gloria non poden cantar voces humanas, cos legados cruentos dos Atilas de todas as idades?

Esas civilizacións inoculadas cunha lanza reciben na ferida un virus que tarde ou nunca expulsan. A conquista da América do Norte, feita polo traballo, fundou a igualdade, sen a cal a fraternidade é mentira, a liberdade soño, e nin no país onde non hai privilexios o home ha de estar disposto a considerarse un ser privilexiado e superior á muller, nin o colono americano, illado nos bosques, loitando coa natureza, lonxe dos homes e admirando a obra de Deus, podería descoñecer as calidades da súa intelixente compañeira, con cuxo poderoso auxilio vencía tan xigantescos obstáculos. Se, como se dixo, a muller americana fixo a América, é porque o home americano non ignorou a muller.

Terminada a oportuna lectura do señor Uña, subiu á tribuna o señor Pi y Margall, a cuxo cargo estaba a conferencia. O tema era «A misión da muller na sociedade». Para os que avogamos pola educación intelectual da muller, é gran consolo e auxiliar poderoso un voto tan autorizado como o do señor Pi y Margall, en quen recoñecen elevada intelixencia, profundos estudos e vastos coñecementos mesmo os que non están de acordo coas súas teorías económicas. Idea que no presente ten tales avogados non pode deixar de ser un feito no porvir.

O señor Pi y Margall quere que o neno e o mozo, en vez de ir á escola e ao colexio, onde se corrompen, reciban o primeiro e o segundo ensino no lar doméstico, e o reciban da súa nai, que como se comprende, necesita para isto un gran caudal de coñecementos. Con certeza, se a muller contribuíse como debера á educación intelectual do home, non se vería esa especie de antagonismo tan frecuente entre os medios que perfeccionan a intelixencia e os que deben conservar puro o corazón.

O mozo, cando máis necesita guía, cando as súas paixóns empezan a dar voces desacordes que se sobrepoñen á razón e talvez á conciencia; cando as súas ideas vagas se desvanecen ao contacto dun ardente desexo; cando as opinións informes se acomodan ao capricho propio ou alleo; cando a vontade, como un cabalo salvaxe, non admite freo nin dirección e atropela canto se lle opón ao paso, daquela o mozo emancípase moralmente da nai, cuxa intelixencia queda xa moi por debaixo da súa. Se non é malo, respectará sempre a que lle deu o ser; pero este respecto será máis ben obra do corazón que do convencemento; abondará para que non lle falte, pero non para que se deteña no camiño das desordes; porque as tentacións que o seducen e os impulsos que o arrastran necesitaban para ser contidos todo o prestixio da razón e toda a influencia do cariño.

Habituado o señor Pi y Margall a remoer no maxín as grandes cuestións sociais e a estudar para iso a historia da humanidade, dicíanos que no home hai tres forzas: a intelixencia, a actividade e o sentimento; e que uns pobos son a personificación da intelixencia, outros da actividade e outros do sentimento. Grecia e Roma chegaron moi alto: a primeira, pola súa intelixencia; pola súa actividade, a segunda; e o cristianismo veu chamar as sociedades modernas á vida do sentimento. Responderon, pero debilmente. A principal misión da muller, dicía o orador, é fortalecer o sentimento, alimentalo, darlle forza, convertelo na base da actividade e da intelixencia. Fermosa misión, mais non a ha poder cum-

prir mentres as súas facultades intelectuais estean ineducadas e inactivas; porque non se pode levar illado á sociedade para perfeccionalo o que non pode illadamente ter perfección no individuo, e cantas veces se extravía o sentimento da muller por non ir guiado da man da razón, cantas se escarnece por non ter a autoridade e o prestixio da intelixencia! O señor Pi y Margall parecía influído por esas mulleres do porvir, tenras, intelixentes e inspiradoras das grandes cousas, porque comprenderán as elevadas ideas; parecía que unha muller pensadora e amante lle ditara as palabras con que nos dicía que a *humanidade* non son os seres humanos que poboan neste momento a terra, senón todos os que *a poboaron, poboan e han poboar*; que debiamos pensar canto lles debemos aos que nos precederon nesta terra transformada polos seus esforzos e regada co sangue xeneroso dos que conquistaron o que hoxe se chama dereito e recibiu un día o nome de crime ou loucura; de tantos mártires do erro ou do traballo que consagraron a vida a vencer os obstáculos que a natureza ou os homes opoñían ao progreso do xénero humano. Non xa a posesión dun dereito, a máis insignificante das nosas satisfaccións materiais supón a intelixencia e o traballo acumulado de moitas xeracións. E ao recoñecérmonos debedores dos que pasaron, como non nos sentirmos impulsados a traballar polos que han de vir? Esa piadosa lembranza de gratitude cara aos que morreron non nos ha inspirar ningunha nobre resolución a prol dos que han nacer? Viaxeiros que atopamos achaiados tantos camiños, non habemos de mellorar ningún? E ao sentarmos á sombra da árbore que outros plantaron, non nos ha saír da alma beizón ningunha á súa memoria nin ha botar a nosa man ningunha nova semente para que os camiñantes fatigados do porvir atopen tamén onde se gozaren e nos bendigan?

O recordo do sacrificio feito no noso favor imponnos o deber da abnegación; a humanidade non pode ter máis que colaboradores activos ou debedores ingratos e envilecidos. Ao considerar o xénero humano como un no tempo e no espazo, ao unir cun lazo de amor e gratitude o pasado, o presente e o porvir, ao facer que a fraternidade avante os confíns da morte, o señor Pi y Margall fixo que formásemos alto concepto, non só da súa cabeza, senón do seu corazón, e ben da humanidade merecen os que coma el a comprenden.

Terminada a conferencia, o señor Silió leu a introdución e primeiro canto da súa lenda «El esclavo». Aquí non é o poeta tenro e melancólico que pregunta vacilando dende o val:

«¿A dónde irán los viajeros
que trasponen la montaña?».

É o vate que oe a voz da súa conciencia enérxica, vibrante, e transmítea, rodeándoa dese poder que se chama beleza, poesía, para que resoe máis lonxe o anatema que lanza contra a escravitude. Non podemos deixar de felicitar o home honrado polo fondo da súa obra, nin o poeta pola súa forma; non debemos falar máis da inmensa dor que a motiva. Continuaremos gardando silencio sobre a cuestión da escravitude, non por patriotismo, senón por humanidade; e queira Deus que ela nos diga pronto a todos: «Falade, xa podedes falar».

DÉCIMO QUINTA CONFERENCIA

CONFERENCIA DO SEÑOR CASTELAR

LECTURA POLO SEÑOR SILIÓ DA SÚA LENDA «EL ESCLAVO»

LECTURA POLO SEÑOR AGUILERA DO SEU APÓLOGO «PLUS ULTRA»

LECTURA POLO SEÑOR BUSTILLO DA *LETRILLA* «LOS MATRIMONIOS DE DIOS Y LOS MATRIMONIOS DEL DIABLO»

A décimo quinta conferencia estaba a cargo do señor Castelar, que foi ao paraninfo da Universidade chamado, segundo dixo, polo seu antigo mestre e sempre amigo o señor reitor. Voz menos autorizada e menos querida cremos que bastaba para levalo alí, onde todos os que asistíramos ás *Conferencias* o esperabamos, e onde, atrevémonos a dicilo, debía ir, pois intelixencia obriga. Porque a humanidade non conta, senón que pesa os votos, e faltaba o seu na urna onde se recollen os que queren redimir a muller da escravitude da ignorancia. E, en fin, porque para derrubar un edificio, máis que demoler os muros, importa socavar os alicerces, e os alicerces de todas as ideas preconcebidas están na falta de ilustración da muller. Ademais, se chega un día en que as *Conferencias dominicais* son anatematizadas, non ha querer ver o seu nome entre os calumniados e, como san Paulo, incorrer en anatema polo ben dos seus irmáns?

A hora sinalada para a conferencia era mala, porque á mesma tiñan xunta xeral as señoras do Ateneo.

O paraninfo, alfombrado, recibindo o sol polo teito de cristal que non daba paso ao aire, era unha estufa. A entrada non era gratis, como nas outras conferencias. As señoras, polo xeral, non son republicanas, e por norma máis xeral aínda, son católicas e, non obstante, acudiron con grande anticipación e en tanto número que non cabían no espazoso local que lles estaba destinado. Poder da

elocuencia! Sinal de progreso! Mostra de tolerancia! Perspicacia natural pola que entende a muller que non se debe sacrificar o esencial das cousas á estrañeza que pode causar a súa forma; nobre instinto que as leva a comprender que, diga o señor Castelar o que queira, hai sempre no fondo da súa alma un sentimento relixioso.

O Fillo deixou caer sobre o seu corazón unha pinga do seu sangue redentor, daquel sangue que inoculou no mundo o amor aos débiles e aos aflixidos; o Pai fixo brillar ante os seus ollos un raio da Divina luz; o Espírito Santo mandoulle unha das súas linguas de lume; e el había de descoñecer a Trindade Santísima e blasfemar de Deus? Imposible! Dende o abismo poderase negar, pero dende as nubes ninguén di: Non hai ceo. As mulleres non cren, non poden crer na impiedade do señor Castelar, cuxa palabra candente estivo o domingo chea de unción relixiosa.

Xulgábase a miúdo mal ao señor Castelar, porque se buscaba nel o filósofo, o mestre, o político, o home de Estado, sen ver que na tribuna non pode ser nada disto, porque é unha máquina de guerra. Atleta de belas proporcións, parece ás veces deforme, porque para ferir toma estrañas posturas; porque a súa misión, a súa lei, é ferir, abrir brecha. A tribuna, dende que sobe a ela, convértese nunha batería; a súa voz asemella un grito de guerra; o seu ademán parece indicar o sitio máis apropiado para o asalto; os seus ollos ven sempre un muro que abater; e se entoa un canto melodioso, non deixa nunca de levar o compás co ariete. Esta é a lei da súa natureza, a condición da súa existencia intelectual. Non lle pidades máis calma que a do cansazo nin máis luz que os lóstregos nin máis harmonías que as da tempestade.

O señor Castelar acadou se cadra triunfos máis ruidosos, pero ningún que o deba afagar tanto como o que obtivo no paraninfo da Universidade. As señoras, as máis ao menos, non pensan coma el, nin en relixión nin en política; e, non obstante, escoitárono con recollemento e entusiasmo, aplaudíndoo, admirándoo e seguindo como fascinadas o seu pensamento atrevido e a súa verba torrencial.

Percorrendo o señor Castelar o vasto campo da historia, facía ver a influencia da muller na sociedade, máis palpable nos momentos solemnes, e a da nai, máis de relevo nos grandes homes. Insistiu en que sen liberdade non hai dignidade nin moralidade nin relixión verdadeira, pedíndolles ao cabo ás mulleres que non sexan un obstáculo para o progreso, e que inspiren nos fillos o amor á patria.

Este desexo do señor Castelar non se verá realizado senón en moi pequena escala, mentres a muller non reciba unha instrución máis ou menos extensa, pero sólida, e se habitúe ao traballo intelectual e á reflexión. Porque, cómpre telo moi presente, por moito que importe, o esencial para a muller, como para o home, non é saber xeometría ou hixiene, física ou teoloxía, mecánica ou economía política; o esencial é a ximnasia intelectual, o exercicio das facultades superiores, a aptitude para a reflexión, facer da intelixencia un instrumento poderoso capaz de traballo constante, en vez de deixala sumida en letargo eterno. O grave da ignorancia non é que non se saiba esta ou a outra ciencia, é que non se sabe discorrer; é que toda criatura ignorante, refractaria á verdade, é bo condutor do erro e da inxustiza.

É necesario que os homes do progreso, os de todos os matices, pensen seriamente en instruír a muller. Porque mentres ela sexa prisioneira da ignorancia, non han ter os pobos verdadeira liberdade.

Terminado o discurso do señor Castelar e calmada un tanto a axitación que provocou a súa conmovedora palabra, leron o señor Silió un canto da súa fermosa lenda «El Esclavo» e o señor Bustillo unha chistosa e intencionada poesía, titulada «Los matrimonios de Dios y los matrimonios del diablo».

Leu tamén o señor Aguilera un apólogo, titulado «Plus ultra». Diálogo entre un carro, unha tartana e unha dilixencia, que se queren opoñer ao paso dunha locomotora e son lanzados ao abismo. O autor demostra con moito enxeño o erro dos que cren que os adiantos son prexudiciais e o absurdo desasisado de plantarse como obstáculos nas vías do progreso.

Terminada a conferencia, o señor reitor, que a presidía, dixo que se suspendían ata outubro, en que se habían retomar, sendo aínda máis instrutivas. E deu as grazas ás señoras pola súa asidua asistencia e aos oradores, aos que leron, a todos os individuos da Sociedade de Conferencias e Lecturas, pola súa ilustrada e activa cooperación. Cremos interpretar os sentimentos das señoras dándollelas tamén no nome delas.

Pola nosa parte, a gratitude que imperfectamente expresamos na recensión da primeira conferencia aumentou ao ver tantos homes eminentes que non desdeñaron vir dirixirnos a palabra e que, aínda oprimidos de traballo, tiveron tempo para ir consignar o seu voto favorable á educación intelectual da muller e para facer unha grande obra de misericordia: ensinar ao que non sabe.

Pero que aprendemos as señoras na Universidade? Ensinounos literatura o señor Canalejas, dereito o señor Labra, economía política o señor Rodríguez, física o señor Echegaray e historia o señor Castelar? Seguramente non. O que aprendemos as señoras é que as nosas primeiras intelixencias opinan que a muller debe cultivar a súa; o que aprenderon os homes é que as señoras asisten con asiduidade e constancia a reunións onde se trata gravemente de cousas graves. Isto é o que se sabe xa de forma positiva, e o señor reitor da Universidade debe estar satisfeito por descubri-lo.

As *Conferencias* deste ano non podían ser de veras didácticas, no sentido que se lle adoita dar a esta palabra; eran un traballo de preparación indispensable e como o labor que se fai antes de botar o gran.

Esperamos que no vindeiro curso académico as *Conferencias* se convertan en leccións. Convén que as señoras o teñamos presente e que non vaiamos á Universidade a distraernos, senón a estudar, a aprender.

ESCOLMA DE CARTAS AOS DELINCUENTES

Creemos facer un verdadeiro servizo aos lectores da BIBLIOTECA ECONÓMICA DE ANDALUCÍA dándolles a coñecer, polas cartas que inserimos deseguido, unha obra da señora dona Concepción Arenal titulada «Cartas aos delinquentes», e que aínda que impresa pódese dicir que non está publicada, porque, sen que entremos agora en pescudar na causa, o feito é que o público non ten noción dela.

Se ben este libro, como o seu título indica, se dirixe principalmente aos delinquentes, como o seu obxecto é explicar a razón e a moralidade das leis penais, copiando as que infrinxen con máis frecuencia, abonda follealo para comprender que é útil a todos, porque na educación de todos debera entrar o coñecemento da lei penal, fácil de aprender, e cuxa ignorancia adoita ter consecuencia tan fatais. Asombra ver unha persoa ilustrada, reducida a prisión por causas políticas, por aparencias enganosas ou por un momento de extravío, sen que teña a menor idea da pena en que incorreu, do dereito que o asiste, dos seus medios de defensa, nin de cando sofre atropelo ou cando se lle fai xustiza. O que tería que guiar o seu defensor, que non o debera necesitar, recibe os oráculos dun avogado novel e os consellos do escribán, e déixase conducir como un cego por camiños perigosos.

Na instrución máis elemental deben entrar nocións de dereito, en especial de dereito penal. Se dando a coñecer a obra da señora Arenal contribuímos en algo a xeneralizar esta idea e, por tanto, a apresurar o día en que se converta en feito, cremos que prestamos un verdadeiro servizo.

A carta «Aos inocentes» non se dirixe tan só aos encarcerados, senón a todo o que sofre e cre non merecer o seu mal fado. A resignación máis firme, a que esta máis en harmonía cos tempos en que vivimos, á cal non se pode negar ningún ser racional, é a que ten a súa orixe na razón.

CARTA III

NECESIDADE DAS LEIS: AMPARAN PRINCIPALMENTE O QUE AS INFRINXE

Meus irmáns:

Supoñendo que as miñas cartas anteriores non foron por enteiro inútiles, supoñendo que algún de vós me queira prestar atención, vouvos mostrar a xustiza das leis que vos condenaron á pena que sufrides. Unha das causas de que o castigo non reforme é non estar ben convencidos de que é xusto. Moitos de vós, os máis se cadra, qué idea tedes do porqué e do como vos encontrades no cárcere? Primeiro, un delito ou un crime sobre cuxa gravidade non meditastes, non comprendedes, e que desculpan o interese, a paixón e a ignorancia. Tiñades necesidade, roubastes; tiñades cólera, feristes; convíñavos que a mentira se recoñecese como verdade, perxurastes. Ata que punto sodes culpables? As disposicións que nos impulsan ao mal indúcennos a desculpalo, e é raro que ninguén se pida a si mesmo conta estrita dos seus actos. O que vos trouxo aquí, que é para vós? Un feito que se castiga cando se demostra. A Garda Civil perséguevos, préndevos. Que vedes nela? A forza. O xuíz condénavos consonte o que dispón un libro que se chama *Código*. Que son para vós o Código e o xuíz? Un inimigo que vos aplica unha lei feita na vosa contra. Ides a presidio. E que razón vedes para estar nel? A vara do cabo, os fusís dos gardas, os ferros que arrastrades ou que vos han poñer se intentades fuxir. O delito, o xuízo, a sentenza e o castigo é unha loita da que levastes a peor parte. Cal é para vós a ensinanza moral disto todo? Que fostes vencidos e que o vencedor vos oprime porque é máis forte. En consecuencia, odio ao vencedor, odio á Garda Civil, ao xuíz, aos xefes do cárcere, aos vixilantes e ata ao sacerdote que vos amoesta e ao médico que vos cura.

Se me prestades atención, se a vosa conciencia aletargada esperta, se logro que vos penetre na alma a luz da verdade, nin que só sexa un dos seus divinos raios, habedes comprender o absurdo do voso modo de ver, ha de vos abraiara a vosa cegueira e habedes tributar á xustiza a máis solemne, a máis meritoria de todas as homenaxes, a de quen a descoñeceu e por fin a comprende e venera. Pero antes de tratar da xustiza das leis, vexamos a súa necesidade. As leis penais, únicas de que nos debemos ocupar, as que castigan os crimes, os delitos e as faltas, credes acaso que son unha cousa intricada, estraña, caprichosa, inventada polos homes, reducida a regras a poder de enxeño e figuracións? Non, meus irmáns; as leis penais son unha cousa clara, sinxela e natural, como comer cando se ten fame, beber cando se ten sede e abrir os ollos á luz. Eu confío en que chegedes a comprendelo se me prestades atención.

O home naceu para vivir en sociedade. Xa vedes o débil que nace o neno, xa vedes o débil que é o home en comparanza cos animais; poñédeo a soas no medio do bosque enfrontado ás feras, aos insectos, aos elementos, e veredes como logo perece. Para resistir a tantos perigos como o asedian, a tantos elementos de destrución, necesita unirse aos seus semellantes: só combinando con eles a súa forza, deixa de ser débil e pode existir. Mais non creades que se trata só nin principalmente da forza física. Xa vimos que no home a forza é algo moi secundario. A asociación que fai ao home forte é a da intelixencia das ideas. Non se concibe un home que reducido só ás súas forzas poida vivir moito tempo; pero se vivise, aínda que nacesse coas mellores disposicións, non sabería discorrer, a súa intelixencia quedaría abafada como se asfixia ata quen teña o pulmón máis dilatado se non atopa aire que respirar. Como vai poder resistir, ou vivir, que é o mesmo, o home na soidade que illa a súa intelixencia e aniquila a súa forza moral?

Pero aínda se supoñemos por un momento que o home materialmente lograse vivir só, que lograse resistir as causas físicas que tendían a destruílo, había sucumbir de dor ou de fastío. Se algunha vez vos encerraron a soas, habédelo comprender con facilidade, e se non, pola necesidade que sentides de contacto cos vosos semellantes, habedes comprender que a soidade absoluta é oposta á natureza do home e a destrúe. Se vos puxesen en liberdade e vos desen todos os regalos que puidésedes desexar e concibir; se vivídes nun fermoso país, con clima temperado, e habitásedes un magnífico palacio con mesas cubertas de

saborosos manxares e viños exquisitos, pero coa condición de non ver nin oír nunca persoa humana, habiades renunciar a todos eses aparentes bens e habiades preferir o rancho e as paredes da vosa prisión e voluntarios habiades volver a ela.

Non cómpre insistir máis sobre este punto: o home sente por instinto que non pode vivir só. E se os homes necesitan vivir en sociedade, que regra necesitarán para estar en paz? Unha moi sinxela, a que serve de fundamento a todas as leis penais dende que o mundo empezou ata que deixe de ser, a que sabedes vós, a que saben os nenos antes de ter uso de razón: *Non lle fagas a outro o que non quixeras que che fixesen a ti*. Velái o principio fundamental de toda xustiza, tan sinxelo que todos o comprenden, tan evidente que ninguén o nega, e que se está escrito en todos os códigos é porque está gravado en todas as consciencias.

Imaxinemos a sociedade máis simple, composta de dous homes; supoñamos que non hai asociación sequera, senón reunión. Dous de vós cometestes unha falta e fostes encerrados no calabozo; xa tedes deberes e dereitos o un cara ao outro. Hanvos levar o pan, o rancho e a auga. Cadaquén ten o *dereito* de que o outro non lle coma a ración e o *deber* de non comer a do compañeiro; ten o *dereito* de que o deixe durmir e o *deber* de non o espertar; ten o *dereito* de que o outro non o mate durante o sono e o *deber* de non o matar el mentres durma; ten o *dereito* de que o outro non o calumníe dicindo que quixo forzar a porta ou prorrompeu en palabras ofensivas contra os seus xefes e o *deber* de non calumniar el tampouco. Xa vedes que na reunión de só dous homes, que non se pode chamar sociedade, reducidos a un estreito calabozo onde as súas relacións son tan limitadas, hai xa *deberes* e *dereitos*. O que non os respecta merece unha pena para que o castigue porque faltou, para que o conteña e non volva faltar, para que lles sirva de exemplo aos outros que aínda non faltaron. Co fin de que esta pena sexa proporcionada ao delito, é dicir, xusta, para que non sexa obra do capricho do que a impón, necesítase unha lei. Mais para impoñer esta lei é preciso descubrir se houbo en verdade falta, xulgar a súa gravidade. Isto non o pode facer máis que o xuíz. O que falta, con todo, non se presenta de bo grado nin a ser xulgado nin a sufrir a pena que mereceu. Quérea eludir, hai que obrigalo materialmente; de aquí a necesidade de empregar a forza, os fusís, as paredes, as reixas e os ferros.

Se vos dixesen agora: os oitocentos ou mil homes que hai neste presidio hanse embarcar para América; hai alí unha illa fértil e deserta que é preciso poboar.

Tomade providións para un ano e aveños para labrar a terra, e construídevos vivendas. Quedades sós, en liberdade de facer o que vos pareza, pero non contedes senón con vós mesmos, ningún ha de ir no voso auxilio nin vos é permitido saír. Que fariades daquela? Permitiriades que as providións se repartisen con desigualdade de modo que uns tivesen máis do necesario e outros morresen coa fame? Permitiriades que mentres uns labraban a terra outros lles roubasen o froito do seu traballo? Que os nugalláns fosen habitar a casa feita polos laboriosos e os expulsasen dela? Que convertendo en armas homicidas os útiles de traballo, os máis perversos matasen ou ferisen para saciar os seus instintos feroces e alcanzar polo terror o que non querían obter pola súa laboriosidade? Ai de vós se tal fixédes! Ninguén había querer sementar para que outro recollese, ninguén edificar para que outro se albergase. A fame había chegar implacable, e exasperados por ela, habiádevos disputar con saña os restos das providións, que só habían dar para alimentar algúns días os que triunfasen na loita, e vencedores e vencidos habían perecer sen quedar deles máis que o recordo dos seus crimes e os seus ósos insepultos descarnados polas feras.

Non, ca! Vós, que maldiciades as leis, habiádelas establecer na vosa colonia, por necesidade, por instinto de conservación. E que leis habían ser estas? As mesmas con moi escasa diferenza daquelas polas que fostes xulgados. As leis non son máis que expresión da necesidade social e da conciencia humana, e como a vosa sociedade había ter as mesmas necesidades que todas, e como vós, aínda que desencareirada e abafada ás veces, tedes conciencia, as vosas leis habían ser xustas. Tal como o ladrón non quere que lle rouben nin o asasino que aleivosamente o firan, habiades castigar o roubo e o asasinato, e os crimes e os delitos todos, coa única diferenza de que o voso código había ser máis severo, infinitamente máis duro nas penas que impuxese, como feito para unha sociedade ignorante e débil. A dureza das sociedades, como a dos individuos, é proporcional á súa debilidade e a súa ignorancia. As leis penais varían nos castigos que impoñen, pero non nas cousas que prohiben, e a base de todos os códigos pasados, presentes e futuros é, como xa vos dixen: *Non lle fagas a outro o que non quixeras que che fixesen a ti*. Cando faltades a este precepto, cando atacades a vida, a facenda, a honra, ou facedes mal sexa como for, non é soamente un xuíz quen interpretando un código vos condena; álzanse contra vós todas as leis de todos os países, de todos os tempos;

faltastes á lei humana, á lei de Deus, dinvos os homes que foron e os que son e os que han ser, lanzando sobre o voso crime o peso dos séculos.

Xa o vedes, a sociedade non pode vivir sen leis. Pódese dicir sen esaxerar nada que tal como o home necesita respirar aire, toda reunión de homes, toda sociedade, necesita respirar xustiza; e se esta lle falta, perece abafada na iniquidade e no sangue. Os ladróns en cuadrilla, se se han de organizar de modo que poidan existir algún tempo, establecen entre si os mesmos principios de xustiza que atacan na sociedade.

Pero se vos fose dado destruír a orde establecida; se por un acto da vosa vontade dédeses anulado ese Código penal contra o que tanto protestades; se cada un de vós tivese liberdade para atacar as facendas, a vida e a honra, sen que a Garda Civil o perseguise nin o xuíz o condenase, que pensades que había ser de vós? Pensades que habiades vivir felices co froito das vosas rapinas e o prezo do sangue que vertestes? Insensatos! Ai de vós, o día en que non houberse leis nin xuíces! Se fose posible que soase esa hora, a última estaba moi preto para vós e deberíadesvos apresurar a reconciliarvos con Deus os que aínda credes n'El. Ao suprimir o Código, acaso poderíades suprimir as necesidades da sociedade, a conciencia humana e a lei divina que dispuxo que os malvados sexan un baixo número?

Que di a necesidade social? Que é preciso que se respecte a facenda, a vida e a honra.

Que di a conciencia? Que hai dereito a castigar os que atacan esas cousas.

Que di a maioría que as respecta? Que hai forza para destruír os agresores, que son os menos.

Así, anulada a lei, queda a necesidade, o dereito e a forza de destruírvos, e habiades de ser destruídos, indefectiblemente aniquilados.

Nas sociedades primitivas, nos pobos ignorantes e, por conseguinte, febles, a lei é dura, acaba por saír da man do ofendido e participa do seu temor e da súa cólera. Cando a acción da sociedade que tanto maldicidas é feble, súplea a do individuo, e como o individuo non perdoa tan facilmente como a sociedade, como non pode perdoar porque carece de forza, o malfeitor non acha misericordia. Ás veces é entregado ao ofendido ou aos seus parentes para que sacien nel os furores da súa cólera. En todas as lexislacións criminais antigas vense os vestixios deses tempos parecidos aos que imaxinades tan fermosos, en que sendo a

forza pública case nula, a do individuo tñaa que suplir; en que ao malfeitor, en vez de perseguilo a Garda Civil, perseguían as persoas a quen fixera mal e os seus parentes e amigos; en que sen esaxeración se pode dicir que era *cazado*; en que non había piedade para el; en que a lei coa súa pena de morte prodigada sen compaixón, cos seus cárceres onde se trataba os presos como non tratamos hoxe ningún animal, coas súas torturas e os seus horribles suplicios, reflectía por todas as partes a cólera do ofendido. Deses tempos en que as leis eran débiles como vós quixerades que fosen vén o de dar á xustiza o horrible nome de *vinganza pública*.

E por horrible que sexa, onde non hai xustiza, é preciso que haxa vinganza, e se non vos presentades ante o xuíz imparcial, é preciso que vos sometades ao veredicto do home a quen roubastes ou ao dos vingadores das vosas vítimas. Onde non hai forza pública, todos se arman contra o bandido que rouba e mata, como contra un animal daniño que arrasa os campos, e o bandido sucumbe, é *cazado*. Antigamente, cando a lei era débil e cruel como vos dixer, non había presidios e necesitábanse poucos cárceres. Así como a regra da pena é agora a prisión, daquela era a de morte: os malfeitores eran sacrificados sen misericordia, e se non había razón, había propiedade en chamar vinganza á xustiza.

Vós que vos credes fortes, imaxinando, insensatos, que se non houberse xuíces nin leis, poderíades poñer en práctica a vosa vontade e vivir felices da rapina e das matanzas, saíde da prisión. Retírese a garda, ábranse as portas, armádevos de coitelo e de cólera reprimida e de odio antigo. Xa non hai lei nin paredes nin reixas nin soldados: atacade as facendas e as vidas. Non vos deteñades, só atoparedes un obstáculo. Os homes honrados, dado que non teñen quen os defenda, decidiron defenderse, e ides pelexar un contra mil. Atérravos a proporción? Pois non a podedes destruír, porque esta proporción é obra de Deus.

Forzoso é desistir da empresa ao saírdes de aquí. Se non queredes ser homes honrados á luz do día, tedes que facer mal nas tebras e ocultarvos onde ao cabo vos han de encontrar; e cando vos encontren, xa podedes comprender que é unha fortuna para vós, se en vez de sufrir a cólera do que ofendestes, vos leva a Garda Civil para conducirvos, imposible como o deber, ao xuíz que examina imparcial o voso delito e lle aplica a pena indicada pola lei. A el non o ofendestes, non vos coñece, non vos pode detestar, e para ser xusto non cómpre heroís-

mo nin sequera virtude, mentres que o ofendido que vos fose castigar necesitaría perdoarvos antes para vos facer xustiza.

Xa o vedes, as leis son absolutamente necesarias. Canto maior é a súa forza, tanto menos duro é o fado daqueles que condenan, e a súa protección, conveniente para todos, é máis necesaria para os que a infrinxiron. Antes de entrar no exame da xustiza das leis, convencédevos da súa necesidade e saíde do error en que estades, imaxinando que de non habelas, seriades fortes e felices. A *fôrza pública* que mirades como inimiga, lonxe de selo, ampáravos, deféndevos da *vinganza pública*. Sabédeo: os delincuentes son febles e as leis que fan os homes de ben benefician sobre todo os criminais, porque sen elas habían ser sacrificados.

CARTA IV

ÁS REAS

As miñas cartas anteriores diríxense de xeito indistinto aos penados dun e doutro sexo. As máis das reas, como os presidiarios, ignoran as leis que as condenan; descoñecen a súa xustiza; teñen ideas confusas da virtude, do deber, do que é a sociedade para elas, do que son elas para a sociedade; sofren o castigo como quen cede á forza: atórdanse ou desespéranse en lugar de se resignaren, e a desgraza, que é a gran mestra de quen quere aprender, nada lles ensina. Todas estades por igual necesitadas de que unha voz amiga, pero severa, vos explique en que faltastes, por que se vos castigou e como podeades borrar as pegadas da vosa falta, recibindo a pena como unha penitencia merecida.

Pero se o lexislador vos asimila aos anciáns, mulleres reclusas, e vos trata, tendo compaixón da vosa debilidade, con máis brandura, non debera eu facer entre vosoutras e os homes algunha distinción como a que fai a lei? Fágao co corazón, e se nas miñas cartas anteriores e nas seguintes atopades algunhas frases que vos pareceron duras, que non se poden aplicar á vosa prisión nin atopan eco na vosa alma, en vez de pensar: «Crennos peores do que somos», dicide: «Iso escribiuse para os homes».

Eu non creo, como vulgarmente se cre, que a muller que chega a ser mala é peor que ningún home, porque sei que hai homes que chegan coa súa perversidade ata un punto en que se pode dicir: «Non hai máis alá». Se algunha de vós pode competir en maldade cos homes malvados, abonda para que sexa un monstro e o oprobio do seu sexo. Na muller choca máis o mal porque se espera menos. Recibiu de Deus máis tenrura, máis compaixón, máis afectos benévolos, máis disposición a sufrir resignada, a esquecerse de si mesma, a sacrificarse polos outros, e a súa man débil e o seu corazón amante e o seu horror ao sangue parecen

dicirlle: «Naciches para verter bágoas sobre as dores que consoles». Así, o mal na muller choca, sorprende, abraia; os mesmos vicios ou crimes son nela máis repugnantes e odiosos que no home e, por iso, cando chega a ser tan mala coma el, parece infinitamente peor. Así, o seu organismo está formado para amar, para compadecer, para consolar, para fuxir dos medios violentos, que se o home criminal infrinxe unha lei santa, a muller parece infrinxir dúas, a de Deus e a do seu organismo. Así, a muller que é tan mala como o home, é máis repugnante. Non o esquezades, miñas irmás: tedes na vosa natureza menos medios para ser malas, máis elementos para ser boas e, por conseguinte, maior obriga de selo. Os homes, que cando sodes perversas vos miran con desprezo e con horror, non fan senón anticipar o xuízo de Deus, que será convosco moi severo. «Que fixeches —dirá o Señor no día da xustiza—, que fixeches, muller criminal, dos altos dons con que che arrequecín a alma? Como convertiches en dureza a tenrura do teu corazón? Como se volveron maldicións e blasfemias as doces palabras que che puxen nos labios? Como supliches a debilidade coa astucia e como, non podendo vencer o santo horror que che dei ao sangue, substituíches co veneno o ferro homicida? Como secaches nos teus ollos as bágoas da compaixón, facendo verter tantas, cando te mandei ao mundo para as enxugares? Caía sobre ti a miña xustiza, muller perversa, e maldita sexas polos séculos dos séculos! Non permita Deus que entre vosoutras haxa ningunha sobre quen deba recaer tan terrible xuízo, e se algunha houber, oxalá que se apresure a borrar co arrepentimento a pegada da culpa, aplacando a xustiza divina e implorando misericordia.

Ao dirixirme aos criminais, creo que haberá moitos que non me escoiten. Ha de haber menos entre vosoutras. É raro que unha muller rexeite a quen se lle achega con dozura; que queira aparecer vil e perversa ante as persoas boas; que non conserve, alá no fondo do corazón, algún sentimento doce, algunha bágoa pura para algunha cousa santa, algunha aspiración cara ao Deus que ofende e parece que esqueceu. A muller que non ama e que non cre, a que non ten algún afecto neste mundo e algunha idea do outro, é un ser tan estraño e tan monstruoso, que case sempre me parece ver alí algún trastorno físico, algún estado nervioso semellante a unha doenza, e sinto o impulso de dicir: «Hai que chamar o médico para esta muller que non cre en Deus».

Se entre vós houbese algunha enferma deste xeito, pedídlle ao Señor pola súa saúde, que a oración do infortunado que pide por outro que o é máis aínda debe

ser moi ben vista aos ollos de Deus. Vós ofendéste-lo, pero non o esqueceste. Non o deixa a muller senón para volver a El, só que nesa ausencia culpable, adoita perder a felicidade e a honra. Mais se vos arrepentides e vos emendades, podédelo recuperar todo, ata a honra, porque se ben o mundo devolve dificilmente o seu aprecio unha vez que o retirou, ninguén é bo nin malo moito tempo sen que Deus e os homes lle fagan xustiza.

Necesito toda a vosa atención, pois voume dirixir sobre todo ao voso entendemento. Vouvos explicar a xustiza das leis que vos condenaron, vouvos dar a coñecer as que poderíades infrinxir. O camiño que emprendestes está cheo de precipicios que os vosos ofuscados ollos non distinguen, e que vos pode mostrar ben quen os ve con claridade. Facede uso do entendemento que recibistes de Deus; é ofendelo desprezar un dos seus máis altos dons, deixando ociosa a facultade de pensar e de comprender o que vos é conveniente e onde está o perigo e onde a salvación.

Impresionables e vehementes, pasades da exaltación das paixóns á das crenzas; do esquecemento de Deus á superstición; do pecado ao arrepentimento, e moitas veces non perseverades nel porque a vosa razón non acode como debера no auxilio da vosa fe. É preciso sermos razoables e crentes, que a sabedoría suprema non nos deu distintas facultades e disposicións para que se combatan, senón para que se sosteñan, nin fixo tres cousas distintas do precepto relixioso, da utilidade e da xustiza.

Se me prestades atención, convencerédesvos de que as leis son necesarias, son xustas, son fortes, e que é loucura culpable poñerse en loita desigual con quen ten razón e ten forza. Convencerédesvos de que as leis dos homes están en harmonía coa de Deus; e que se non por amor a El, por amor a vosoutras mesmas, por cálculo, debedes respectar esas leis ou sequera obedecelas, porque o que é xusto, é útil, e a utilidade, fóra da xustiza, é enganosa, é mentida, é a que vos levou onde estades cos cálculos sempre errados de quen esquece os seus deberes. Vós sentides os vosos; é preciso razoalos, porque só así seredes fortes contra a mala tentación. Se por non a daren resistido están os homes en presidio, se o delito é neles fillo da debilidade, que ha ser en vosoutras, onde non ten nin aínda a aparencia enganosa de forza e enerxía? Moitas, as máis talvez, non fostes acaso arrastradas a el polas tristes circunstancias en que vos colocou unha debilidade? Mirastes de fite o mal que fixestes e dixésteosvos no corazón, voume lanzar a el?

Ou o mal non veu senón despois dos aloumiños dun sedutor que escoitastes en mala hora? O delito ou o crime a que vos arrastrou co seu exemplo ou co seu abandono o home que vos seduciu estaba ben lonxe do voso pensamento o día en que por debilidade cometestes a primeira falta. De saberdes como se encadean, de saberdes como enlean nunha especie de rede, de saberdes que o escudo da muller é a súa honra, porque dende o momento en que a perde todas as súas virtudes se atopan como sen amparo e sen defensa; de saberdes que a debilidade nunha muller, se non é un crime nin un delito, é como unha fenda por onde poden entrar os delitos e os crimes todos; de saberdes que o desprezo do mundo vos había de empurrar a ser desprezables, e que non tendo amparo no aprecio propio e desesperando de vós mesmas, non habiades de encontrar refuxio senón na embriaguez do mal e na desesperación; de saberdes isto todo, mulleres malpocadas, rexeitariades con horror o home pérfido, detrás de cuxos afagos estaban o roubo e o infanticidio!

Agora sabedes xa estas cousas todas. A desgraza e a culpa amosáronvos os seus tristes misterios. Hanse perder leccións mercadas a tan alto prezo? Vós deberades ter experiencia dos homes e das cousas, e en xeral non a tedes. Por que? Porque a experiencia non é o recordo das cousas que nos aconteceron, senón o coñecemento que delas se adquire reflexionando, comparándoas e xulgándoas. Procurade adquirir esa experiencia que tanto necesitades e eu hei procurar axudarvos. Fortalecedo o voso corazón coa fe; e o voso entendemento, co raciocinio. Escoltádeme e comprenderedes a ensinanza moral das leis e as leis do mundo moral; o vencello entre os dereitos e os deberes, que facéndoos xustas, hanvos parecer máis fáciles, porque nada facilita tanto unha cousa como a vontade de facela e ninguén inflúe máis decontino na vontade que a idea da xustiza. A xustiza, cando se forma dela unha idea clara como a que trato de darvos, aboia como un corpo lixeiro no océano cuxas ondas embravecidas o mergullan un instante. Na alma humana como no mar, a tempestade non é a regra senón a excepción: as paixóns pasan, a conciencia queda, e se logro ilustrar a vosa, non ha ser en van. Eu sei que moitas escoitades, que moitas comprendedes. Procurade aprender. Canto máis preto estades da verdade, máis lonxe estaredes da desgraza e do crime: a muller, aínda menos que o home, debe ser mala por cálculo.

CARTA V

GRANDEZA DE ARREPENTIMENTO

Meus irmáns:

Ao recordar as miñas cartas anteriores, sente o meu corazón unha secreta mágoa; hai nelas algunhas frases severas, que dirixíndose a desgraciados, poderían parecer dureza se non fosen necesidade. A moleza, ben o sabedes, adoita tomarse entre vós por debilidade, que excita desdén, e eu había ser obxecto do voso se coas miñas palabras vos dese a entender a crenza de que todos estabades dispostos a escoitalas e seguir os meus consellos e deixarvos penetrar das miñas razóns. A propensión que ten o home a desprezar a quen ensina é maior aínda no presidio que no mundo, e eu sería obxecto de burla para os perversos, se eles non o fosen antes dos meus severos xuízos. A perversidade, o seu prestixio ao menos, ata certo punto, desármase apenas se adiviña, e o malvado, dispostos a se mofar de quen o compadece, de quen o exhorta, de quen lle fai ben, sente unha cousa parecida ao respecto por quen o coñece. Esta é a razón das duras palabras con que pinteí as cousas horrendas; este, o motivo de baixar co pensamento aos abismos da iniquidade e dicir: «Sei o que neles pasa».

Nin por min nin para min teño necesidade de consideración nin respecto; por vós e para vós preciso que as miñas palabras teñan o prestixio que dá ás súas quen sabe o que di e a quen llo di. Se algunha vez vos parecen duras, non as teña en conta ningún que non as mereza; máis disposta estou a facervos graza que agravio e o meu corazón deféndevos máis veces que vos acusa. Escoltade a miña voz como a dun amigo, que é ás veces severa porque non pode enganar; e crede que se as bágoas da compaixón borrasen as pegadas da culpa, as vosas almas aparecerían puras e sen mancha como saíron da mente de Deus. Pero só o arrepentimento purifica, só el rexenera e ennobrece o que a culpa degradou. Oxalá que o voso vos levante e vos rehabilite! Oxalá que chegedes por el a unha

segunda inocencia! Oxalá que a compaixón que me inspirades se dea trocado algún día en admiración e respecto!

Respecto e admiración! Estrañeza ou risa hanvos causar se cadra estas palabras aplicadas aos que arrastran na prisión os seus ferros e a súa ignominia. Si, admiración e respecto, que non hai ningún home caído tan baixo que non se poida erguer, ningún tan humillado que non se poida ennobreecer, ningún tan culpable a quen, se de veras se arrepiñe e se emenda, non lle digan Deus e os homes: «Eu perdóote».

A inocencia é pura, o arrepentimento é sublime. A inocencia comprace, o arrepentimento admira. A inocencia é serena como a paz; o arrepentimento, grande como o triunfo. A inocencia dá unha luz suave, o arrepentimento encandeia co lume en que se purificou. A inocencia pasa como unha pomba que non aventurou o seu voo lonxe da terra; o arrepentimento estivo no máis alto e no máis baixo, sabe o que pasa nas nubes e nos abismos. A inocencia vive na ignorancia feliz das tempestades da culpa, o arrepentimento sabe todos os segredos do ben e do mal. A inocencia leva unha fronte pura que se ve con satisfacción; o arrepentimento ten a súa repleta de cicatrices que conmoven, porque se adiviña nelas primeiro unha mancha e despois unha ferida. Pasamos ás veces a carón da inocencia sen notala; o arrepentimento dille sempre á nosa atención: Detente! Porque esa a criatura que viviu na escuridade do erro, que se deixou arrebatado pola tromba das súas paixóns, que se embriagou co vicio ou co crime como cunha desas bebidas doces que fan perder o xuízo, que se degradou envorcándose no desprezo dos outros e no seu propio, que viviu no abismo da desesperación e que despois disto todo abre os ollos á luz, o corazón á esperanza, e érguese e volve caer, e estremécese e avergónase e purifícase e loita e ten horas de desazo e de fe e triunfa... , este home, quenquera que sexa, é grande, e dándolle o noso aprecio dámoslle pouco, porque é digno da nosa admiración. O home arrepenido provócanos interese e admiración porque pensamos as dores que debeu de sufrir onde estivo, a forza que debeu de necesitar para chegar a onde está. O home que se levanta non é menos grande que o que non caeu. Así, cando vos digo que aínda podedes inspirar admiración e respecto é como se dixese que aínda vos podedes arrepentir.

Moitos de vós, ao crervos incapaces de arrepentimento e emenda, padecedes un erro, calumniádesvos, e espero que algún día diga un día: «Eu son mellor do que pensaba».

CARTA XXIV

DELITOS CONTRA A HONESTIDADE: ARTIGOS 358, 359, 360, 364 E 362

Meus irmáns:

Ao abrir o *Código* pola epígrafe que di «Delitos contra a honestidade», sucede algo parecido ao que vos dicía noutra carta: as tristes ideas que esperta no ánimo non están en harmonía coa severidade das penas, que agás nun ou dos casos, non son graves. Por que así? Porque o pensamento vai dos artigos da lei ao delito que castiga, e contéplao como a orixe de tantos outros e como a causa de infinitas maldades e desventuras. A deshonestidade é un delito que, aínda prescindindo do castigo que Deus lle ha de impoñer e aínda supoñendo que burle o da lei, non queda nunca impune. O deshonesto arruína a súa fortuna para comprar os favores dunha muller desprezable, disposta a deixalo por outro que lle pague máis. Arruína as súas forzas cos excesos e a súa saúde, contraendo doenzas repugnantes e dolorosas, que se non o matan, anticipan a súa vellez e fan del máis un obxecto de desprezo que de compaixón. O deshonesto, excitado polo demo da lascivia, non ten tranquilidade nin acougo; vive nunha excitación febril; os seus sentidos, coma un aguillón empezoñado, afálanlle dun exceso a outro, e esgota as forzas antes de satisfacer o apetito. Os abusos deshonestos producen debilidade de corpo e alma, e o home gastado nos vicios da disipación non ten forza para nada, nin no brazo nin na cabeza. Fillo, aflixe os pais e acaso os deshonra; esposo, fai a desgraza da muller, e talvez a precipita polo mesmo camiño que el segue; pai, dá vida a seres débiles ou enfermos que o han maldicir un día, que non o han amparar na vellez nin o han consolar nas súas angueiras, pois déixalles por herdanza pobreza, debilidade, mal exemplo.

Como o home deshonesto non vive máis que polos sentidos, que se gastan axiña, se non sucumbe aos excesos, estes conduciran a unha vellez desprezable e infeliz, porque non sabe o que facer dunha existencia que perdeu o único atractivo que para el tiña. Pero é raro que o home deshonesto conte moitos anos, e vós habedes recordar que entre os vosos compañeiros e os vosos amigos, tanto no cárcere como fóra del, poucos dos que se entregan desenfreados a este vicio chegan a vellos, e que del son vítimas moitos, talvez a maior parte dos que saen da prisión para o cemiterio.

Ningún vicio vai só e a deshonestidade leva extensa compañía, porque ao debilitar o corpo e o amor polo traballo, ao conducir á casa das malas mulleres onde sempre hai homes malos, conduce ao xogo, á embriaguez, ás liortas e a concertarse para buscar recursos no roubo, e aos golpes e ás feridas, e ao presidio ou ao patíbulo. Cantos homes non se perderon polo trato con mulleres malas! Cantos non deben aos seus consellos e ás súas instigacións o cativerio en que xemen e os ferros que arrastran!

E se a deshonestidade lles fai tanto mal aos homes, moito maior é o que lles causa ás mulleres, en que é tamén máis repugnante! Os máis dos seus crimes, as máis das súas desgrazas irreparables veñen da deshonestidade, porta fatal por onde entran tantos infortunios.

Só a ignorancia e a cegueira máis lamentable poden conducir unha muller ao esquecemento do pudor. Se a moza que se abandona vise o cadro do que infaliblemente lle ha de acontecer, non sería posible que aceptase a vida da muller deshonestista, peor mil veces que a morte. Calquera favor se agradece; pero os que fai unha muller carente de pudor, en vez de inspirar gratitude, son motivo de desprezo. O sedutor búrlase da muller seducida, abandónaa, desdénnaa, escarnécea; o esquecemento dos servizos que lle prestou, dos sacrificios que por el fixo, non é cousa vituperable. Aínda que, famento, lle dese de comer; espido, o vestise; enfermo, o coidase; perseguido, lle proporcionase asilo..., a nada está obrigado con ela, *porque é a súa querida*. Os favores que o obrigarían cun inimigo non lle impoñen deber ningún coa que o ama; o día que lle peta abandónaa, ninguén lle pregunta por que, e se algún llo pregunta, responde: «Porque me cansei dela». O mundo dá por boa a resposta e dille ao home: «É natural»; e á muller: «Estívoche ben». Parece que hai dúas leis de moral; unha equitativa e xusta, que teñen os homes entre si; outra inicua para as mulleres que os aman e son débiles con

eles. Os homes poden ser inxustos, infames e crueis sen seren acusados de infamia nin de crueldade; poden ser criminais sen que ninguén lles pida contas do seu crime. Que un home engane unha muller, que ten iso de malo? Quen lle mandou confiar nel? Que a deshonne, que hai que reprocharlle? É ela a que debe mirar pola súa honra. Que a abandone, que ten de estraño? Xa se sabe que os homes son inconstantes. Que a desespere e ela se lance pola fiestra, ao mar ou á prostitución, e que? Que culpa ten se se namoran del mulleres necias que seguen amando cando xa non son amadas? Se lle roubase un peso a unha familia, sería un home desprezable; pero se lle rouba a unha muller a honra, se lle rouba a unha moza a felicidade de toda a vida, se a sepulta na dor ou no oprobio, é un home honrado, porque as cuestións das mulleres son cuestións á parte que se rexen por outras leis e outros principios que os da eterna xustiza.

A muller que é débil cun home, será por el desgraciada, e a súa dor, en vez de suscitar compaixón, moverá a risa. Se alza a voz para demandar xustiza, todos se volverán contra ela, todos, mesmo os fillos do amor por que sacrificou a súa virtude. Esta é a lei, mulleres infortunadas; lei dura e terrible, pero a que non vos podeades subtraer; lei que vos di: «Sé honesta se non queres ser infeliz». Con razón se lle chama á prostituta *muller perdida*. Perdida está, abofé, a coitada, e cando abandona o sedutor ou cando fuxindo da súa insufrible tiranía esqueceu todo miramento e se abandona por completo, ese día perdeuse mesmo tanto para a felicidade como para a virtude. As mulleres deshonestas son desgraciadas, profundamente desgraciadas, porque é condición da muller necesitar cariño para ser feliz, e a que é liviá só inspira repulsión e desprezo.

Nunca se conmove tan tristemente o meu corazón como ao entrar nun hospital de mulleres onde se curan as doenzas consecuencia da prostitución. Alí as enfermas non adoitan queixarse. Saben que a ninguén inspiran compaixón e procuran aliviar a dor física igual que a dor moral con chufas obscenas, con blasfemias e gargalladas que, como as dun tolo, fan chorar. Quérense embriagar co vicio, non lles queda outro recurso; queren cuspir parte do desprezo que inspiran sobre as cousas santas; queren negar o que a elas lles está vedado; quérense rir do mundo para se vingaren da dor que lles causa. Coitadas mulleres! Son e séntense desgraciadas e confésano cando se achega ao seu carón algunha desas almas que teñen bágoas de dó abondo para abafar o lume sinistro que brilla na pupila da prostituta. Quen pode mirar, sen sentir unha profunda conmisericordia,

para ese ser tan infeliz e tan degradado, que leva o seu extravío ata o extremo de gabarse do que a debera avergoñar? Quen non se aflixe ao ver esa muller que foi inocente e foi pura, que puido ser respectada, querida, mais que hoxe para gañar o pan arrebola o corpo pola esterqueira do vicio que a envelena, véndelle por uns reais a un home repugnante o dereito de transmitirlle unha enfermidade noxenta e pasa seguido dos brazos da luxuria á cama do hospital, onde a ninguén inspira compaixón, onde a todos causa desprezo e noxo, onde a curan para que volva servir como un animal que enfermou e unha vez curado pode ser útil? Digo mal: esta comparación non dá idea certa do que inspira no hospital a muller deshonestas, cando as súas mesmas compañeiras se burlan das súas dores e cando o practicante, ao cortar ou queimarlle as carnes, lle dirixe, a modo de consolo, algunha chanza obscena. Se non morre nova, que hai máis digno de compaixón que a súa vellez anticipada e unha morte que ninguén vai chorar?

A muller criminal é sen dúbida máis odiosa, pero non hai nada tan desprezable como a muller deshonestas; non hai home tan vil que non se xulgue superior a ela e a desdeñe. Como a primeira necesidade do seu ser moral é inspirar amor e sentilo, como por máis que faga a muller non pode ser feliz senón querendo e sendo querida, a muller deshonestas é profundamente desgraciada; cando di outra cousa, mente, e mentira é o seu gozo cando parece alegre, o seu contento cando canta e a súa satisfacción cando ri. Se se puidese ver o corazón das mulleres impúdicas que por un tempo parecen felices, veríase a súa desgraza como unha lastra incurable cuberta con pano luxoso: e digo por un tempo, pois se a felicidade fose posible, non lle duraría máis que a súa beleza, que ben pouco dura.

Quen me dera, miñas irmás, que vos convencédesdes desta verdade, para min evidente: a muller, sexa cal sexa a súa clase e circunstancias, non pode ser feliz se deixa de ser honesta, e mesmo prescindindo do castigo que lle poidan impoñer a lei de Deus e as leis dos homes, debe conservar a súa honestidade por cálculo, por egoísmo, como unha cousa necesaria ao benestar de toda a súa vida. Ó, mulleres! Conservade o pudor como o voso máis prezado tesouro, agarrádevos á vosa honestidade como á única táboa que vos pode salvar en todas as tempestades da vida. Con ela, por máis azarosa que sexa a vosa existencia, habedes chegar a porto seguro; sen ela, naufragades sen remedio. E vós, infelices, que caestes, apurade a erguervos, apurade a saír dese abismo inmundo; sempre estades a

tempo de volver ao bo camiño, nunca é imposible a virtude, nin hai mancha tan negra que non se poida lavar coas bágoas do arrepentimento. Talvez vos asusta a vosa debilidade comparada cos obstáculos que tedes que vencer e dicides atribuladas: «E como facemos?». Erguédevos polo corazón, xa que polo corazón caestes; curádevos amando as feridas que amando recibistes; salvádevos polo amor de Deus do amor dos homes que vos perdeu. Mirade a Madalena: o amor mundano fíxoa pecadora, amou a Xesucristo e foi a santa que hoxe adoramos nos altares.

Díxenvos que a deshonestidade é unha porta por onde poden entrar todas as maldades no corazón da muller, e moitas de vós, referindo a súa historia, han confirmar esta triste verdade. Cantas non estades no cárcere por escoitar as enganosas palabras dun home que obtivo os vosos favores sen ser o voso esposo? Moitas, acaso as máis. Aquela falta conduciuvos a outras, a delitos se cadra, pois a muller que se ve desprezada, en perigo está de ser desprezable, e vai polo mundo como barco sen temón que o vento guinda sobre todos os escollos. Coitadas! Se fostes vítimas unha vez, non o sexades dúas. Tede sentidiño e sede honestas ao saídes do cárcere, para non volver a el, para que o mundo non vos volva arreboliar a pedra do seu desprezo, para que o Salvador vos poida dicir como á muller adúltera:

VAITE E NON PEQUES MÁIS

Vexamos agora as penas que impón o Código aos delitos contra a honestidade:

Art. 358. O adulterio será castigado con pena de prisión menor.

Cometen adulterio a muller casada que xace con varón que non sexa o seu marido e o que xace con ela, sabendo que é casada, aínda que despois se declare nulo o matrimonio.

Art. 359. Non se impondrá pena por delito de adulterio, senón en virtude de querela do marido agraviado.

Este non a poderá deducir senón contra ambos os culpables, se un e outro vivisen, e nunca se consentiu o adulterio ou perdoou a calquera deles.

Art. 360. O marido poderá en calquera tempo remitir a pena imposta á súa consorte e volveuse reunir con ela.

Neste caso terase tamén por remitida a pena ao adúltero.

Art. 361. A executoria en causa de divorcio por adulterio ha ter os seus efectos plenamente no penal cando sexa absolutoria.

Se fose condenatoria, será necesario novo xuízo, para a imposición das penas.

Art. 362. O marido que teña amasia dentro da casa conxugal ou fóra dela con escándalo será castigado coa pena de prisión correccional.

A amasia será castigada coa pena de desterro.

O disposto nos artigos 359 e 360 é aplicable ao caso presente.

Como vedes, é grande a diferenza que establece a lei para o castigo do marido que falta á súa muller e o da muller que lle falta ao marido. Esta diferenza depende en parte da natureza das cousas e en parte da opinión.

Da natureza das cousas, porque mesmo que se pretenda igualar os dous sexos, o pudor é unha cousa máis natural na muller, porque é unha cousa máis necesaria; porque se a muller, en lugar de recatarse, pretendese como o home, sería tal o desenfreo e a corrupción de costumes, que a especie se degradaría, acaso chegaría a extinguirse; porque a muller pode darlle ao home como fillos del o froito do adulterio, cousa que o home non pode facer. Porque a muller é a que mantén ou corrompe os costumes no lar doméstico; se ela é viciosa, difícil é que os seus fillos non o sexan: o mal exemplo do pai nunca é tan pernicioso. O pai pode comunicar o ben e o mal que fai; a nai inocúlao, e é va declaración querer igualar cousas que a natureza fixo diferentes.

Como vos dixen, parte da diferenza que establece a lei está na natureza das cousas, e parte, na opinión. O home pode aflixir a esposa cando lle falta, pero non a pode deshorrar; a muller, faltando ao marido, deshónrao, é a depositaria do honor dos dous e, por tanto, do da familia; de modo que o marido ofendido e enganado, en vez de ser obxecto de compaixón, éo de desprezo. Por máis que isto sexa absurdo, é así, e a lei non se pode sobrepoñer por enteiro á opinión, que é a máis imperiosa de todas as leis humanas. O máis que puido a lei facer, e fíxoo, é suavizar a dureza das penas contra o adulterio, que en moitas lexislacións antigas era castigado coa morte.

Ao adúltero parécelle talvez que o que el toma como un pasatempo, ao facer propia a muller allea, non é cousa que merece castigarse con catro ou seis anos de prisión; pero que se poña no lugar do esposo ofendido, que imaxine a súa

muller en brazos doutro e pareceralle que é ben suave a pena que a lei impón ao que lle rouba a un tempo o amor da súa compañeira, a confianza que tiña na nai dos seus fillos, a seguridade de que son seus os que estreita contra o seu corazón e alimenta coa suor da súa fronte, a paz da súa casa e o honor do seu nome, que corre escarnecido de boca en boca.

Se aos que estades no cárcere por adúlteros vos parece excesivo o castigo que sufrides, escoitade os vosos compañeiros casados cando chegan a saber que a esposa lles é infiel; oídeos bruar como leóns e prorromper en imprecacións horrendas, bater nos muros, axitar os ferros, e xurar polo inferno que a primeira cousa que han facer ao recobrar a liberdade é matar o que os ofendeu. E cando os vexades así, dicídelles que é moi dura a pena imposta polo Código á ofensa que queren vingar. Ignoro o que vos van responder; pero de certo será algo que vos faga calar, como quen non ten razón. E reparade en que a esposa infiel do presidiario ten, ao cometer o seu delito, causas atenuantes que vosoutros non podeades alegar. O seu marido deulle o exemplo do mal; deixouna no abandono, e o que é peor, lanzou sobre ela a mancha de pertencer a un home que está na prisión e na miseria e na ignominia: corre moito perigo a virtude dunha muller. Tédeo presente, esposos ofendidos, e o día que saíades, pensade, que se a vosa esposa caeu no precipicio, puxéstela vós na beira, e non adoptedes a regra de moral, tan cómoda como perversa, de que o home, aínda que falte a todo, ten dereito a que non se lle falte en nada.

En canto ás mulleres, de que serve falarlles das penas que lles impón o Código por delitos de deshonestidade, cando o mundo e o seu propio corazón se impoñen unhas moito máis severas? Para que a muller deshonesto sexa infeliz, non precisa que a lei a castigue. O desprezo dos seus amigos, dos seus parentes, do seu esposo, dos seus fillos, do seu mesmo sedutor, do mundo enteiro, encárganse de non deixar impune un delito que, perseguido ou non pola xustiza, envelena a existencia da muller que o comete.

Ó, mulleres! Non lle faltedes ao voso marido aínda que el vos falte; sédelle fieis, se non por el, por vós. Non é como o Salvador o mundo, pois este coas súas mans impuras ha arrebolarse sobre vós a pedra do seu desprezo inexorable. Non é como o Salvador o mundo, pois non admite para o voso delito ningunha circunstancia atenuante. Non é como o Salvador o mundo, pois por débiles oprímevos, esixíndovos prodixios de fortaleza. Sede fieis sempre para non serdes

escarnecidas nunca, para honrardes os vosos pais, para serdes honradas polos vosos fillos, para que o seu cariño vos console, para que vos respecte o mundo e o mesmo esposo extraviado, a quen a vosa virtude pode atraer, a quen o voso corazón pode perdoar. Que o corazón da muller boa non é rancoroso e todo o esquece con facilidade, menos a necesidade que ten de amar e de ser amada. Ó, mulleres! Sede honestas; se non, crédeme, estades perdidas.

CARTA XXII

IMPRUDENCIA TEMERARIA

Meus irmáns:

O mal faise con tanta facilidade que é necesario ter coidado para non facelo, e esta necesidade constitúe en todos un deber e un dereito. Un deber, porque estamos obrigados a considerar se das nosas accións pode resultar prexuízo a outro; un dereito, porque os outros teñen a obriga de non facer nada que nos prexudique. Hai culpa da nosa parte non só cando facemos mal con intención, senón cando este resulta da nosa falta de prudencia, porque recibimos a razón para empregala e non para obrar como dementes que carecen dela. Se houbo unha historia exacta de todas as desgrazas que se producen por non meditar as accións nin prever as súas consecuencias, asombrariádesvos ao ver que sen vontade de facer mal se poida facer tanto a outro, e comprenderíades por que a prudencia é un deber.

Todos temos dereito a non ser sacrificados pola torpeza dun insensato. O que obra cedendo a un impulso calquera, sen ter para nada en conta o mal que da súa acción pode resultar para si ou para os outros; o que non reflexiona o resultado probable ou posible do que vai facer; o que renunciando á súa razón asume unha especie de demencia voluntaria é un tolo responsable e culpado. «TEN SENTIDIÑO» é precepto que as nais deberan inculcar coidadosamente no corazón dos fillos, e cantas penas e cantos males lle evitarían á sociedade se non o esquecesen! Que desastres no mar, nos depósitos de pólvora, nos camiños, nas fábricas, na caza, producidos polas armas de fogo e polos incendios, e polos que corren a caballo ou en carruaxe, e polos que de mil maneiras expoñen a súa vida e a allea por insensatez culpable! Cantas veces ao escoitar o relato dunha gran desgraza e preguntar pola súa causa non se nos responde «Unha imprudencia»,

«Un descoido», «Unha temeridade»? Xa que logo, a lei feita para seres racionais con razón impón a prudencia como un deber, e con xustiza castiga a *imprudencia temeraria*.

Pero non só nos males causados involuntariamente, senón nos crimes e mesmo nos crimes premeditados ten unha gran parte a *imprudencia temeraria*. Cantas veces ao oír as circunstancias en que se cometeu un crime nos asombromos da insensatez do criminal, da súa falta de precaución, da súa cegueira, e exclamamos: «Ese home estaba tolo! Como puido imaxinar que non o ían descubrir?».

En efecto, apenas hai crime en que non entre por máis ou menos a temeridade imprudente, a cal, unida aos malos instintos, conduce a el, e isto sucede ata nos premeditados. A premeditación é indicio de maldade, non prudencia, e isto é tan certo, que se dan criminais que preparan o seu crime durante meses e mesmo anos, durante os cales non repararon na insensatez que había na súa maldade nin en cantas precaucións sinxelas e necesarias esquecían nin na de probas que ían xuntando contra eles. Poderíavos citar centenaes de exemplos. Escoitade un notable porque se trata dun criminal ilustrado.

O conde de Bocarmé, por herdar dun cuñado seu, decide envelenalo. Por desgraza, non digo xa para un home da súa posición, senón doutra menos elevada, non é difícil adquirir algunha substancia velenosa facendo un pequeno sacrificio. Pero el, en vez de mercar o veneno, pensou en fabricalo. Buscou libros para aprender o necesario, instrumentos e aparellos para practicar o que lía, trabou correspondencia con varias persoas, a quen fixo encargas, pediu información e datos e consultou dúbidas. Despois, una vez deu extraído o activo veneno que precisaba, quíxose asegurar da súa eficacia e ensaiouno en cans e outros animais, que aparecían mortos na súa casa ou no seu xardín, e todo isto durante anos. Cando se lle formou causa, foi grande o número de persoas que declararon estas cousas e non parece senón que se propuxera comunicar a súa maldade a unha chea de testemuñas irrecusables que declarasen contra el.

Certo xa da eficacia da pezoña, convidou a xantar o cuñado, e non lle botou o veneno na comida, senón que tombándoo e abusando da súa debilidade, pois estaba case eivado, introduciulle na boca algunhas pingas do líquido, que o mataron en poucos minutos. O crime foi descuberto e probado con facilidade, porque, como vos dixeran, o criminal parece que se propuxera acumular probas

que o condenasen. Cortóuselle a cabeza na praza de Bruxelas, de onde era natural.

Entre moitos exemplos que vos podería referir, velaquí un de premeditación e de imprudencia. Unha persoa ilustrada, que durante anos pensa astutamente en cometer un crime e escolle para levalo a cabo medios que o habían de perder á forza. Que se pode concluír de aquí? Que a imprudencia temeraria, filla da torpeza, a cal non vai unida a intención perversa, pódese evitar e evítase coa reflexión; pero a imprudencia temeraria do crime non se pode evitar senón renunciando a el. Non abundan días e meses e anos de reflexións; ata o criminal máis intelixente obra como un necio; o máis experimentado, como se carecese de experiencia; o máis astuto descoida precaucións que había ter un neno. O que non vexa a providencia de Deus na imprudencia temeraria dos criminais tena que explicar dalgún xeito, pois que negala é imposible. Ten que ver como condición do crime a cegueira dos que se preparan a cometelo, e que resolverse a ser criminal é tanto como estar determinado a ser insensato, a expoñer a vida sen precaucións, a faltar a todas as regras da prudencia, a non ver claro nin o que o prexudica nin o que lle convén; é preciso resolverse, en fin, a marchar por un camiño repleto de precipicios e por onde ninguén vai senón cos ollos pechados. Estraña resolución que, por máis malo que sexa un home, non pode tomar aquel que comprende o seu beneficio.

Xa que logo, non creades que é unha casualidade que tal ou cal crime se descubra, nin se prometa o que nunha ocasión foi descuberto mellor fortuna para outra vez calculando mellor. É unha lei eterna que o crime cega, calcula mal, e compréndese que sexa así porque é unha lei necesaria. Que sería da sociedade se os que se propoñen prexudicala tomasen tamén as súas medidas para non seren descubertos? Abondaría unha ducia de facinorosos para sacrificar unha gran poboación, roubando, ferindo ou matando os seus habitantes, sen que a xustiza puidese castigar os criminais, e as cidades, as aldeas e as nacións tremarían aterrorizadas baixo o flaxelo do crime intelixente e precavido que tomaba ben as súas medidas para non ser descuberto. Dádelle ao criminal prudencia, circunspección, tino, coñecemento exacto das cousas e as persoas, e o crime non se poderá descubrir e a lei será impotente e a sociedade imposible. Pódese establecer como evidente esta verdade: *A sociedade existe, logo os criminais son torpes insensatos.*

Eu non vos podó referir a historia dos crimes, do seu descubrimento e do seu castigo. Desgraciadamente, porén, no cárcere non falta quen relate estas historias, e moitos contan a súa como alarde de maldade ou como distracción do fastío. Xa que por desventura oídes eses relatos, fixédevos ben en todos eles como se descubriu o crime e no criminal veredes sempre torpeza, imprudencia, cegueira. Eu prégovos que observedes ben esta circunstancia, que matinedes nela, e xa que polo mal voso podeades recibir tales leccións, aproveitádeas ao menos. Non son eu quen volas dá, son as cousas, os feitos constantes, a realidade evidente. Non son eu quen para vos convencer vos refire as historias que conveñen ao meu propósito; xa que escoitades as dos vosos compañeiros, aprendede o que vos ensinan todas, e concluiredes, como consecuencia forzosa, que o crime se descobre por falta de precaución no criminal. E cando vexades como un feito constante a súa imprudencia, entenderedes que é inevitable, necesaria, fatal.

É así, meus irmáns, por unha lei santa de Deus que quere dicir: «Os ollos que se abren para o mal verán pouco». Quen me dera conseguir gravaros no corazón esta verdade! Quen me dera convencervos de que a imprudencia temeraria da torpeza de que fala a lei se pode evitar, pero que é inevitable a imprudencia temeraria do crime! Quen me dera persuadirvos de que o crime embriaga como os licores, e o que o vai cometer e cre que pode tomar precaucións é como se dixese: «Vou beber ata embriagarme e daquela vou ser prudente!». Quen me dera que désedes lido no libro da experiencia, que di en todas as súas páxinas: «CRIMINAL, PRECÁVESTE EN BALDE; DEUS SEPAROU O CRIME DA PRUDENCIA! ESCOLLE! CÓMPRE OU SER BO OU SER INSENSATO!». No nome do voso interese, no nome dos anos que aínda podeades vivir libres e venturosos, oíde a voz da razón e da experiencia. Non creades que é posible facer mal e discorrer ben, nin ser precavido sendo delincuente, nin manterse en pé onde todos caen, nin ser excepción dunha regra que non as ten, nin opoñerse a unha lei eterna, levando ao crime, que é suxestión do demo, a sabedoría, que é atributo de Deus.

CARTA XXXV

AOS INOCENTES

Meus irmáns:

Cando escribía estremecida copiando os artigos do Código, *ferros, cadea perpetua, morte*, tremíame menos a man, padecíame menos o corazón que ao trazar as palabras que encabezan esta carta, é dicir, dirixíndome a unha prisión: *Aos inocentes*. Permita Deus que escriba en van, que ninguén estea suxeito a tan horrible proba e que as bágoas que verto ao pensar que algún a pode sufrir caian sobre os meus pecados e non sobre as vosas dores.

Mais se hai un só que padece sen culpa, se o puidese haber mañá, se o puidese haber algún día, que reciba o amor, a compaixón, as bágoas dos xustos da terra e que espere a recompensa do Ceo.

Abonda, porén, ser castigado de modo inxusto neste mundo para merecer premio no outro? Non, meus irmáns. A desgraza non é un mérito, senón unha proba; o mérito consiste no modo de sufrila.

Cómpre que vos fixedes ben en que o destino do home non está, non pode estar, neste mundo. Todos sabemos esta verdade, pero dicímoslla á nosa alma como esas oracións que se aprenden de cor e ás veces se recitan maquinalmente cos labios sen que se eleven a Deus co corazón. Cal é a maior proba de que hai outro mundo? As inxustizas deste, porque sendo Deus o infinito poder, ten que ser a xustiza absoluta, e o mundo en que hai un inocente que sofre, un só, non pode ser máis que unha proba, un camiño para outro mundo mellor.

Reparemos primeiro no poder de Deus. Eu quixera que neste momento fósedes todos sabios, non porque a sabedoría sexa necesaria para a felicidade nin para a virtude, senón porque é a que comprende mellor a omnipotencia Divina. O home, con toda a súa ciencia, con todo o seu orgullo, non só non pode crear

nin unha folla dun árbore nin un verme nin un gran de area, senón que mesmo despois de consumir a vida na meditación e no estudo, non dá comprendido como viven os vermes que se arrastran pola terra nin como existen as areas do mar. A criatura non comprende a causa de nada e os sabios, despois dunha vida empregada no estudo e na meditación, acaban por confesar a súa ignorancia e a pequenez do home e a grandeza de Deus.

As obras de que máis presume o enxeño humano serven máis ben para confundilo, porque poñen de manifesto os seus estreitos límites e o incomprendible infinito da intelixencia suprema. Mirade, por exemplo, o telégrafo. Moitos tedes visto eses fíos de arame que, fixos nun pau de treito en treito, serven para se comunicaren os homes pensamentos ao instante, mesmo estando a milleiros de leguas. Que prodixio! Estou a falar cos que viven en América ou nos confíns de Asia! E no mesmo instante en que escribo a palabra, lena e chégalles a través das montañas, dos ríos e dos mares. A ciencia, de indución en indución, de experimento en experimento e ás veces de casualidade en casualidade, foi combinando efectos e aproveitándoos ata dar ao telégrafo a perfección que hoxe ten. Pero... e as causas? Non as dá a ciencia. Esta sabe *como* se producen algunhas cousas, pero non sabe o *porqué* de nada. Non se explica, non se comprende, non se concibe que poida haber un axente, unha cousa que non necesite tempo para andar centenas de leguas atravesando abismos, rocas e mares, e o home, que ante un feito tan extraordinario, nada comprende da causa, motivo ten para agachar a testa humillado, máis que para levantala orgulloso. Así, mesmo naquelas cousas en que o xenio do home parece rozar o máis alto ao contemplalas superficialmente, se se afonda revelan a súa miseria, porque ben pode dicir que o ignora todo quen non sabe a primeira causa de nada. A ciencia humana comparada con Deus pódese considerar como un buraquíño na escuridade aberto sobre o infinito. Va pantasma, brillante mentira a sabedoría do home; a súa intelixencia marcha por entre misterios, como o seu corazón camiña sobre dores.

Non vos parece grande este mundo coas súas montañas que tocan o ceo, cos seus abismos onde ferveren os volcáns, coa súa multitude infinita de seres viventes que poboan a terra e o aire e o mar inmenso? Non vos parece terriblemente grande a voz do trono, o sopro do furacán e a tempestade e o lóstrego? Pois este mundo que habitamos, onde hai tantas cousas inmensas, onde non existe unha soa que poidamos explicar de forma satisfactoria, este mundo é na creación

como un gran de area nunha inmensa praia. Alén do sol e das estrelas, hai outras estrelas e outros soles que os nosos ollos non dan enxergado, hai outros mundos infinitos en número, e a distancias infinitas, cuxo estudo encandea a intelixencia e deixa o entendemento apampado. Crédeo, meus irmáns, é imposible contemplar a creación sen dicir: DEUS É GRANDE. DEUS É OMNIPOTENTE.

Agora ímonos fixar na consecuencia máis importante do poder infinito de Deus, que é a seguinte lei: O QUE É OMNIPOTENTE NON PODE SER INXUSTO. Reflexionemos un momento e convencerémonos desta verdade.

Por que son os homes inxustos? Por que fan mal? Por debilidade, por impotencia. A muller infanticida había matar o fillo se estivese na súa man ocultalo, casar co pai del ou mudar a opinión de xeito que puidese ser débil sen quedar deshonrada?

O ladrón había roubar se con desexalo vise encher o seu peto do ouro que busca no alleo?

O falsario había cometer falsidade se puidese dispoñer da vontade do home cuxa sinatura falsifica?

A falsa testemuña había dar falso testemuño se puidese sen máis que o seu desexo alcanzar o que se propoñía por medio da súa maldade?

O que mata por un prezo había matar se con só querelo tivese un tesouro inesgotable?

O que mata por celos había matar se puidese facerse amar da que prefire o rival aborrecido?

Se fósemos percorrendo así todos os extravíos, todas as maldades, todas as inxustizas humanas, habíamos ver que son sempre resultado de impotencia e debilidade, porque a menos que se estea tolo, o mal faise cun propósito e non se faría se se puidese evitar. Isto é tan certo que cando non se prexudica ningún interese nin se causa dor ningunha nin hai que vencer ningún obstáculo, todo o mundo ponse da parte da xustiza. Os que estiveses algunha vez no teatro poderedes recordar que nas comedias o público se pon sempre da parte do que ten razón. Por que? Porque non lle custa nada.

Sendo, pois, a inxustiza, resultado da impotencia, o Omnipotente é necesariamente xusto e é por completo imposible que non o sexa. A iniquidade triunfante e a inocencia humillada son unha desorde aparente e momentánea que conduce á harmonía eterna. Por que é así? O home ignora o *porqué* de todas as

cousas, todos son misterios para a súa intelixencia e para o seu corazón. O único que oe distintamente é a voz da súa conciencia que o acusa cando fai mal; o único que ve claro é a imposibilidade de que non sexa xusto o que lle deu o sentimento da xustiza e a pode facer realidade só coa súa vontade. Por que está o inocente nunha prisión? Que sentido ten preguntar o *porqué* de todas as cousas cando non podemos responder ben o *porqué* de nada? Os inocentes que padecen na prisión son os únicos inocentes que padecen?

O neno que nace enfermo, vive enfermo e morre sen que sentise máis que dores, non é inocente e sofre?

O mozo virtuoso que é arrincado dos brazos da nai para levalo á guerra e padece angueiras, fatigas e miserias, e perde un brazo ou queda cego, ou atravésao unha bala e mátao, non é inocente e sofre?

A muller honrada que casa cun home perverso que a engana, a maltrata, a escarnece, a fai mártir, non é inocente e sofre?

O home moderado no gasto e laborioso que deposita os seus aforros nas mans dun comerciante ao que se ten por honrado e ao pouco tempo vén unha creba fraudulenta a privalo do froito do seu traballo, non é inocente e sofre?

O veciño pacífico que ve asaltada a súa casa por malféitores que o desvalixan e quizais o asasinan, non é inocente e sofre?

A persoa que non lle fixo mal a ninguén e se ve anos e anos amarrada a unha cama padecendo dores acerbadas, non é inocente e sofre?

O que naceu de pais viles e deshonorados e por máis que obre ben non dá borrado por enteiro a infamia do seu nacemento, non é inocente e sofre?

O que sente un amor puro, infinito, e se ve enganado e subordinado a un ser desprezable, e sente a tortura dos celos e as arroutadas da desesperación, non é inocente e sofre?

O que ten a paixón do ben, que non pensa senón en facelo, e encontra por todas as partes obstáculos á súa execución e atopa xordos para os seus consellos, ingratos para os seus favores, calumniadores para as súas boas obras, e abatido polo número de perversos sucumbe na indiferenza, no esquecemento, no abandono, sen dar realizado sobre a terra ningunha das súas celestiais inspiracións, non é inocente e sofre?

A nai virtuosa que ten un fillo malvado —que malia as súas amoestacións, o seu exemplo e as súas bágoas, conculca o deber e descoñece o dereito— e ve

como se lanza ao vicio, ao delito, ao crime e a morrer no cadafalso, non é inocente e sofre?

Moitas persoas boas e virtuosas que de tantos modos son desgraciadas non son inocentes e sofren?

Que podemos concluír de aquí? Que este mundo non é o destino final do home, que non pode ser senón un camiño para outro mellor. Se este mundo non fose unha proba, sería unha iniquidade, e como a omnipotencia e a inxustiza son imposibles, Deus, que é omnipotente, é xusto. O home non veu á terra para ver o triunfo da iniquidade, senón a facerse merecedor dunha recompensa que ha recibir algún día.

Pero resulta que a mesma persoa resignada coa vontade de Deus, cando El lle envía como proba a perda da saúde, do capital ou da vida dos que ama, non ten resignación nin paciencia para sufrir esta mesma proba en forma de inxustiza. Somos ben insensatos, meus irmáns, en dar ao home nin para o ben nin para o mal máis importancia da que ten. Deus consente que a súa maldade nos aflixa para probarnos; mirémola como a doenza que nos estraga a saúde ou o asolagamento que nos destrúe o capital. O volcán, a tempestade e o lóstrego forman parte da harmonía do mundo físico; a inxustiza pasaxeira forma parte da harmonía do mundo moral. Por que? Non o sabemos, pero todo o que existe, polo feito de existir, é necesario e é xusto, forma parte dun todo que os nosos limitados ollos non logran ver e dunha harmonía incomprendible á nosa intelixencia. Credes que o Supremo Facedor, que vos deu o sentimento da xustiza, non a ha comprender e amar, cando a comprenden e a aman ata os homes inxustos? Credes que o que refrea o océano e encadea a tempestade, Aquel cuxa man lles trazou o camiño aos astros e a quen obedecen o sol e a lúa, o lóstrego e as nubes e o volcán no abismo non había poder deter a palabra nos labios da falsa testemuña ou a man do xuíz que asina unha sentenza inxusta? Insensatos serían os que tal cresen.

Vexamos na sentenza inxusta que nos condena o mesmo que na doenza que nos aflix, unha proba que Deus nos manda, un medio que nos proporciona para que, someténdonos á súa vontade, contraíamos un gran mérito, facéndonos acredores dunha alta recompensa. O triunfo da inxustiza, mesmo momentáneo, é un terrible misterio; fagamos cos misterios do mundo moral o que facemos cos do mundo físico. O home renuncia a comprender como hai un axente que per-

corre centenaes de leguas nun espazo de tempo imperceptible e atravesa os ríos, as montañas, os mares. Pero aprovéitase daquilo que non se explica e establece o telégrafo. Fagamos outro tanto cos impenetrables arcanos do mundo moral; aproveitémonos da inxustiza pasaxeira que non comprendemos, recibámola como proba a que sometemos a nosa vontade, purifiquemos no sufrimento as manchas da nosa alma, perdoemos para ser perdoados, e sufrindo pacientes a inxustiza dos homes, poñamos a nosa esperanza confiados na xustiza de Deus.

Adoitamos caer no erro de pensar que a proba que debemos sufrir neste mundo é sempre unha desgraza, como se a prosperidade non fose tamén unha proba e a máis difícil de todas. A riqueza extravía o home polos mil camiños do pracer; o poder embriágo; a gloria cégao; e o que ten moito poder corre perigo de ser inxusto e de facer mal. A prosperidade é un vaso rodeado de flores con néctar no bordo e fel no fondo. Poucos saen puros dela nin son por ela purificados. Sométese a ruda proba quen á proba da prosperidade é sometido e terribles combates debe soste o seu corazón para non sucumbir ou depravarse. Contemplamos as cousas cos ollos ofuscados da dor pasaxeira. Medimos por este momento que se chama vida o infinito e a eternidade. Os nosos xuízos son sensacións. Pero crédeo, meus irmáns, ha de vir un día en que ao prisioneiro inocente lle han de parecer os ferros menos pesados que a pluma ao xuíz que o sentenciou, que o cetro ao rei que non foi pai e que a espada ao vencedor inxusto. Esperade ese día, enxugade o voso pranto, e se chorades, que sexa polos que vos fixeron verter bágoas amargas. Ai dos que non fixeron bo uso do poder que se lles deu como proba! Utilizade a vosa mellor do que utilizaron eles a súa.

Hai no mundo, porén, iniquidade dabondo para a aumentarmos nós coa lixeireza dos nosos xuízos, e vós, encarcerados inocentes, talvez acusades os homes de males que están nas cousas. Pode haber un xuíz inxusto, hai testemuñas falsas, pero tamén hai falsas aparencias que enganar os mellor intencionados, que extravían os máis destros, e máis dunha vez se viu cometeren unha inxustiza os xustos por erro, por invencible ignorancia. Acaso vós non vos trabucades nunca? Todos nos trabucamos, todos. O erro é o noso fatal compañeiro. Cando con el magoamos, dámoslle o nome de equivocación; cando por el o recibimos, chamámoslle iniquidade.

Outro dos erros que cometemos é dicir: «A tal culpa corresponde tal pena» e imaxinar que o xuízo de Deus se ha de axustar ao noso. Cometemos un gran

pecado, facemos un gran mal deses que a lei non pode ou non quere castigar; rezamos talvez distraídos algunhas oracións en penitencia, parécenos que a nosa culpa está perdoada e esquecémola, imaxinando que Deus tamén a esqueceu. Pasan días, pasan anos, a nosa vida non é exemplar, non reflexionamos para emendarnos, non procuramos reparar, facendo ben, o mal que fixemos. E se somos felices, non se nos ocorre nin por un momento a idea de que non somos merecentes da felicidade de que gozamos, tanta propensión ten o home a pensar que é digno de todo o ben que recibe. Daquela, acúsannos dun delito que non cometemos e condénannos os xuíces da terra. Nós clamamos ao Ceo, enxalzando a nosa inocencia como se fósemos xustos, como quen nunca pecou. Se da culpa de que se nos acusa somos inocentes, por que non lembramos aquela de que ninguén nos acusou e que non purgamos? Como non comprendemos que Deus nos pode mandar o merecido castigo en forma de calumnia e sentenza inxusta, como podería vir en forma de doenza ou perda de bens? Por que imaxinamos, insensatos, que a xustiza divina se parece á humana, que reserva a tal delito tal pena, nin máis nin menos? Por que cremos que o que le nos corazóns escribe a lei da súa xustiza en artigos que podemos interpretar claramente coa nosa intelixencia limitada? Por que pretendemos reducir a un mesquiño mecanismo os altos veredictos do Omnipotente? Inocentes encarcerados! Ou sufrides porque o merecedes ou sufrides para merecer. En calquera dos dous casos, sufride con resignación e purificádevos na proba. Credes acaso que é esa proba a máis dura a que pode someterse a virtude humana? Enganádesvos moito se así o crestes.

Escoitade. Vós padecedes sen que fixédes mal ningún; outros padecen porque fixeron ben, recibindo por cada aspiración sublime unha dor aguda; por cada santo desexo, unha pena acerba; por cada boa obra, un rudo escarmento: esta é a proba terrible, a proba das probas, e hai quen a sofre, hai quen a sofre, a utiliza e se santifica nela. Por ventura a xenerosa criatura que pode contemplar as súas virtudes como outras tantas fontes de dores e ve a súa abnegación perseguida pola iniquidade baixo as mil formas que lle pode dar a inxustiza humana desconfía da Xustiza Divina? Oh! Non. Como había pensar que Deus devolve mal por ben, cando só os homes máis perversos son capaces de tal maldade? Como había ter a insensatez culpable de imaxinar que se unha desgraza vén despois dunha boa obra é para castigala? Lonxe de loucura tan impía, persevera

no ben como o medio máis seguro de afastar de si todo mal e volvéndolle a Deus o corazón atribulado, pero repleto de confianza, dille: «Señor, fágase a túa vontade e bendita sexa a túa incompreensible xustiza». Dicideo tamén vós, meus irmáns, encarcerados inocentes; dirixídelles dende o máis íntimo da vosa alma esta breve oración e veredes como sobe ao trono do Altísimo e descende sobre vós en forma de esperanza e de consolo. Que Deus a envíe moi doce para a vosa acerba pena; que os anxos vos acudan para protexervos da desesperación; que os santos pidan e alcancen auxilios con que se fortaleza a vosa fe; que os mártires vos recorden dende o Ceo os tormentos que sen se laiaren sufriron sobre a terra, e pola paixón do Crucificado e as dores da súa inocente e afluxidísima Nai, aceptade as vosas como convén a un cristián. Encarcerados inocentes! Meus pobres irmáns! Meus desventurados amigos! Quen me dera que os homes visen a vosa inocencia! Quen me dera que alcanzásedes de Deus a paz que só El pode levar á vosa alma! Coitada alma suxeita a tan ruda proba! A miña achégase a vós e contempla as vosas amarguras e sente as vosas penas. Todas as dores do voso corazón vibran no meu; todas as vosas debilidades e extravíos atopan desculpa nel, si, que tamén é débil e fraco e só grande para amar. Quen puidera limar os pasadores e abrir as portas do voso cárcere! Quen puidera ao menos darlle liberdade ao voso espírito para que elevándose das miserias e as inxustizas pasaxeiras desta vida atopase a paz dos xustos que esperan na xustiza de Deus! Oh! Eu non hei poder tanto, eu non hei poder nada. É máis doado enviar consellos que consolos. Mais acaso a compaixón santa e bendita non é un bo consello para un malpocado? Recibide ao menos este que vos envío do máis íntimo da miña alma, e se non escoitades as miñas razóns, atendede as miñas bágoas e dicide: «Non desprezemos o que di quen ao nolo dicir chora».

Este libro acabouse de imprimir o 8 de marzo de 2020,
ano en que se celebra o bicentenario do nacemento de
Concepción Arenal

ISBN 978-84-17802-12-7



Esta nova edición de *A muller do porvir*, de dona Concepción Arenal Ponte, vén a lume con ocasión da conmemoración do segundo centenario do seu nacemento (Ferrol, 31 de xaneiro de 1820), enmarcada no ronsel de actos que o Consello da Cultura Galega, e a sociedade galega no seu conxunto, dedicará neste ano a lembrar e honrar a figura extraordinaria desta galega universal.

Volvemos a editala cando se acaba de cumprir o sesquicentenario da primeira edición (Madrid 1869), que é a que seguimos, na convicción de que se trata non só dunha obra de alto valor intrínseco e importancia histórica incuestionable, de coñecemento necesario para comprender e facer xustiza ao pensamento e labor de Concepción Arenal no seu tempo, senón tamén dunha obra plenamente vixente que contribúe a desmontar ese discurso contraditorio, nas leis e nos costumes, que privou e priva as mulleres de viviren en plenitude, desenvolvendo as súas capacidades, aspiracións e responsabilidades en condicións de igualdade coa outra metade da humanidade.

A obra con que nos unimos a esta pública homenaxe ten un valor engadido, porque reúne a crónica das «Conferencias dominicales» celebradas na Universidade de Madrid para a educación da muller —«un traballo de preparación indispensable e como o labor que se fai antes de botar o gran», dí ela— e as «Cartas aos delincuentes», destinadas a instruír acerca das nocións máis básicas que fundamentan o dereito, en especial o dereito penal.

